

Nº 173-174 • 20 €
Xullo 2015-Xuño 2016

TERRA E
TEMPO

Revista galega de
pensamento nacionalista

Rosa Aneiros
Justo Beramendi
Xosé Ramón Ermida Meilán
Carme Fernández Pérez-Sanjulián
María Pilar García Negro
Emilio Xosé Ínsua
Manuel Pazos Gómez
Teresa López Fernández
Francisco Rodríguez Sánchez
Federico L. Silvestre
Laura Tato Fontaña

1916 2016

A Xeración do 16

As Irmandades da Fala en Compostela



2ª EDICIÓN
28 / 29 / 30
outubro
2017

Xeados, foie, marmeladas, cervexas, viños, queixos, licores, galletas, carnes,
salsas e aderezos, tortas e doces, conservas, angulas...

Produtos selectos para unha feira do sabor. Valo perder?

ETIQUETA NEGRA

GOURMET GALEGO E INNOVACIÓN INSPIRADORA

Showcookings · Demostracións · Degustacións · Presentacións

Unha experiencia gastronómica para degustar Galicia

RECINTO FEIRAL DE PONTEVEDRA DE 11:00 A 20:30 H

www.etiquetanegragourmet.com / info@etiquetanegragourmet.com
facebook: [etiquetanegrafeiragourmet](https://www.facebook.com/etiquetanegrafeiragourmet) / instagram: [etiquetanegragourmet](https://www.instagram.com/etiquetanegragourmet)

Promove:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



Patrocinador principal:

Mahou
★★★★★

Patrocinadores:



Colaboran:

Tawi | Gadis | CIFP Carlos Oroza |
Martínez Blanco Vestuario Profesional |
Froiz | Gráficas Anduriña

COMERCIO E HOSTALERÍA
DE CARBALLO

a un paso!



Oficina de Promoción Económica e Emprego

CARBALLO A UN PASO
COSTA DA MORTE



**Carballo
Compromiso
Calidade**





Na memoria de Bautista Álvarez

Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

Edita

© Fundación Terra e Tempo
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20. Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1.º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
fundacion@terraetempo.gal
www.terraetempo.gal

ISSN 1575-5509

Depósito Legal C 1361-1995

Documentación gráfica
Xosé Ramón Ermida Meilán

Texto de contraportada
Lois Diéguez

Cadro de contraportada
Xavier Pousa

Corrección lingüística
Robert Neal Baxter

Deseño da cabeceira
Xosé Lois Vázquez

Deseño e maquetación
Diego Núñez

Fecha de edición
6 de outubro de 2017

Tiraxe: 1 000 exemplares
Impreso na Galiza



Padroado da Fundación

Roberto Vilameá Ponte (Presidente)

Alberte Mera García (Secretario)

Xosé Carlos Solla Lago (Tesoureiro)

Xosé Manuel Casal Sabín

Rubén Cela Díaz

Xoán Xosé Costa Casas

Marta Dacosta Alonso

María do Carme García Negro

María Pilar García Negro

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Montserrat Nóvoa Gómez

Mónica Pazos Martínez

Néstor Rego Candamil

Branca Rodríguez Pazos

Consello asesor da revista *Terra e Tempo*

Prof. Dou. Fernando Adolfo de Abel Vilela
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. Xosé Manuel Carril Vázquez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Uxío Breogán Diéguez Cequiel
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. M.^a do Carme García Negro
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. M.^a Pilar García Negro
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Robert Neal Baxter
(Universidade de Vigo)

Prof. Dou. M.^a Antonia Pérez Rodríguez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Francisco Rodríguez Sánchez
(I.E.S. Canido)

Prof. Dou. Xosé Manuel Sánchez Rei
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Manuel Soto Castiñeira
(Universidade da Coruña)

Prof. Bernardo Valdés Paços
(Universidade de Santiago de Compostela)

Presentación

Xornadas «As Irmandades da Fala en Compostela»

Polas razóns que a continuación expoñemos, a Agrupación Cultural O Galo de Santiago de Compostela levou a cabo as xornadas que, en moi boa medida, se recollen na revista *Terra e Tempo*. Estimamos unha obriga divulgar o labor das Irmandades da Fala con motivo da conmemoración do centenario da súa fundación en 1916. E avalíouse que o silencio ao que foron sometidas desde 1936 se converteu en determinante para que demasiadas galegas e galegos coñezan minimamente –ou descoñezan– o seu traballo, os seus postulados e as súas propostas para a consecución dunha Galiza con fachenda e decisión de seu, que controle e distribúa de xeito equitativo as súas riquezas.

Ao anterior cómpre engadir que dita asociación considerou un deber visibilizar a vontade e o pulo das Irmandades da Fala para subliñar e analizar a capacidade da nosa Terra para conservar e crear bens culturais ou para producir e xestionar bens materiais e inmateriais cos que medrase o nivel de vida e o grao de satisfacción das e dos galegos. Tivo presente a necesidade de difundir como, grazas a esa organización, agromaron entidades (ou proxectos) culturais e políticos, como a revista *Nós*, o Seminario de Estudos Galegos, o Partido Galeguista ou Estatuto de Autonomía de 1936; todos eles elementos que resultaron ser pezas decisivas para que o noso povo tomase consciencia de que posúe identidade e entidade propia, competencias, recursos e habilidades para gobernarse por si mesmo.

Aliás, a Agrupación Cultural O Galo coidou que, cen anos despois, un bo segmento do ideario e dos afáns das Irmandades da Fala segue vixente pero, de momento, con escasas probabilidades de pórse en práctica, e concluíu que os incumprimentos a respecto da súa implantación son motivos centrais na constitución das reivindicacións e das loitas das xentes de Galiza para que se lles recoñeza os seus dereitos e a súa identidade. Neste senso, baste lembrar só algunhas das actuais demandas que formulan un sector importante do noso povo:

1. Uso da nosa lingua en todos os ámbitos; conservación e achegamento á poboación da nosa cultura, e apostar para que a contemporánea se conforme baixo parámetros e poéticas do século XXI.
2. Salvagarda e dignificación da nosa identidade.
3. Posta en vigor dos dereitos políticos de Galiza como nación e a entrada desta nos máis altos organismos internacionais.
4. Renovación da nosa economía produtiva e financeira, baixo criterios de sustentabilidade, respecto á natureza e reversión de ganancias na nosa Terra.
5. Recoñecemento da igualdade e dos mesmos dereitos e obrigas para homes e mulleres.

As xornadas a que nos estamos a referir intituláronse «As Irmandades da Fala en Compostela», contaron con material gráfico propagandístico deseñado por Diego Núñez, cunha páxina web específica creada para a ocasión por Iria Méndez, xornalista que se

*Santa Galega de
Francisco Asorei*



encargou de todo o relativo á relación cos medios de comunicación. No que atinxe á asistencia, primaban con moito as mulleres e a idade estaba comprendida entre os 20 e os 55 anos. A temática das palestras axustouse á obra, propostas e actuacións das persoas pertencentes ás Irmandades da Fala, que tiñan vinculacións directas con Santiago; en evidenciar a pegada e a vixencia das suxestións e premisas que defenderon; en como este movemento político-social ergueu a cidade de Libredón a símbolo de Galiza. Por outra banda, os coloquios que se realizaron despois de cada un dos relatorios singularizáronse polo alto número de preguntas e de consideracións sobre o asunto tratado.

Tanto a Agrupación Cultural O Galo como a Fundación Terra e Tempo, informan que, por causas totalmente alleas á súa vontade, dos relatorios que tiveron lugar durante a celebración das Xornadas «As Irmandades da Fala en Compostela», na revista faltan por publicarse tres: o de Xosé Luís Axeitos «As relacións entre Manuel Antonio, Dieste e Castelao», o de Miguel Anxo Seixas Seoane «A editorial Nós» e o de Encarnación Otero Cepeda «As mulleres na Irmandade de Compostela», así como a descrición do itinerario do roteiro que discorreu polas rúas composteláns para ollar as casas ou lugares onde residiron, estudaron, escribiron, pintaron, esculpiron ou traballaron membros das Irmandades en Santiago, aínda que este itinerario se focalizou fundamentalmente en torno a Luís Porteiro Garea e Camilo Díaz Valiño.

Ademais do imprescindíbel patrocinio da Vicepresidencia da Deputación da Coruña, estas xornadas contaron co apoio da Mesa pola Normalización Lingüística, de Erguer e da Universidade de Santiago de Compostela que cedeu para levalas a cabo o salón de actos da Facultade de Filosofía, durante os días 13, 14 e 22 de outubro e 21, 22, 24 e 25 de novembro 2016.

A Agrupación Cultural O Galo agradece a cooperación das entidades citadas. Tamén agradece o seu tempo e a súa dedicación a todas e todos cantos colaboraron nas xornadas «As Irmandades da Fala en Compostela» e a Fundación Terra e Tempo de Estudos Nacionalistas amosa a súa ledicia por poder acoller nas páxinas da revista os relatorios das xornadas.

M.^a Antonia Pérez Rodríguez
Presidenta da Agrupación Cultural O Galo

Roberto Vilameá Ponte
Presidente da Fundación Terra e Tempo

A Xeración do 16

As Irmandades da Fala en Compostela

- 6 Emilio Xosé Ínsua**
Perfil republicanista do fundador das Irmandades da Fala
- 16 María Pilar García Negro**
Ramón Vilar Ponte, aínda un descoñecido
- 22 Francisco Rodríguez Sánchez**
Causalidade, obxectivos e vixencia das Irmandades da Fala
- 30 Manuel Pazos Gómez**
Luís Porteiro Garea, sementador de ideas
- 38 Justo Beramendi**
As Irmandades da Fala e o Partido Galeguista
- 46 Xosé Ramón Ermida Meilán**
Nacionalismo e sindicalismo na Compostela das Irmandades da Fala
- 54 Rosa Aneiros**
Coñecelo e recoñecelo: A estratexia comunicativa das Irmandades da Fala
- 62 Federico L. Silvestre**
As moitas paisaxes das Irmandades
- 74 Carme Fernández Pérez-Sanjulián**
Santiago de Compostela na narrativa de Ramón Otero Pedrayo
- 82 Laura Tato Fontaíña**
Os coros e o teatro en Santiago de Compostela coas Irmandades
- 88 Teresa López Fernández**
Sobre a poesía e os poetas nas Irmandades da fala

100

1916

2016



EMILIO XOSÉ ÍNSUA

Profesor e investigador

Perfil republicanista do fundador das Irmandades da Fala

Resumo

Ofrecemos un breve repaso da evolución do vector republicanista dentro do ideario socio-político de Antón Villar Ponte, destacando a súa forte presenza na etapa xuvenil, o seu abandono táctico durante a xeira «irmandiña», a súa recuperada prioridade no devalar da ditadura de Primo de Rivera e a súa concreción problemática no período da 2.^a República.

Palabras chave: Antón Villar Ponte, Irmandades, republicanismo.

Abstract

We offer a brief description of the evolution of the Republican aspect of Antón Villar Ponte's sociopolitical thought, highlighting its strong presence in the early stage, its tactical withdrawal during the Irmandiña phase, its renewed primacy in the final moments of the dictatorship of Primo de Rivera and its problematic concretion during the II Republic.

Key words: Antón Villar Ponte, Irmandades, republicanism.



© Arquivo da Real Academia Galega

Un dos esteos fundamentais do pensamento socio-político de Antón Villar Ponte (1881-1936) foi, sen dúbida, o republicanismo. Abrazouno xa na adolescencia, en reacción contra o seu medio familiar e social, profundamente católico e conservador. Secundando as actitudes de seu irmán máis vello, José Faustino, morto en agraz en 1904 de tuberculose, Antón fai unha lectura devota do federalista Pi i Margall, concorre ao Centro Republicano compostelán mentres estuda para boticario, anima na súa vila o colectivo «Germinal» e o semanario *Nueva Brisa* e envía os seus primeiros textos a *El Motín*, de Nakens, *Progreso*, de Lerroux ou o coruñés *El Combate*. Neste último (núm. 93) escribe en 1903 sobre a República como:

(...) la única forma de gobierno que pudiera salvar la patria porque es la única forma de gobierno fundada en la razón por completo, pues en ella no hay hombre deificado, no hay familia fuera de la ley, no hay clase fuera de la igualdad, no hay esa ficción que supone al hijo el genio ó la virtud del padre, absurdo de los absurdos, y dá a los unos la herencia del mando y la de la obediencia á otros.

A rogos de sociedades obreiras de Lugo escribe a súa primeira peza teatral, *El peso de una ley*, combatendo a redención a metálico do servizo militar e axuda á constitución en Viveiro, en outubro de 1902, do gromo sindical socialista «La Prosperidad». Instalado como boticario en Foz, o contacto con Leiras Pulpeiro supón a revelación dunha tradición republicana menos atenta ao meridiano de Madrid e máis identificada coa lingua e cultura propias. A nova coloración galeguista do seu pensamento expresárase a través de varios artigos na *Revista Gallega* de Galo Salinas, nas traducións dalgunhas pezas teatrais de autores cataláns e na confección do drama *A patria do labrego*. Desta época é o seu chamamento na citada revista para fundar unha «Liga de Amigos de Galicia», que cae en saco roto.

No entanto, o proceso de fundación da Academia Galega, que merece críticas pola súa parte no satírico *¡Guau... Guau!*, e mais a aparición da Solidaridad Gallega, abortarían provisoriamente esa deriva, pois Antón, que fecha por esa época a botica en Foz, adhire desde as planas de



Antón Vilar Ponte en Cuba

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: Jesús Díaz, Dámaso Pérez, Xerardo Iglesias, Vicente Ruiz, Pardiñas, o dramaturgo Borrás, o poeta e actor Jambrina, o mestre Chané, o caricaturista Bagaria, Mosquera e Antón Vilar Ponte. Cuba, 1909

Tierra Gallega ás teses dos contrarios á presenza republicana na citada plataforma, pretextando que aquela non era máis que un reforzo das posicións carlistas.

O seu fracaso profesional en *El País* devólveo por unha tempada á súa vila natal, onde colabora co periódico *Germinal* e se enfronta co director do integrista *El Eco de Vivero*, Jesús Noya. É agora cando se cuestiona a súa propia militancia, rexeitando a coalición dos republicanos locais de Díaz Freixo cos conservadores de Rebellón. Asiste ademais á crise da Unión Republicana, rota polos «reformistas» de Melquíades Álvarez e os «radicais» que lidera Lerroux. Cando Antón embarca en 1908 con destino a Cuba, xa non ten carné partidario...

A estadía no país caribeño marca o comezo dun longo período de accidentalismo táctico no seu pensamento. O ideal da República pasa a un plano moi secundario nas súas preocupacións políticas, viradas agora cara ao Agrarismo (coa matanza de Oseira como detonante) e cara ao Rexionalismo e esporeadas pola dinámica reivindicativa que lidera Cataluña e polo exemplo de capacidade auto-organizativa que lle ofrece a propia colonia galega emigrada.

No período previo á formación das Irmandades, o republicanismo está practicamente ausente da pluma e da voz pública de Antón, que fai fincapé na necesidade de que Galiza dispoña dunha organización que se defina polo amor e defensa do propio e que combata dúas serias lacras: o centralismo e o caciquismo. Desde esa base, irá decantándose cara unha definición inequivocamente nacionalista. Así, en 1914 escribe:

Pero en Galicia no cabe más que un sólo partido; el gran partido; la gran agrupación fomentadora del amor a la tierra y al idioma. Y este gran partido está por nacer todavía. Y a este partido hay que llegar creando antes el *idearium* del nacionalismo gallego, sintetizando en unas claras tablas representativas de valores históricos y sociales los anhelos y las aspiraciones propias que determinan concretamente la personalidad colectiva. Todo a base del idioma y todo a expensas del odio al centralismo absurdo, irracional que, cual nuevo Saturno, devora a los políticos gallegos (...).

O accidentalismo preside tamén a traxectoria de Antón na propia xeira «irmandiña». Como é sabido, en outubro de 1916 frustrouse unha alianza das nacentes Irmandades co republicanismo coruñés para resucitar a Solidaridad Gallega, co seu xornal *A Nosa Terra* como voceiro. A reivindicación da lingua galega foi o principal motivo de discrepancia. Como explicaría Castelao no *Sempre en Galiza*:

As Irmandades da Fala foron creadas por dous mozos saídos do republicanismo: Antón Vilar Ponte e Lois Porteiro Garea. ¿E qué fixeron os vellos [republicanos]? Ah, sí... moqueárense de nós, porque falábamos galego. O mesmo Santiaguito –así lle chamábamos entón a Casares Quiroga– non quixo enrolarse no noso movemento porque llo impedía o seu agudo sentido do ridículo. Pasamos varios anos a sufrir aldraxes dos republicáns de «Casino», convertidos, frente a nós, en aduaneiros do patriotismo hespañol. Causáronnos moito dano, porque sendo eles os únicos obrigados a comprendernos, eran, xustamente, os que nos acusaban de

«O accidentalismo preside a traxectoria de Antón na propia xeira irmandiña»

separatistas e retrógrados. Compre decir que algúns sentíanse compasivos e sóio nos chamaban ilusos, tolos ou parvos.

É significativo que algúns intentos de forzar unha explícita nota pro-republicana fosen finalmente rexeitados nas sucesivas asembleas *irmandiñas*. A evolución de Antón a posicións arredistas, a partir do segundo semestre de 1921, reforzará esa indolencia a respecto do preito republicano en coordenadas hispanas. Apostará entón por unha colaboración agrario-nacionalista para a salvación do país e defenderá a táctica abstencionista da Irmandade Nacionalista Galega (ING) de Risco, en oposición á maioría da Irmandade herculina. En *La Zarpa* (núm. 272) escribe:

Nós non cremos mais que nos galegos que sexan só galegos; nos galegos que ollan con desprezo e con noxo, maor cada data, a toda a política e a todol-os políticos do hespañolismo [...]. Irmáns nazionalistas, irmáns agrarios: guerra aos políticos e aos politiqueiros galegos. A nosa única política salvadora (non é paradoxa) é a do apolitiquismo.

No traballo intitulado «Cristalizacións. Os agricultores hespañoles contra dos galegos» (*La Zarpa* núm. 584), avaliando a política governamental de protección arancelaria lesiva para os intereses agro-gandeiros galegos, Antón reitera:

(...) que Galiza é unha colonia de Hespaña. Outra vez probado que Galiza c'ó actual Estado hespañol nunca deixará de ser unha colonia asoballada e escrava espiroal e materialmente. Outra vez

probado que tódol-os problemas galegos arrincan d'un problema nazionalista e que somentes pol-o nazionalismo han poder resolvérense. Outra vez probado que os nosos problemas teñen que ser estudados en galego e resoltos en galego e que nunca poseerán forza, capacidade e autoridade pra os resolveren aqueles que pensen tanto coma nas cousas da súa terra no seu trunfo en Madrí. E eisí son a maoría dos escritores e políticos galegos que se chaman galeguistas e rexionalistas.

Mentres a Irmandade coruñesa, con Peña Novo á fronte, tentaba tecer nesa altura alianzas con agrarios, republicanos e reformistas, Vicente Risco non podía ser máis claro nin explícito nunha das súas achegas á revista galaico-bonaerense *Terra* (1923) sobre a posición da ING:

O Nazionalismo galego reprobaba e condena a autuación en Galiza de todol-os partidos polítecicos hespañoles sen excepción ningunha, dos do poder e dos da oposición, dos da dereita e dos da esquerda, dos da monarquía e dos antidinásticos, aos que denuncia coma desorientadores da opinión galega, como contrarios á espresión libre e conscente da vontade do noso pobo, e coma descoñecedores dos nosos problemas que pospoñen aos seus intreses de partido (...). Galiza nada pode agardar d'íles.

A efémera colaboración de Antón coa ditadura primorriverista, en calidade de concelleiro na Corporación municipal herculina entre febreiro e marzo de 1924, marca o inicio dunha profunda revisión ideolóxica autocrítica pola súa parte, que o leva a propoñer en 1925 a creación dun partido



de ámbito galego liberal (= democrático) e autonomista, que non chegou a callar, e a participar cada vez máis activamente, a partir de 1926, nos movementos que se axitan na clandestinidade en todo o Estado contra o réxime e contra o monarca que lle dá sustento. Resulta revelador, por iso mesmo, o seu aplauso á constitución en marzo de 1926 do Partit Republicà Català, de Lluís Companys, unha forza con orientación federalista e total autonomía a respecto das organizacións republicanas de ámbito estatal.

A chegada á Coruña como exiliado, en 1927, do ex-presidente portugués Bernardino Machado prende a faísca da loita aberta pro-democrática, republicana e antiditatorial na cidade herculina. A esa loita sumarase o groso da Irmandade coruñesa (Ánxel Casal, Vítor Casas, Alfredo Somoza...), co importante regreso ás súas fileiras de Antón Villar Ponte.

O de Viveiro participa en primeira liña na constitución da Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA). Ánxel Casal explicáballe por carta a

- ◀ Micaela Chao, militante da Irmandade da Fala da Coruña e compañeira de Antón Vilar Ponte, canda outras irmás como Elvira Bao, Carme Chao, Carme Meléndrez, Tulia Meléndrez, Luísa Castelo e Vítor Casas. A Coruña, 1921

Ramón Villar Ponte, o 5 de setembro de 1929, as xestións que seu irmán Antón, el propio e outros nacionalistas estiveran a realizar na Coruña para a fundación desa nova plataforma:

(...) dirixida pol-os nazionalistas por verbo d'Antón, unha orgaización pra traballar en Galiza e por Galiza sin agardar nin ter nada que ver con Madri e que como non se chama nazionalista (inda que o sexa) permitirá que moitos veñan a ela traballar pol-as nosas cousas, tendo ademais certa liberdade que en ningún caso concederían a ningunha actuación nazionalista.

Esta converxencia quíxose facer extensiva no transcurso da VI Asemblea Nazionalista, celebrada na Coruña en febreiro de 1930. O criterio defendido por Castela, Risco, Otero Pedraio e Paz Andrade, finalmente triunfante nesa Asemblea, foi no entanto o de «ficar formando un núcleo nacionalista para nós» e crear unha organización de «galeguismo puro sin adxectivos republicáns», en palabras de Otero Pedraio. Por contra, Ramón Suárez Picallo defendería a entrada masiva de nacionalistas na ORGA:

Os nacionalistas galegos deben influir na nova entidade coa ideoloxía redentorista e vixiar e controlar as suas pulsacións de neta emoción galega. Poden-o facer. Porque a ORGA –organización republicana galega autonomista [sic]– naceu ao marxe do vello republicanismo oco dos «casinos», ausolutamente estrano á nosa espiritualidade galega. A súa afirmación d'autonomía, frente ó republicanismo

dirixido dende Madri, indica o senso galego dos seus organizadores [...].

Os elementos nacionalistas, atuando disciplinadamente c'unha liña d'ourentazón firme, n-unha entidade nova, democrática, liberal, con emoción galega, poden infruirla [sic] de xeito definitivo do ideal galeguista, controlar a súa acción e mandar á súa dirección homes de probada lealtade pra súa Terra (...).

Tanto a ORGA como a Federación Republicana Galega (FRG) saída en marzo de 1930 do Pacto de Lestrove, apostarán por unha República federal, un ideal que Antón defende porque nel «collen todol-os homes liberaes e d'izquierda da nosa terra». Tamén seu irmán Ramón, noutrora un dos máis «puristas» dentro da INC, defendeu nesa altura as mesmas orientacións, consciente do dilema político principal que se dirimía:

A unha banda se nos amostra o réximen monárquico, ateigado de negacións, intransixente, non disposto a variare endexamais a postura cal si temera que coa

«O deputado por Coruña Antón Villar Ponte erixiuse durante o período constituínte nun dos representantes populares máis decididamente partidarios da fórmula federal»

«Antón ten moitísimo a ver directamente coas tres iniciativas que se puxeron en marcha entre 1931 e 1933 para tentar dotar Galiza de Estatuto autonómico»

variación puidera acaecere o derrumbamento. E á outra banda se nos ofrece o réximen republicano acolledor, disposto espontaneamente ás concesións (...). Non caben, pois, antre nós, as dúbidas.

O segmento do nacionalismo galego (con Castela cada vez máis afianzado no seu liderado) que desconfiou da sinceridade federalista e autonomista da ORGA preferiu lanzarse á recomposición orgánica mediante unha miríade de agrupamentos, que só moito máis tarde chegarían a fundirse en decembro de 1931 no seo do Partido Galeguista. A propia aposta pública por unha mudanza de réxime demorou neste sector do nacionalismo ata as mesmas vésperas das transcendentais eleccións municipais do 12 de abril.

O deputado por Coruña Antón Villar Ponte erixiuse durante o período constituínte, dentro da minoría republicana galega nas Cortes, nun dos representantes populares máis decididamente partidarios da fórmula federal. Xa en 1930 sinalara que:

Para mí el problema político más importante de España es el que se refiere a su estructuración estatal conforme a las exigencias particularistas de los diversos pueblos que integran el conjunto de la Península.

Por entenderlo así, yo preferiría como Pi y Margall a una República unitaria una Monarquía federal. Porque una monarquía o una República federal, aparte la serie de concesiones ventajosas que confieren a los Estados de que se componen, hacen difícil, por no decir imposible, en pueblos de larga tradición como los de Europa (en América las

cosas ocurren ya de distinto modo) el imperio de una dictadura o de un régimen absolutista.

Mais o certo é que o que se aprobou finalmente na Constitución foi unha República unitaria, todo o máis disposta a conceder, previos requisitos leoninos, algúns réximes autonómicos. Antón, en todo caso, ten moitísimo a ver directamente coas tres iniciativas que se puxeron en marcha entre 1931 e 1933 para tentar dotar Galiza de Estatuto autonómico: a Asemblea da FRG do 4 de xuño na Coruña, o chamado «Estatuto dos Parlamentarios» e a Asemblea de Concellos celebrada en Compostela en decembro de 1932. A actitude desde o Goberno do seu xefe de fileiras, Casares Quiroga, a pasividade de boa parte do seu partido e a fechada oposición de dereitistas, lerrouxistas, socialistas e da maior parte dos xornais diarios (*La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Ideal Gallego, El Progreso...*) cara á causa autonomista, estragaron sucesivamente as tres posibilidades e colocaron Antón nunha difícil posición política, que algúns galeguistas (Vitor Casas, Bóveda...) non deixaron de criticar e atacar explicitamente. En resposta, o de Viveiro argumentará, en maio de 1932, que:

fun dos fundadores da ORGA e da Federación Republicana Galega. Por ésta e por aquéla teño a acta de diputado. No seu seo represento a tendencia francamente galeguista. Francamente galeguista e francamente republicana d'izquierda. Ó se constituír un partido republicano, autónomo e autonomista coa maioría dos elementos que loitaron para axudar á imprantación da República, eu cometería un acto impolítico si abandoase agora as súas fías. Si o novo



Velando a Antón Vilar Ponte. A Coruña, 1936

De esquerda a dereita e de diante a atrás: Elvira Bao, Trindade Villalón, Agripa e Amparo López Jean

partido [PRG] é fiel ó seu programa, o meu posto de home consecuente está nil. N'outro caso cumpriría c'ó meu deber.

Preterido no seo do PRG como candidato nas eleccións do 19 de novembro de 1933, Antón solicita publicamente o voto para Otero Pedraio nas planas do *Heraldo de Galicia* ourensán:

Si eu tivera voto n'Ourense daríallo a Otero Pedrayo. Son home d'izquierda. Funo sempre e sempre o serei. Pero íl, inda que católico, no é home de dereitas. Sinte e pensa no orde político com'ó mais radical republicano. Non acocha baixo a bandeira do catolicismo a ucha dos intereses terreales. Non busca na relixión un freno que faga dos probes o instrumento d'esplotación dos ricos.

O resultado nas urnas, co triunfo de cedistas, lerrouxistas e calvosotelistas, dispara todas as súas alarmas. Antón abesulla claramente que a República está en perigo e maniféstase partidario de adiar a celebración do plebiscito estatutario.

A táctica que cumpría adoptar era, na súa opinión, proceder á inmediata creación do que el propio chamará «bloque de la dignidad civil», unha unión de todos os republicanos galegos federalistas e autonomistas de esquerda que, sen dependencias centralistas, traballase intensamente polo desmantelamento das estruturas caciquís e pola obtención dun Estatuto autonómico. En febreiro de 1934, un mes antes de pedir o ingreso no PG, escribe:

Todo partido político honesto que desee que Galicia se transforme deixando de ser un país incivil para transformarse en una democracia europea, tiene que sentirse, pues, partidario de la autonomía.

Sólo por ese camino podremos europeizar-nos para acabar siendo un inexpugnable baluarte republicano.

Finalmente, a finais de agosto de 1934, Antón empregará as columnas de *El Pueblo Gallego* para expresar a súa íntima satisfacción por ingresar no Partido Galeguista, unha forza que:



Antón Vilar Ponte, canda outros deputados galegos como Daniel Castelao, Ramón Suárez Picallo, Ramón Otero Pedraio, Manuel Martínez Risco, Alexandro Rodríguez Cadarso e Afonso Pazos Cid. Madrid (España), 1931

ya está en la izquierda desde que nació, porque nació auténticamente republicano y con diputados en el parlamento que demostraron amor a las clases humildes y trabajadoras, conocimiento de los problemas gallegos y devoción por la justicia y las esencias democráticas [...]. Pues bien; un partido que proclama y practica la civildad por sobre todo, y rige democráticamente, y no atrae a nadie que sea ambicioso con supintas [sic] influencias, sino que lo rechaza, se preocupó de que se les haga justicia a los humildes, militen o no en sus filas y exige sacrificios a sus adheridos, y no busca cargos para éstos, y acepta en materia social los mayores avances compatibles con la democracia, y ofrece soluciones concretas para los problemas gallegos, y se manifiesta francamente dictatorial, antifascista e antiimperialista y procura atraer antes que a nadie a los jóvenes, aunque no tengan voto (interesándose éstos sobre todo, con lo cual prueba su noble y generoso mentorado de escuela de educación ciudadana) y da poderes electorales a cuantos los solicitan por muy radicales que se sientan, y hace de la comunión política un nexo de fraternidad verdadera; un partido que responda a todo esto y afirme su resolución de defender la República del 14 de abril con cuanto pueda, ¿es de derecha o de izquierda?

Pues ese es el Partido Galleguista en que milito con orgullo.

O 4 de marzo de 1936, presentándose en forma de fulminante perforación gástrica, A Parca impediría finalmente que Antón coñecese a gloria do triunfo do SI no plebiscito autonómico galego do 28 de xuño e o inferno de Atila en Galiza a partir do 18 de xullo dese fatídico ano. ●

Bibliografía

- AXEITOS, VALIÑO, R. (2015): «Verbas violentadas: tres pequenas batallas de Antón Villar Ponte contra o control ideolóxico do discurso público. I e II», en *A Trabe de Ouro* núm. 101 (xaneiro-marzo), páxs. 33-45 e núm. 102 (abril-xuño), páxs. 13-29. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- CORES TRASMONTA, B. (xuño de 1977): «Tras el 'Día das Letras Galegas'. Villar Ponte y la fundación del nacionalismo gallego», en *Tiempo de Historia* núm. 27. Madrid: Prensa Periódica, S.A., páxs. 70-81.
- CUADRIELLO, J. D. (xaneiro-febreiro-marzo de 1999): «Presencia de Antón Villar Ponte en Cuba», en *Grial* núm. 141. Vigo: Galaxia, páxs. 91-110.
- FERNÁNDEZ, C. (1999): «Na orixe da nova dramaturxia e do teatro galego moderno: A patria do labrego (1905), de A. Villar Ponte», en ÁLVAREZ, R. e VILAVEDRA, D. (coords.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Tomo II. Literatura. Santiago de Compostela: USC, páxs. 457-482.
- GARCÍA, X. L. (ed.) (1978): *Discursos parlamentarios (1931-1933)*. Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Vilar Ponte. Sada: Edición do Castro.
- ÍNSUA, E. X. (1998): «Introdución», en VILLAR PONTE, A. *Entre dous abismos. Nouturnio de medo e morte*. A Coruña: Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado núm. 3.
- (2002a): «Introdución», en VILLAR PONTE, A.: *A patria do labrego/Almas mortas*. A Coruña: Biblioteca 120, La Voz de Galicia.
- (2002b): «Contexto, peripecia e contido de dúas pezas menores do teatro de Antón Villar Ponte:

- A probiña que está xorda e A festa da malla», en *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2002*. Santiago: Consello da Cultura Galega, páxs. 45-102.
- (2004): *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue*. Santiago: Centro Ramón Piñeiro. Cadernos núm. VII.
- (2005): *Sobre 'O Mariscal' de Cabanillas e Villar Ponte*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado-Universidade da Coruña.
- (2006): *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. Contributos para a historia crítica dunha institución centenaria*. Vilaboa: Edicións do Cumio.
- (2007): «Antón Villar Ponte», en ANEIRO, R.; X. LÓPEZ GARCÍA e V. F. FREIXANES.: *Xornalistas con opinión. 20 biografías*. Vigo: Galaxia, páxs. 155-195.
- (2016a): *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía Edicións.
- (2016b): «Galiza. República. Lingua. Esquerda. Esteos ideolóxicos e perfís cívico-culturais do labor prometeico de Antón Villar Ponte (1881-1936)», en FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (ed.). *As Irmandades da Fala, cen anos despois*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, páxs. 35-57.
- ÍNSUA, E. X. e NUEVO CAL, C. (2003): *O primeiro Antón Villar Ponte*. Lugo: Fundación Caixa Galicia-El Progreso.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X. (2016): «Recordo dos Villar Ponte: Antón e Ramón», en COCHÓN, L. (coord.). *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Xerais, páxs. 77-96.
- MONTERROSO DEvesa, X. M.^a e BERAMENDI GONZÁLEZ, J. (s. d.): «Villar Ponte, Antón», en *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo xxx. Xixón: Silverio Cañada (ed.), páxs. 136-137.
- NAYA PÉREZ, J. (1978): «Lembranza de Antonio Villar Ponte», en *Revista do Centro Galego*. Barcelona.
- PIÑEIRO LÓPEZ, R. (12-19 de maio de 1977): «A significación política de Antón Villar Ponte», en *Teima* núm. 22, páxs. 38-39.
- TOBÍO FERNÁNDEZ, L. (28 de febreiro de 1986): «Lembranza de Antón», en *Heraldo de Viveiro*. Viveiro.
- VARELA PUNHAL, R. (1994): «Relaçons Galiza-Portugal em Antom Vilar Ponte», en *Agália* núm. 38, páxs. 163-177.
- VÁZQUEZ SOUZA, E. (2001): «Notas de contexto a unha peza inconclusa», en VILAR PONTE, A.: *Xuana de Vega ou 'Os Mártires'*, Santiago: Laiovento, páxs. 23-44.
- VIEITES, M. F. (1997): «Villar Ponte na literatura dramática galega», en VILAR PONTE, A. *A festa da malla*. Vigo: Xerais. Col. Os libros do Centro Dramático Galego núm. 21. Edición de Noemí Pazó e Dolores Vilavedra.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega*. Tomo I. Autores. Vigo: Galaxia.
- VILAR PONTE, A. (1971): *Pensamento e Sementeira*. Buenos Aires: Eds. Galicia do Centro Galego, edición a cargo de Fernández del Riego.
- (2003): *100 artigos*. A Coruña: Biblioteca Gallega de La Voz de Galicia.
- VILLARES, R. (1997): *Figuras da nación*. Vigo: Xerais.



MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Universidade da Coruña. Grupo ILLA

Ramón Vilar Ponte, aínda un descoñecido

Resumo

Ramón Vilar Ponte (Viveiro, 1890-A Coruña, 1953) ha de ser reivindicado como o principal pensador e creador de doutrina política do nacionalismo galego de pre-guerra. Fundador das Irmandades da Fala, o seu volume *Doutrina nacionalista*, xestado no fin da 1.^a Guerra Mundial e editado en Ferrol (1921), constitúe unha síntese da razón de ser e da necesidade do nacionalismo galego nacente. No relatorio, salientaremos as súas principais achegas e resumiremos algunhas das incluídas na súa bibliografía, nomeadamente nas contidas no discurso que Ramón Vilar Ponte proferiu no ingreso no Seminario de Estudos Galegos, en 1926, «Sentimento nacionalista e internacionalismo», de grande atractivo e vixencia.

Palabras chave: Ramón Vilar Ponte, doutrina nacionalista, historia das Irmandades da Fala, homenaxe a Castelao.

Abstract

Ramón Vilar Ponte (Viveiro, 1890 - A Coruña, 1953) is to be revered as a key thinker and creator of the political doctrine of pre-War Galizan nationalism. Founder of the Language Brotherhoods, his work entitled Nationalist Doctrine, produced at the end of World War I and published in Ferrol in 1921, is a synthesis of the reasons and the needs behind the emerging Galizan nationalism. This paper highlights his main contributions, briefly discussing several taken from his published writings, notably the contents of the fascinating speech that Ramón Vilar Ponte delivered upon entering the Galizan Studies Seminary in 1926 entitled Nationalist and Internationalist Feeling, which remains as relevant today as ever.

Key words: Ramón Vilar Ponte, Nationalist Doctrine (book), history of the Language Brotherhoods, tribute to Castelao



© Castelao na luz e na sombra

En artigo de 1990, José M.^a MONTERROSO DEVESA (2016: 10-11) lembraba dúas efemérides daquel ano: o cincuentenario do falecemento de Manuel Lugo Freire e o centenario do nacemento de Ramón Vilar Ponte. Titulaba o artigo «Ramón Vilar Ponte, outro esquecido» e nel lamentaba a amnesia histórica que atinxe a tantas personalidades galegas e, entre elas, a do irmán menor dos Vilar Ponte, «un dos cumes do noso pensamento» (*ibidem*) nas súas palabras. Relembramos esta denuncia no ano 2016, en que se cumpriron cen da fundación das Irmandades da Fala, asemade homenaxeamos o autor do artigo mencionado, quen si se preocupou a aquela altura de editar, xunto co profesor Beramendi (1991), dúas obras do noso escritor, a *Doutrina nacionalista*, de 1921, e o *Breviario de Autonomía*, de 1933, ambas en versión facsimilar. Dezaseis anos separan este volume do que tivemos a oportunidade de editarmos, en 2007 por tanto, sob o título de *Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte*¹,

¹ Fican pendentes de edición, que agardamos completar en breve, senllos volumes que recollan a súa *Historia sintética de Galicia* e os artigos de prensa.

▲ Homenaxe a Castelao en Lugo. 1932

Atópanse, entre outros, Daniel Castelao, Lugo Freire, Antón Vilar Ponte, Ramón Suárez Picallo, Ramón Otero Pedraio, Ramón Vilar Ponte, Manuel Banet Fontenla, Francisco Fernández del Riego, Ánxel Fole, Carlos Maside, Ánxel Casal, Manuel Beiras García, Xoán López Durá, Xosé Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Rodríguez Somoza, Plácido Castro, Rodríguez Cadarso, Xesús San Luís, Arturo Cuadrado, Xosé Pasín, Vázquez Campo, Ramón Martínez López, López Pol, Peña Rei e Reinaldo Moscoso

con inclusión das dúas obras que acabamos de mencionar, máis outros dous discursos do autor de extraordinaria relevancia: «O sentimento nacionalista e o internacionalismo» (1926) e «A xeración do 16» (1951). O primeiro correspóndese co seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos. O segundo –editado polos fillos Xaime e Teresa en 1977, pago por eles– recolle o discurso de ingreso na Real Academia Galega do noso autor, integramente en galego, *conditio sine qua non* imposta polo autor para formalizar a súa pertenza a esta institución. Vinte

«Chama a atención a conciencia que Antón Vilar Ponte posúe verbo da magnitude e intensidade do movemento (...) que, na altura, só contaba con dous anos de vida. Acrescenta como neles, nese bienio, se falara máis galego culto que antes nun século»

► Carné de afiliado de Ramón Vilar Ponte

e sete meses despois deste ingreso, falecía, na Coruña, Ramón Vilar Ponte, polo que este texto acada carácter testamentar.

Acudamos a un testemuño de valor intransferíbel. Trátase da recordación que o seu irmán máis vello, Antón, realiza nas páxinas d' *A Nosa Terra*, co gallo de celebrar os dous anos de existencia das Irmandades da Fala:

Si queremos unha Galicia con personalidade reconecida, si queremos unha Galicia nosa, e si queremos sere nós nosoutros mesmos, temos que cultivarnos en galego, emborcando o espírito da infancia e da mocidade no molde redentor do noso idioma. Do noso idioma que nos abre magnánimo e fecundo as portas dos corazóns de moitos millós de almas que se espresan no portugués irmán... ¡Fermosa e práctica cultura a dos nosos señoritos e a dos tristes Gobiernos centralistas que nos arredou e sigue arredándonos de Portugal e do mundo portugués cada ves mais!

As «Irmandades da Fala» naceron pra reitificar todos estes erros crimiñas e suicidas. *O iniciador d'elas foi Ramón Vilar Ponte, irmán meu* [cursiva nosa]. A iniciativa súa recollina eu e leveina a un folleto, que patrocinaron, primeiro que ninguén, Aurelio Ribalta, galleguista de sempre, Manoel Lugo, rapaz do enxebrismo e Lois Porteiro, rapaz representativo da nova intelectualidade da terra. (VILAR PONTE, A., 1918)

Chama a atención a conciencia que Antón Vilar Ponte posúe verbo da magnitude e intensidade do movemento (se o queremos expresar con vocabulario sismolóxico) que, na altura, só contaba con dous anos de vida. Acrescenta como neles, nese

bienio, se falara máis galego culto que antes nun século. Reclama a condición de «homes históricos», porque ofreceron á Galiza un pensamento propio, unha vontade propia e un sentimento propio. Grazas a eles, sostén, «os nosos fillos terán unha patria». A atribución a Ramón, seu irmán, da idea orixinal, fica clara, como se ve, nesta evocación de Antón, chamado a ter un protagonismo público-xornalístico moito maior.

Deamos agora un grande chouto temporal. 33 anos despois, en 1951, Ramón escolle, como xa indicamos, «A xeración do 16» como tema do discurso de ingreso na Real Academia Galega. Todo mudara brutalmente desde aquelas datas auroras da segunda década do século xx. No 4 de marzo de 1936 morrera Antón, falecemento prematuro que o librou dunha condena a morte certa nese ano en que todo o terror se desatou sobre a nosa terra. Desposuído do seu patrimonio, trasladado do Viveiro natal á Coruña, para Ramón e a súa familia comeza o exilio interior, a apurada sobrevivencia, até a súa propia morte, en 1953, non sen antes recibir unha contundente malleira de elementos *falangistas* que sabían ben que cumpría eliminar e a quen. Por iso, o discurso que mencionamos cobra todo o valor dunha re-ligazón, dun afán insubornábel por reatar a historia galega tan abruptamente xebrada pola guerra civil española, o seu desenlace e as súas consecuencias. É moito máis do que unha homenaxe aos seus compañeiros de xeración. Combate a saudade ofrecendo –moito máis para nós, o futuro, do que para o presente facareño dos anos cincuenta– aquel painel de novidades e de rupturas nacionais que as Irmandades iniciaran e levaran a termo. É, pois, unha clara mensaxe patriótica de confianza na



potencia da auto-organización e na necesidade de ela volver existir. Rememora Ramón a atmosfera en que xacía a nación cando eles se dispuxeron a fundar as Irmandades como revulsivo e como precisa ferramenta de revolución nacional, desde e a través do uso da lingua como símbolo maior da defensa do país e da súa especificidade. Afirmo que a Galiza «semellaba acharse no tronso fatal dos condenados dantescos», «xunguida ao carro dun sistema natural e infecundo», nun vivir cada vez menos seu, máis alleo e máis propenso a aumentar o autodesprezo dos nativos e dos foráneos. Non desdeña a preciosa herdanza recibida (a literatura do Primeiro Renacemento), mais si subliña como as Irmandades se propuxeron dar corpo a «un cultivo sistemático, premeditado», da lingua galega, en todos os campos da expresión individual e colectiva, incluído o da conversa intelectual e profesional.

Emociona lermos o painel patriótico que vai debuxando o inminente académico: de Antón Vilar Ponte a Castelao (morto o ano anterior); de Lugrís Freire a Cabanillas; de Lois Porteiro Garea ao boletín *A Nosa Terra*, cabeceira recuperada –xa

integramente en galego (obras son amores...)– en 1916; das coleccións de novelas como *Lar e Céltiga* á programación teatral, que ten toda a traza dunha auténtica programación cultural con vocación masiva; de Xaime Quintanilla a Rafael Dieste; de Roberto Blanco Torres a Xoán Vicente Viqueira; de Luís Amado Carballo a Manuel Antonio; do Conservatorio do Teatro Galego ao Seminario de Estudos Galegos; do labor universitario de Armando Cotarello Valledor ao renacer das artes plásticas. Como ben se bota de ver, o autor está a render un completo tributo de xustiza poética a todos os esforzados artífices e protagonistas do Segundo Renacemento da cultura galega e da construción do nacionalismo político: mortos prematuramente; exiliados e falecidos á forza fóra da terra; fusilados-paseados.

Singular valentía cobra a evocación de Castelao, verdadeira síntese artístico-política proferida nun tempo en que o nome do grande patriota era tabú, con prohibición censorial expresa de mencionar calquer mínima achega súa á política galega (un debuxante, en fin, precisado de lle seren perdoados os seus pecados). Sintamos como Ramón combate



Asemblea Nacionalista de Monforte. 1922

De esquerda a dereita e de abaixo arriba:
Daniel Castelao, Xaime Quintanilla, Antonio
Sánchez González, Ánxel Casal, Antón Vilar Ponte,
Roberto Blanco Torres, Ramón Otero Pedraio,
Afonso Vázquez Monxardín, Manuel Antonio,
Lustres Rivas, Ramón Vilar Ponte, Uxío Charlón Arias

o escisionismo cultura/política que, de por parte, xa fora ensaiado polo piñeirismo no interior da nación (eximio artista; ser humano eticamente superior; mal político) en liña coa operación liquidacionista do nacionalismo galego. Así se pronuncia Ramón:

Cando o xurdimento das Irmandades da Fala se efectúa, Castelao, que xa era pai dun labor artístico de alto e sobresaliente valor, arrequede a súa produción e, se cabe, mellóraa. E ao melloral e facela máis intensa, o xenial artista decátase de que dentro del hai un poder creador que, crebando os valados dentro dos que até entón vivira, se amplifica e dilata. E o noso Castelao xa non é daquela só o deseñador feliz, saturado de galeguidade, cuxo lapis ten nas súas mans meigas un valor de proselitismo e ensino formidábeis, senón que, facendo irrupción no campo das letras, consegue aquela categoría de escritor e tribuno coas que a súa personalidade egrexia se adobía, para finar converténdose no home de acción polifacético que aparece colocado por dereito propio no plano altísimo dos auténticos apóstolos e recreadores da renacementa galega.

Castelao, pois, e tendo en conta o que antes dixemos, sen deixar de ser un precursor da galeguidade na acción e ao mesmo tempo unha derivación nidia e afortunada daquel ambiente que as Irmandades crean, merece por iso, en xustiza, ser considerado como unha das máis cualificadas personalidades que integran o que nós chamamos Xeración do 16. Non obstante, o grande artista, esporeado polo seu exemplar fervor galego, xa se non limita a ser simplemente o que era, senón que ensaia novos camiños. E o que só era un artista inspirado, un mestre exquisito da liña, terá de ser adiante arqueólogo,

historiador afortunado, ensaísta fondo e completo, crítico de arte, conferenciante e literato orixinal que xoga á creación dun estilo, no que non se sabe que admirar máis, se a limpeza maxistral da súa expresión, ou o emprego depurado da feliz fantasía creadora. Todo aquilo, en suma, que fai da súa obra algo vivo e non superado, cuxo recendo e sabor racial a transforman nun suceso único, dunha importancia excepcional (BLANCO et alii: 2007: 218).

Á vista de semellante retrato, ben podemos comprender que esta existencia *oral* do discurso non coñecese versión editada pola Academia, existente só –como xa indicamos *supra*– vinte e seis anos despois! (1977), custeada polos seus fillos. Nen sequer unha prosa conmovente e á forza autocensurada podía ter circulación publicada nos anos cincuenta, sesenta e, aínda, boa parte dos setenta, con reivindicacións como as que contiña este texto cheo de amor, de verdade e de coraxe. É, sen dúbida, o primeiro retrato certo de Castelao escrito, en data tan temperá, no interior do país.

Mais non acaba aquí este prodixio de afouteza e de homenaxe activa (traída ao presente e proxectada ao futuro desexado) ao nacionalismo galego de pre-guerra. O remate do discurso, que a seguir reproducimos, é un contundente reclamo da validez do mesmo, do nacionalismo organizado politicamente, que existía alén-mar, en terras americanas (derradeira década da vida e actividade de Castelao en Buenos Aires; Consello da Galiza [Montevideo, 1944]) e que entra en confronto directo cos presupostos e a política abandeados por Ramón Piñeiro e adláteres no interior. Este derradeiro parágrafo é, na realidade, unha emenda á totalidade



Ramón Vilar Ponte.
Viveiro, 1926

«Deamos agora un grande chouto temporal. 33 anos despois, en 1951, Ramón escolle (...) "A xeración do 16" como tema do discurso de ingreso na Real Academia Galega. Todo mudara brutalmente desde aquelas datas auroras da segunda década do século XX»

desta operación, subliñada intertextualmente, aliás, cunha homenaxe implícita, máis unha vez, a Castela, coa cita pondaliana igualmente usada por este en discursos seus (cita inicial do «Libro Terceiro» de *Sempre en Galiza*, por exemplo):

Chegamos, pois, ao remate do noso traballo. Mais antes de findalo nós ceibamos a ollada por riba do mar para pousala nas terras do alén *onde o labor fecundo de galeguización, que o inesquecibel Castelao intensificara como ninguén, se acha hoxe en plena realización... E nós fitamos con ledicia aquelas terras, especialmente as arxentinas e uruguaias, onde a forza expansiva do actuar irmandiño se acha hoxe no seu apoxeo* [cursiva nosa]. E abesullan-do por cima das augas que percorren os camiños innumerábeis de que falou o poeta, a nosa ollada fita unha Galiza ultramarina, que agora nos cómpre saudar con emoción e gratitude, traballando arreo, intelixentemente, febrilmente, ateigada de fe e acugulada de lóxicas esperanzas, para arranxar aquel intre feliz de reconquista. Para facer realidade viva, operante e fecunda, aquel intre inigualábel no que terá de facerse carne de realidades o soño que un día nos revelara o bardo Pondal cando dixo: «¡A luz virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán!» (BLANCO et alii: 2007: 237).

Estas derradeiras palabras son, de certo, as súas credenciais: a lealdade incommovíbel ao proxecto e á obra nacionalista que iniciaran no ano 1916; a firme convicción da necesidade do nacionalismo organizado como tal, preconizado e real(izado) na Galiza posíbel, na Arxentina; o apelo consciente, expresado en tempo presente, a recuperar e facer

actuar o ideal e a práctica política a que serviran todos os que homenaxeara neste discurso. Non coñecemos proclama máis elocuente e arriscada a prol destes obxectivos expresada en pleno imperio da ditadura. O duplo castigo parecía servido: o silenciamento-ostracismo; a represalia física directa.

De certo, este discurso é a cifra de toda unha vida de amor e de traballo ideolóxico e político-patriótico pola Galiza. É, asemade, un autorretrato implícito do seu autor, a explicación-xustificación de toda unha biografía. Atrás del, fican centos de páxinas, en libro, na prensa galega e extragalega (Arxentina, colaboracións na BBC), que constitúen, *à rebours* do escaso eco que tiveron e teñen, o corpus doutrinal máis amplo e sistemático do nacionalismo galego da primeira metade do século xx. Coñecérmolo e valoralo en todo o que merece é aínda unha débeda neste xa andado século XXI. A modernidade que representa está moi lonxe de ter asento na Galiza actual, e a vixencia das súas liñas básicas mantense viva: clama polo seu debate e divulgación. ●

Bibliografía

- BERAMENDI, J. G. (1991): *Obra política de Ramón Villar Ponte*. Sada: Edicións do Castro.
- BLANCO ECHAURI, X.; GARCÍA NEGRO, M.^a P. e SANMARTÍN REI, G. (2007): *Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte*. Lugo: Deputación de Lugo.
- MONTERROSO DEVESA, J. M.^a (setembro de 2016): «A longa pós-guerra (1936-1953) de Ramón Villar Ponte». *Cuadernos de Estudos Xerais* núm. 8.
- VILLAR PONTE, A. (maio de 1918): «O segundo aniversario da fundazón das Irmandades». *A Nosa Terra* núm. 56.



FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Filólogo e ensaísta

Causalidade, obxectivos e vixencia das Irmandades da Fala

Resumo

Analízanse os condicionantes endóxenos que explican a aparición das Irmandades da Fala, á vez que os elementos ideolóxicos básicos da súa actuación en relación, en especial, cos campesiños, inmersos nun proceso de mobilizacións de grande magnitude. Danse algunhas claves para entender por que non houbo osmose dos principios programáticos das Irmandades da Fala co agrarismo para desembocar nun grande partido nacionalista de base labrega. E indícanse que aspectos da súa actividade deixaron unha pegada social evidente, aínda sendo parcial ou fragmentaria, e cais seguen a constituír obxectivos estratéxicos do nacionalismo galego.

Palabras chave: Galiza, Irmandades da Fala, agrarismo, nacionalismo, soberanía, rexeneracionismo, centralismo, caciquismo, labregos, loitas agrarias.

Abstract

This paper examines the internal factors behind the appearance of the Irmandades da Fala ('Galician Language Brotherhoods') and the basic ideology underpinning them, especially with regards to the peasant farmers, undergoing large-scale mobilisations at the time. The paper goes on to propose a series of key elements to explain why the principles contained the Brotherhoods' program failed to connect with the agrarian reform movement in order to give rise to a broad nationalist party with a strong agrarian basis, before going on to discuss which parts of their activity had a clear, albeit it partial and fragmented, impact on social, together those which continue to be strategic aims of Galician nationalism today.

Key words: Galiza, Language Brotherhoods, agrarianism, nationalism, sovereignty, regenerationism, centralism, despotism, farmers, agrarian struggles.



© Nomes e voces

Sen dúbida algunha, as Irmandades da Fala xurdiron como resposta a unha situación crítica de Galiza. Homes e mulleres da pequena burguesía, sobre todo intelectual e profesional e tamén pequenos sectores das clases traballadoras ilustradas, víronse urxidos, incitados, a daren un paso á fronte perante un fenómeno abafante, cal era o da españolización lingüística e cultural que estaba a configurar unha dualidade aparente entre cidade, vila, e campo, favorecendo o estrañamento, a insolidariedade e o desprezo verbo das clases populares que, como os labregos, mantiñan a lingua e a cultura nacionais.

Hai factores endóxenos e un contexto internacional que axudan a explicar non só a aparición dunha organización como as Irmandades da Fala, senón tamén a súa evolución e definición progresiva perante moitos temas e problemas que non atinxían só ao idioma. Nós imos privilexiar os endóxenos. As Irmandades da Fala significaron unha aposta pola integración/identificación da pequena burguesía vilega e as clases populares, en especial labregos, a través do uso da lingua nacional,

▲ Irmandiños homenaxeando a Xoán Vicente Viqueira no cemiterio de Ouces. Bergondo, 1927

De esquerda a dereita: Vítor Casas, Carlos Monasterio, Benito Ferreiro, Manuel Lugrís, (...), Luís Somoza, Bernardino Varela do Campo, Francisco Abelaira, López Abente, (...)

propia. O idioma era un símbolo representativo do país, e unha ferramenta social, especialmente usada pola masa labrega, que estaba, ademais, incurso nun proceso de mobilización, sen precedentes, en especial contra a política fiscal opresiva do Estado español e contra o foro, intentando conquistar a propiedade plena da terra que traballaban. Até tal extremo a mobilización foi masiva, contundente e, en momentos, moi conflictiva e inzada de sucesos sanguinarios e de sufrimentos pola represión que os gobernos de Madrid empregaron, que



Mitin de Basilio Álvarez
en Herdadiña, parroquia
de Torno. Lobios, 1913

historiadores proclives a narrar a historia contemporánea galega en clave desmitificadora, como José Antonio Durán (1981: 32), recoñecen que na Galiza estaban as áreas campesiñas máis conflitivas do Sur de Europa. Se se analizan de perto os conflitos máis rechamantes acontecidos entre 1916 e 1922 no campo galego observamos que, en todos eles, as Irmandades da Fala actuaron con rapidez e eficacia, tendo en conta a súa pequena introdución no mundo labrego, e desde posicións radicais e coherentes.¹

¹ No caso de Nebra (1916), a defensa dos afectados, encarcerados e represaliados contou coa pronta disposición a facelo de Lois Porteiro Garea, as mobilizacións de solidariedade cun importante papel de militantes irmandiños como dinamizadores, e a intervención política de Cambó por intersección irmandiña. No conflito e masacre de Narón-Sedes (1918) hai moitos indicios de os nacionalistas contar cunha certa introdución e mesmo capacidade para orientaren o voto político, de tal forma que *A Nosa Terra* pode presumir de os labregos da zona seren conscientes da solidariedade irmandiña e do avanzadas que eran as súas ideas sociais. En Sofán (1919), alén das reticencias iniciais que Antón Vilar Ponte sente perante un caso que lía como un exemplo de mentalidade atrasada, non de expresión cívica, as Irmandades da Fala, de forma singular a súa sección feminina, foron os máis prestos e comprometidos esixindo responsabilidades polos feitos sanguinarios ocorridos, desvendando axiña a manobra caciquil e especulativa que se agochaba tras deles, e polo posterior comportamento das autoridades estatais, alcalde, goberno civil, administración de xustiza, que facían gala de verdadeiro trato colonial cos labregos. Desde a distancia física, pois, a incidencia real era nula, as Irmandades da Fala emitiron mensaxes de solidariedade e compenetración co movemento agrario que, en Tui e Guillarei (1922), se vía acosado polo caciquismo e polas forzas xudiciais, represivas, garda civil e goberno civil, pola súa negativa a pagar os foros. Debemos subliñar que, de todos estes conflitos e masacres, o único que ten como causa a negativa a pagar os foros é este último de Guillarei. Os de Nebra e Narón-Sedes están motivados pola política fiscal, o cobro de consumos e a carestía da vida. O de Sofán, por unha manobra caciquil especulativa, o cerre obrigado dun cemiterio parroquial, con prohibición expresa de soterramentos pretextando razóns de hixiene, e a construción e apertura doutro novo no monte, coa oposición veciñal. En todos casos, hai en última instancia a aplicación dunha lexislación estatal (Cortes de España), e unha actuación

Imos sinalar as tres características máis senlleiras e constantes da axitación social táctica das Irmandades da Fala, alén da defensa e uso do idioma galego. A primeira constante é a súa denuncia e combate do caciquismo como un dos elementos perniciosos que dominan a vida social e política na Galiza. A segunda é a denuncia do centralismo que afoga as iniciativas e capacidades de Galiza, ao que vincula coa existencia dos caciques ao servizo dos partidos gobernantes e dos aparatos do Estado. E a terceira é a identificación coas clases traballadoras, en xeral, pero en particular, coa máis numerosa e representativa do país, naquel momento histórico, os labregos. Verbo da primeira, podemos afirmar que era un lugar común en todos os partidos que non estaban integrados no réxime, e mais nos que aparecían como expresión dunha nova política, de inspiración rexeneracionista. A diferenza cualitativa, no caso das Irmandades da Fala, consistía en que establecían unha vinculación de causa e efecto entre o Estado burocrático e centralista e a

desconsiderada, conivente, colonial, das institucións do Estado centralista: concellos, deputacións, gobernos civís e garda civil. O recadador directo dos impostos estatais de consumos e arbitrios era o concello, polo que había a tendencia a culpar os caciques que os controlaban do peso impositivo que debía soportar a poboación. Sen dúbida esta tendencia estaba facilitada, ademais, polo feito de ser consubstancial á repartición da carga impositiva, ordenada desde Madrid para cada Provincia, unha repartición desa carga discrecional, discriminatoria, por parte da respectiva Deputación en relación con cada un dos concellos, e nos concellos en relación cos veciños, conforme criterios caciquís e de oportunidade política. Sexa como for, en todos os casos de conflitos con mortes, o goberno civil e a deputación deron por bos os argumentos dos concellos e colaboraron, de forma áxil e contundente, á represión das protestas populares, ronsel seguido polos gobernos de Madrid, en particular polos ministros do interior respectivos, acusando sempre os manifestantes de atacaren a garda civil ou mesmo de portaren armas, convertendo as vítimas en agresores.



Basilio Álvarez.
Retrato de Francisco Llorens

lacraca caciquil, pois había que impor unha política, definida fóra, ao servizo de intereses alleos a través de institucións estrañas ao país, para a vontade popular colectiva non tomar conciencia da propia realidade e se expresar libremente. Porén, a focalización privilexiada e punxente na figura do cacique, como elemento a bater, sen maiores consideracións, impedía facer unha valoración do papel do Estado español como opresor. É máis, a política anticaciquil agrarista sempre rendeu culto á idea de España e a españolidade, constituíndo, malia a súa retórica anticaciquil, unha das fontes de interiorización do sentimento de españolidade entre as clases populares do campo². As Irmandades da Fala, non só non espallaban esta versión dominante, senón que se esforzaron por crear e espallar, culturalmente, unha versión histórica, uns símbolos

² Desta maneira, non debe estrañar que estea tan espallada e interiorizada na Galiza a versión, disparatada e nesgada, de sempre comportárense as clases dirixentes galegas, na Idade Media, a de normalidade política e cultural como país, como unha especie de opresores absolutos, dos cais viñeron a salvarnos desde fóra, nada menos que os reis de Castela como Enrique IV ou os Reis Católicos.

nacionais e unha conciencia sobre o país diferente, na súa actuación social. Non as deron introducido no seo das masas labregas, pois a dialéctica política e os conflitos no campo galego se movían dentro do discurso anticaciquil, mesmo estando por detrás, como causa da opresión, a legalidade estatal que se ditaba desde Madrid. O Castelao caricaturista, tan atento á realidade social e á dialéctica política na Galiza, ten expresado a radicalidade ideolóxica con que se vivía a loita contra o caciquismo, mesmo nas súas colaboracións no xornal madrileño *El Sol*.³

³ Nunha desas caricaturas, publicada o 14 de febreiro de 1919, presenta un cacique e varios matóns, colgados da sogá nunha árbore, aforcados, como dando a entender que non vale de nada unha legalidade que non se respecta, unhas eleccións fraudulentas, por mor das violacións, violencias e coaccións do caciquismo. A única saída, parece dicir, é a aplicación da mesma violencia contra eles, a única medida efectiva, colgalos... O editorialista do xornal, que ilustra o seu texto con esta caricatura, como outro de Mariano de Cavia na primeira páxina garda con ela relación, titulouna «El caciquismo bolchevique», condicionado polo debate social que a revolución bolchevique e os seus métodos expeditivos xeraban, como forma de connotar negativamente a práctica caciquil, á vez que, de forma sinuosa, se pretendía introducir a idea de o caciquismo ser unha fábrica de bolcheviques, unha ambivalencia que aparece, nalgunha ocasión no xornal *A Nosa Terra*, pero que Castelao nunca empregou.

¡ERGUETE, GALICIA!

A todol-os galegos, i-especialmente, aos irmáns labregos que loitan na Galicia

A XUNTANZA NAZONALISTA GALEGA D'HABANA, que naceu pra espallal-as ideias de redenzón galega e pra defendel-os dreitos da xustiza e da humanidade, une hoxe seu sentimento e seu doer aos familiares dos infelices labregos que foron vilmente acribillados a balazos, na parroquia de Guillarey, Ayuntamiento de Tuy (Pontevedra), i-en virils i-enérxicas verbas manifesta sua fonda indignazón ao Poder centralista, úneco responsable do acaecido no Guillarey; úneco culpabre dos feitos realizados por un grupo de viláns qu'esgrimiron as suas armas escontra indefensos e nobres labregos.

O primeiro asesinato qu'a Hespaña cometeu co-a Galicia, realizóuno no Mondoñedo; logo, no Carral, Nebra, Narón, Noya, Sofán, etc. Agora cometéuno no Guillarey, escargando as suas armas asesinas escontra honrados labregos; pro isos atropellos inxustos da Hespaña cometidos coa Nazón Galega, non smortigarán no máis mínimo o noso ideal, senon que pol-o contrario servirán pra facer vibrar en todo curazón galego o sentimento nazonalista; servirán pra vigorizar máis cada vez as nosas lexitimas aspiraziós a liberdade absoluta da nosa idolatrada Galicia.

Pr'os nazonalistas do esterro son doorosísemos e infatos os sucesos do Guillarey. Noso espíritu está sedento de vinganza. I-é ista a razón pol-o que chamamos sobr'os probes mártires a atenzón xenerosa de todol-os homes de curazón.

As estrofas dos cantores galegos Rosalía Castro de Murguía, de Manoel Curros Enríquez, Pondal, Añón, Carvajal e García Ferreiro, xa comenzan a dar saudabres froitos. Xa os berros de rebelión en contra d'o apreixameto do tiránico goberno central, lanzados pol-os Mártires do Carral, por Porteiro Carea e por Alfredo Brañas, comenzan a ter acollida antr'a persente xenerazón galega. E nós, ao obedecer ao mandato dos nosos Mestres, manifestamos oa mundo as causas que nos obrigan a proceder de semellante maneira qu'endemanda de maores béns, sempre produce trastornos aos comenzos que queremos cimentar sobr'as ruínas do persente pra felicidade do porvir.

Ninguén ifora qu'a Hespaña impon'nos no noso territorio unha forza armada que non leva outro obxeto que obrigar-nos a traballar pra unha praga infinita de caciques, e asesinar tredoramente aos nosos irmáns que, cansos de pasar fame, ergan a voz en nome da xusticia e da razón.

Eisi, pois, aos galegos na nosa Terra ténse-nos pivados da liberdade. Non se nós permite falar, non se nós permite esquirbir, non se nós permite pensar nen amal-a liberdade da Galicia. Innumerabres foron as veces qu'a Hespaña prometeu atender as necesidás da Galicia; pro até agora non podimos allal-o cumprimento da sua verba; nantes a viceversa, fixo sempre por qu'a Galicia chegase ao eistremo de miseria i-ao estado tan cheio d'oprobio en que s'atopa na aitoalidade, razón pol-a cal a XUNTANZA NAZONALISTA GALEGA eishorta a todol-os galegos a que s'unan en apertado feixe a idea de reivindicación dos dreitos patrios.

Todal'as soziedás e fogares galegos deben adequirirl-os retratos dos labregos asesinados no Guillarey, e na parte outa dos mesmos poñel-o siguiente epifazio: "Vítimas do salvaxe Centralismo hespañol, que, ao igual qu'as antecesoras, recraman nosa vinganza".

E propósito da XUNTANZA adicar taém nistas liñas algún espazo as Soziedás galegas d'istrución na Illa de Cuba, as que coida dinas do millor homeaxe, de toda considerazón, posto que acaban de dar un verdadeiro exempro do seu amor a Terra. A elas debeu-se a inziativa da Asambreia de portesta encontr'o goberno hespañol pol-os crimes que cometeu no Guillarey, que se levou a efecto o 4 do Nadal do 1922, nos amprios salóns do Centro Gallego d'Habana, onde asistiron máis de catro mil galegos, mostrando todos gran odio car'o Centralismo hespañol, i-abogando pol-o arredismo, pois ainda ben certo individuo non escalou a tribuna e fixo manifestaziós arredistas, cand'a Asambreia en preno se puxo en pé, dando morras a Hespaña, qu'equival a decir Centralismo, e vivas a Galicia Independente.

Por ios, queridos galegos na Patria, vos conxugamos a que fagades todo canto esté na vosa man, pra defendel-os dreitos patrios, na seguridade de que poredes contar sempre co concurso e co apoio dos vosos irmáns en Cuba, defensores ardentes das liberdades galegas, da xuntiza e da verdade.

Saúde e Patria.

Xuntanza Nazonalista Galega n'Habana.

Derraldeiros do ano de 1922.

Folla voandeira espallada pola Xuntanza Nazonalista Galega D'Habana, sección das Irmandades da Fala na Illa de Cuba con motivo dos asasinatos de Sobredo. 1922

«Basilio Álvarez, Portela Valladares ou Alfredo Vicenti, aparecendo como hipercríticos coa política do réxime da Restauración (...) eran incuestionábeis as súas relacións íntimas con presidentes do Goberno (...) ou cos xefes de filas dos partidos turnantes ou gobernantes (...)»

Non se subliña co debido relevo que a Ditadura de Primo de Rivera como intento de frear a descomposición do réxime monárquico da Restauración recorreu xustamente a facer unha limpeza de vellos caciques no campo e nas vilas de Galiza, meténdoos no cárcere durante algúns meses, ou, en todo caso, afastándoos das institucións. Así apareceu como unha aposta rexeneracionista tamén, despistando a máis de un dos que centraran a loita labrega no combate anticaciquil. É por iso que a maior parte do agrarismo, por non dicir o agrarismo en masa, colaborou coa Ditadura de Primo de Rivera, considerada inicialmente unha esperanza para o campo galego. Os mesmos nacionalistas das Irmandades da Fala ficaron moi despistados ou dubitativos non só pola aparente radicalidade das medidas anticaciquis, limpando concellos e deputacións, senón pola suposición de que se abría paso unha descentralización administrativa a través dunha Mancomunidade Galega que recollería as competencias das catro deputacións provinciais. Non tardou en chegar a decepción. Podemos constatar a evolución de criterio perante o Directorio Militar, seguindo as propias caricaturas de Castelao na prensa, en concreto no xornal *Galicia*.⁴

Cómpre aclarar que algúns aspectos que van constituír o armazón ideolóxico das Irmandades

4 Van do pasmo, en onda irónica e cautelosa, aludindo á folganza do seu lapis agora que os caciques son encarcerados, como se lle furtasen a materia básica da súa crítica («Que vai ser de min sen caciques!», O caricaturista, *Galicia*, 27 de setembro, 1923), á constatación da represión contra os traballadores e da censura contra todo tipo de críticas, a comezar polas que el expresaba nas súas viñetas, apenas pasado un ano.

da Fala se manifestaron xa, de forma incipiente, en Solidaridad Gallega, movemento labrego galego, dirixido por homes pertencentes a distintos campos ideolóxicos, mais cunha forte presenza de republicanos salmeronistas e carlistas de Vázquez de Mella, proclives a un federalismo xenuíno, alén de convictos nacionalistas. O modelo da Solidaritat Catalana era claro e a intención de participar en política estaba presente. Actuaba un nacionalismo larvado na súa xestación e unha preocupación polo uso da lingua galega como arma de axitación política⁵. A axitación desenvolvida, sobre todo no norte da provincia da Coruña, alarmou as autoridades españolas, e a represión conseguinte foi contundente e alertou os partidos turnantes no goberno do Estado e aos seus delegados, intermediarios e caciques na Galiza, dos perigos que representaba o potencial revolucionario e de protesta do campo galego e a posibilidade real da súa participación nos procesos electorais. Fixeron todo o posíbel por abortalo, e porque non desembocase nunha organización claramente nacionalista. Curiosamente, o movemento agrario posterior, organizado pola Liga de Acción Agraria, fúndase en Madrid baixo a dirección de políticos galegos que se presentan como benfeitores, tais como Basilio Álvarez, Portela Valladares ou Alfredo Vicenti. Aparecendo como hipercríticos coa política do réxime da Restauración, en clave rexeneracionista, eran incuestionábeis as súas relacións íntimas con presidentes do Goberno,

5 Parece incuestionábel que foi Manuel Lugrís Freire, do sector nacionalista de Solidaridad Gallega, o que utilizou por primeira vez na historia política de Galiza, en mitins con moita asistencia popular, a lingua galega.



Enterro en Compostela de Rosa Cárdoniga, unha das labregas asasinadas en Nebra. 1916

como Canalejas, ou cos xefes de filas dos partidos turnantes ou gobernantes, como Romanones ou Melquíades Álvarez⁶. Sen negármolles o seu sentimento galego e a súa preocupación pola masa campesiña, nunca apostaron pola autoorganización política, nin moito menos contribuíron a que a potencialidade do agrarismo que eles acaudillaban desembocase en nacionalismo. Había unha confluencia de intereses no criterio de a potencialidade política e social do campo galego non acabar servindo de base a un movemento nacionalista forte na Galiza.

A putrefacción do réxime bipartito da Restauración, por certo similar á actual, foi contestada tamén a través de esquemas rexeneracionistas que opunhan *vella* e *nova* política. O agrarismo da Liga inseríase dentro da concepción da nova política, a que representaban tamén os partidos obreiros de corte marxista, os arredistas, os catalanistas, aínda sendo pactistas. As Irmandades da Fala, permitindo a dupla militancia, sempre que se acatasen os seus principios programáticos, podían nutrirse destes partidos extra muros. Porén, a fidelidade primeira tiña que estar coa idea de o pobo galego ser un pobo normal, digno, capaz de responsabilizarse de si mesmo. Podemos afirmar que hoxe algúns obxectivos das Irmandades da Fala (uso do galego en funcións formais, escola, xustiza, investigación, ciencia, desenvolvemento cultural... afán por vivir en galego para todo) se realizaron de forma parcial, minoritaria ou fragmentaria. O obxectivo de autonomía integral (soberanía),

⁶ Representante dun partido vello (o liberal), o primeiro, e dun novo, o segundo (o reformista).

de concerto económico (recadar todos os tributos aquí e acordar unha cota polos gastos do Estado), entre outros moitos, seguen estando totalmente pendentes. Non só non impregnaron a conciencia popular, senón que o réxime actual se sitúa nas súas antípodas⁷. ●

Bibliografía

- BERAMENDI, J. G. (2007): *De provincia a nación*. Vigo: Xerais.
- CASTELAO, A. D. R. (1977): *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal.
- DURÁN, J. A. (1981): *Crónicas-3. Entre la Mano negra y el nacionalismo galleguista*. Madrid: Akal.
- RISCO, V. (1994): *Obras Completas, 4*. Vigo: Galaxia.
- A Nosa Terra* (1916-1922).
- El Imparcial* (1916-1922).
- El Liberal* (1916-1920).
- Galicia* (1922).
- El Sol* (1916-1922).
- La Voz de Galicia* (1916-1922).

⁷ «O galeguismo empezou coas Irmandades da Fala, demandando a soberanía da nación galega, dentro dun bloque estatal de todos os povos ibéricos, e rematou sometido ás ficcións xurídicas da derradeira Constitución en espera dun simple Estatuto autonómico» (CASTELAO. 1977, p. 324). Esta observación no seu final referida á Constitución republicana, ten aínda máis sentido se nos referimos á Constitución monárquica de 1978, o marco do actual réxime.

Aos labregos galegos

Cabres recibidos da Hespaña o 30 de November de 1922, comunican-nos a espeluznante notiza de qu'en Guillarey (Tuy) acaban de ser vilmente acribilados por balazos úns labregos galegos por haber-se negado a pagal-os foros que veñen cobrando uns señores caciques, emparados pol-o salvaje Centralismo hespañol.

Os compoñentes do **COMITE REVOLUZONARIO ARREDISTA GALEGO**, que todos somos fillos de labregos, erguemos nosos berros de portesta escontr'o novo aldraje qu'o cafre Centralismo acaba de cometer coa Nazon Galega.

N-hai que dubidar, quiridos pais e irmáns na Galizia, que pra poder impoñel-os nosos dreitos e respeto é necesario que todol-os galegos nos asozie-mos a unha soia idea; sentir-nos abertamente arredistas e' demostrar iste sentimento falando e pensando en galego. E percisso que na Galizia constituíndes **Comités Revolucionarios Arredistas Segredos**, coma iste que nós temos orgaizado no esterro, pra facel-a justiza pol-a má. Nistes momentos en qu'o Centralismo nos infire de novo tantos aldrajes, é a hora de que todo galego sustente unha arma de fogo, e de demostrar-lle nosa indignazón o centralismo, atentando escontr'os intreses i-escontr'as vidas dos caciques; bombardeando os moimentos qu'haja ergueitos na Galiza a galegos esleigados, i-erigindo unha estatua a todo bó cidadán que sucumba pol-a Causa. Respetemos e rindamos tributo d'admirazón a todo individo que s'intrese pol-o benestar da Galiza; protejamos a toda publicazón defensora do noso Ideal, e aos que pensen com'o imbecile Ministro de Grazia e Justiza, Ordóñez, e com'o malvado Alcalde de Tuy, démos-lles o castigo qu'en Grecia deron a certos Eis-ministros. Obrando de semellante maneira será coma úneamente s'acabarán os foros na Galiza; coma se porá fin as bulras do Centralismo; coma se conseguirá que den comenzo ás obras do Porto do Vigo, a Lía da Costa e a outras obras galegas que fai anos están en proeito.

Sabemos sí, que morrerán aínda moitos máis galegos en defensa dosagro Ideial, pro tamén témol-a seguranza de qu'a morte d'istes ha de ser vingada pol-os nosos irmáns que nos sucedan.

Galegos na Illa de Cuba, o nemigo peta as portas dos nosos pais na Galiza, prestemos-lles a nosa ajuda a istos uns económica e outros material e moralmente. Agora qu'o noso honor vei-se aldrajado, non falarán galegos que sacrifiquen o seu benestar e seu sangue.

Un rugido a geito de tempestade ói-se antr'as follas dos bosques galegos. ¡Imos, segadores, collede o foución i-asegar cabezas de caciques! ¡Deixade o arado, labregos, e collede o coitelo! Pai inutilizado, e tí, nai velliña, eishortade aos vosos fillos a' que acudan ao campo de batalla. Permite, doncela galega, qu'o amado do teu corazón vaia a defendel-o honor da Raza, e roga a todos que non volten aos seus fogares até que hajan vencido na loita escontr'o criminae Centralismo hespañol.

¡Viva Galiza Indepente!

**COMITE REVOLUZONARIO ARREDISTA GALEGO N-HABANA
HABANA, CUBA.**

Imp. Obrapía 107

Folla voandeira espallada polo Comité Revolucionario Arredista Galego n'a Habana con motivo dos asasinatos de Sobredo. Cuba, 1922



MANUEL PAZOS GÓMEZ

Departamento de Cultura do Concello de Oroso

Luís Porteiro Garea, sementador de ideas

Resumo

Luís Porteiro Garea está considerado como un dos tres ideólogos máis importantes das Irmandades da Fala. No relatorio darase conta do seu activismo estudantil (1889-1912), do seu paso pola emigración en Madrid (1912-1916) e da súa faceta como líder nas Irmandades (1916-1918). Paralelamente analizarase o seu pragmatismo e talento organizativo, dotes e traballo que, de non ser pola súa morte prematura (29 anos), o converterían nunha das grandes referencias da política galega do século xx.

Palabras chave: Galiza, Irmandades da Fala, Luís Porteiro Garea, 2016-2018, Ideario das Irmandades, nacionalismo político.

Abstract

Luís Porteiro Garea is considered to be one of the three most important ideologists of the Language Brotherhoods. This paper discusses his activism as a student (1889-1912), his years in Madrid (1912-1916) and as a leader of the Brotherhoods (1916-1918). It goes on to analyse his practicality and his talent for organising and hard work which, were it not for his early death at the age of 29, would have marked him out as one of the key figures of Galizian politics in the 20th Century.

Key words: Galiza, Language Brotherhoods, Luís Porteiro Garea, 2016-2018, the ideas of the Brotherhoods, Political nationalism.



© Arquivo Manuel Pazos

Lois Porteiro Garea. 1916

«Sen dúbida, naquel outono de 1918 as rúas de Compostela quedaron orfas da presenza de Luís Porteiro (...). Del dixo Cabanillas o que Rosalía de Curros: que levaba na fronte unha estrela e no bico un cantar»

«En la casa núm. 14, de la calle de la Azabachería, piso segundo a las siete y media de la tarde del día ocho de Octubre de mil novecientos dieciocho, yo, Luis Francisco Porteiro Garea, de veintiocho años, casado, abogado y profesor auxiliar de la Facultad de Derecho de la Universidad, encontrándome sano; pero en previsión de morirme, redacto mi testamento.»¹

En plena efervescencia das Irmandades da Fala e en vésperas da transcendental Asemblea de Lugo, Luís Porteiro Garea escribe a man o seu testamento. Son dúas páxinas nas cales enumera as súas posesións materiais e o destino que se lles dará cando el non estea. Dezanove días despois, Porteiro falece en Compostela vítima da toxemia gripal, a pandemia que asolou Galiza e matou milleiros de persoas.

Sen dúbida, naquel outono de 1918 as rúas de Compostela quedaron orfas da presenza de Luís Porteiro, o «sementador de ideas» (como poeticamente

dicía López Abente²) ou o que fora «exemplo de santas rebeldías» (segundo escribía Eladio Rodríguez). Del dixo Cabanillas o que Rosalía de Curros que levaba na fronte unha estrela e no bico un cantar.

Este persoeiro, considerado un visionario adiantado ao seu tempo, até non hai moitos anos permanecía no esquecemento (silenciado como tantos durante a ditadura franquista e incomprensiblemente esquecido polo nacionalismo galego). Porteiro agardou decenios para ocupar o seu meritório espazo dentro da historia política e cultural do noso país.

Previamente a este ano de conmemoracións (2016), é preciso mencionar a historiografía xurdida nas últimas dúas décadas: investigacións que, con máis ou menos oficio, tentan reconstruír a súa curta, pero intensa e complexa, actividade política. Un dos primeiros traballos conforma o caderno da autoría de Raquel Bello Vázquez (1998) editado pola Asociación Cultural Obradoiro da Historia de

¹ Encabezamento do testamento manuscrito de Porteiro.

² López Abente dedícalle o poema «O pino derrubado» a Porteiro, sementador de ideas. *El Noroeste* (19/11/1918), páx. 42.

«Sobre a lingua e a cultura, Porteiro remarca que son elementos definidores de nacionalidade, pero o que verdadeiramente caracteriza unha nación é a unidade espiritual (a etnia, a xeografía, a historia, as leis, os costumes, a creación literaria...)»

Ordes, unha entidade empeñada en recuperar e pór en valor a figura de Porteiro Garea. Nesta comarca é onde foi soterrado, en concreto no camposanto da parroquia de Gafoi, no concello de Frades, onde se pode visitar a súa tumba.

Mais foi o finado Baldomero Cores Trasmonte (2005) quen realizou unha biografía de Porteiro, baseada en documentos inéditos que gardaba a familia e completada cunha abondosa pescuda hemerográfica e biográfica que el realizou. Este rigoroso estudo biográfico complementouse posteriormente con distintos cadernos e folletos da autoría de Ernesto Vázquez Souza (2009) e Carlos C. Varela (2016), editados por asociacións culturais de base radicadas na bisbarra de Ordes e referenciadas na bibliografía.

Outras actividades relacionadas co noso perseo e desenvolvidas para revitalizar o seu traballo realizáronse no marco do centenario das Irmandades da Fala, entre outras citamos: a conmemoración o 28 de maio de 2016 dos cen anos da Irmandade de Santiago; a inauguración dunha placa na Facultade de Dereito; ou a Exposición Conmemorativa da 1.ª conferencia en galego impartida na USC (16 setembro de 1915) mostrada na biblioteca Concepción Arenal da capital galega.

O anterior é de consideración, mais pensamos que insuficiente. A súa obra debe ser estudada por especialistas dunha forma holística, captando os contextos e os marcos xerais e particulares para centrar, precisar e detallar o lugar que ocupou Luís Porteiro na sociedade do momento e a forma en que participou na construción de novas ideoloxías, de marcos de actuación socioculturais e da *praxe* político-social; neste caso na historia do galeguismo político de principios do século xx. E esta


investigación ben podía ser tema de estudo nunha tese de doutoramento, tese de licenciatura, traballo de fin de mestrado ou dunha ou varias publicacións específicas. Do mesmo xeito, botamos en falta unha publicación que recolla os seus artigos, conferencias, discursos... nunha edición anotada e comentada que serviría para comprender mellor a súa ideoloxía e os seus posicionamentos.

Ideólogo irmandiño

Antes de realizar unha breve crónica biográfica de Luís Porteiro, e seguindo a Beramendi (2007), tentamos dar unhas ideas clave sobre o seu pensamento político, cultural, económico... un pensamento que, da man da súa actividade político-social, converte Porteiro Garea nun ideólogo á «vanguardia» da política e do galeguismo integral, debido a que moitos dos problemas que describe están latentes na sociedade dos nosos días.

Nun contexto internacional marcado pola I Guerra Mundial (1914-1918) e pola Revolución Rusa (1917), acontecementos que provocaron grandes cambios políticos e novas formas de imperialismo, e nun contexto estatal cunha monarquía sustentada no sistema de quendas excluínse cara a outras opcións políticas, desenvólvese unha loita pola identidade que leva implícita a defensa da lingua, que se converte en motor para reivindicar o galeguismo como opción política nas institucións.

Sobre a lingua e a cultura, Porteiro remarca que son elementos definidores de nacionalidade, pero o que verdadeiramente caracteriza unha nación é a unidade espiritual (a etnia, a xeografía, a historia, as leis, os costumes, a creación literaria...). Afirma Porteiro que os intereses xerais da cultura están



Esquerda: capa da publicación que recolle o discurso pronunciado por Porteiro Garea con motivo da fundación da Irmandade da Fala de Compostela. Compostela, 1917.
Dereita: capa do texto de Porteiro «A los gallegos emigrados». A Coruña, 1918

por riba dos privativos de cada nación e que a emigración é unha sangría para o país aínda que, contraditoriamente, apunta que a saudade é unha forza creadora e mesmo ten «beneficios económicos» debido ás divisas que mandan os emigrantes das Américas. Por outro lado, Porteiro quíxase dunha situación que non é novidade nos nosos días: a burguesía galega non apoia o galeguismo e terá que pasar tempo para que o faga, como en Catalunya.

En canto á economía, as clases sociais e o agrarismo, Porteiro clama pola configuración dun capital nacional galego, e conclúe, con certa sorna, que nada é tan patriótico como o diñeiro.

Para el, a mutua tolerancia entre as clases sociais que teñen intereses opostos é o mellor medio para a paz e o progreso no mundo. Sobre a conflictividade social reclama comprensión para as verdadeiras causas das reivindicacións obreiras e predica co exemplo defendendo os obreiros de Santiago. Ademais afirma que estas loitas de clases nacen nas entrañas do sistema capitalista, polo que non se resolverán mentres exista tal sistema de explotación. E fronte ao capitalismo clama que as folgas non son por culpa

dos obreiros, senón por culpa do sistema. Denuncia a represión sobre a clase obreira por pedir dereitos laborais e recalca: non se pode condenar o obreiro e moito menos non o pode condenar quen nunca traballou. Sobre a redención dos foros propón que ten que ser mediante unha lei, para acabar así co escravismo secular dos labregos sen terras propias.

No referente á súa evolución ideolóxica, Porteiro bebe do rexeneracionismo de entreséculos (rexeneración como antónimo de corrupción); é dicir, das propostas de reforma que propoñen os movementos políticos para saír da decadencia obsoleta en que se encontra o Estado español a inicios do século xx.

Centrándonos na súa figura, nun curto período de tempo de dous anos, os que van de 1916 (creación da Irmandade da Fala de Santiago) a 1918 (falecemento uns días antes da decisiva Asemblea de Lugo), Luís Porteiro pasa dun centrismo galeguista a un esquerdismo latexante impregnado dun nacionalismo sempre democrático.

En xuño de 1918 Porteiro concreta o seu pensamento galeguista sen deixar nunca o vínculo de

«(...) nun curto período de tempo de dous anos, os que van de 1916 (creación da Irmandade da Fala de Santiago) a 1918 (falecemento uns días antes da decisiva Asemblea de Lugo), pasa dun centrismo galeguista a un esqerdismo latexante impregnado dun nacionalismo sempre democrático»

Galiza con España: aínda que manifesta que Galiza e Castela son nacións distintas e España é simplemente un Estado; tamén afirma que os galeguistas son primeiramente galegos, pero no ámbito internacional son españois. En definitiva, podemos resumir que Porteiro era, a estas alturas, un nacionalista demócrata e un antiseparatista sincero, en palabras de Beramendi.

Seguindo Carlos C. Varela (2016), reconstruímos unha cronoloxía básica de Luís Porteiro Garea.

Activismo estudantil

Por causa da profesión do pai, a familia de Porteiro Garea mudou varias veces de domicilio. A el tócalle nacer en Lugo o 16 de novembro de 1889.

Un tempo despois, a familia xa se asenta definitivamente en Compostela, en cuxa universidade o mozo Porteiro estuda Dereito. Neses anos faise un activo membro do movemento estudantil: participa na loita pola constitución da Biblioteca América e en 1910 funda, xunto con outros compañeiros, a organización estudantil *Joven Galicia*, de ideoloxía agrarista e anticaciquil, se ben na práctica loitaron sobre todo pola creación en Compostela da Cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa e pola galeguización da Universidade en xeral.

É tamén nesta época que Porteiro comeza a súa actividade xornalística. Ao parecer, xa desde neno elaboraba un pequeno boletín escolar, intitulado *La Tribuna Literaria*, mais é en 1909 cando se dá a coñecer cun artigo en *La Voz de Galicia*. Ao longo de 1911 principia unha serie de colaboracións regulares coa compostelá *Gaceta de Galicia*. Nesta publicación destacan os artigos de temática social

defensores, por exemplo, da redución da xornada laboral e da prevención de accidentes no traballo.

Estancia en Madrid e retorno

Coa carreira rematada, e despois duns meses traballando na administración en Arzúa (onde atura a estrutura caciquil local), Porteiro marcha en 1912 a Madrid. Na capital do Estado desenvolve unha intensa vida política e profesional e doutórase coa tese *El Sistema parlamentario y sus relaciones con el caciquismo*. En canto ao xornalismo, tras unha breve pasaxe polo xornal *El Imparcial*, pasa a escribir en *El Radical*, sobre todo na folla semanal *Galicia*, onde acentúa a súa crítica ao caciquismo e aplaude a campaña de Acción Gallega.

Será tamén decisivo o seu contacto, no Ateneo madrileño, con Rodrigo Sanz e Aurelio Ribalta. Este último, incansábel organizador dos galeguistas, comeza a editar en 1915 a revista *Estudios Gallegos*, con colaboracións de Luís Porteiro.

En 1915 regresa a Compostela cunha praza de profesor auxiliar na Facultade de Dereito da Universidade, e foi o primeiro en dar unha conferencia académica en galego. Paralelamente comeza o seu oficio de avogado, abrindo un bufete en Santiago.

Nos últimos días de decembro é nomeado concelleiro no consistorio compostelán como «agrarista independente», cargo do que tomará posesión a principios de 1916. Destaca na política municipal polas súas medidas para reducir o desemprego, fomentando a contratación municipal de desempregados e mellorando as condicións laborais. Tamén reivindicará melloras na Escola de Veterinaria e a construción de facultades de Letras e Ciencias para a Universidade.



Delegación das Irmandades da Fala de visita en Barcelona en 1917

De esquerda a dereita comezando pola fila de atrás: Leandro Pita Romero, Porteiro Garea, Antón Vilar Ponte, Antón Lousada Diéguez, Ramón Vilar Ponte, Peña Novo, Rodrigo Sanz e Aurelio Ribalta

Líder irmandiño

O movemento irmandiño nace na Coruña en maio de 1916, espallándose axiña por todo o país. En Santiago convócase inmediatamente unha reunión para constituír a Irmandade local o día 28 de maio, dez días despois da realizada na Coruña. Alí Porteiro dá un discurso inaugural de grande valor programático, intitulado *Discurso do Dr. Porteiro ô fundarse a Hirmandá en Santiago*. A disertación tivo lugar no Local do Círculo Católico de Obreiros, na Rúa do Vilar núm. 21.

Discurso do Dr. Porteiro ô fundarse a Hirmandá en Santiago

O discurso é un dos textos orientadores do galeguismo até o manifesto da Asemblea de Lugo de 1918. Nel, o xurista Porteiro analiza en doce apartados a situación e os problemas políticos do país, con sentido autocrítico e con ánimo de ser capaces de resolvelos. A ducia de puntos titulados e numerados son os seguintes:

- i. «Falar i escribir en galego, coma seipamos»;
- ii. «O renacemento hispano, e a guerra»;
- iii. «A concencia do noso pecado»;
- iv. «Amar á Hespaña e á Galicia»;
- v. «A nosa posición n-o mundo»;
- vi. «Cuestiós interiores. Síntesis»;
- vii. «O capital galego»;
- viii. «A industria e o traballo»;
- ix. «O dereito, xueces e notarios»;
- x. «O arte, a música galega»;
- xi. «A crisis da nosa poesía»;
- xii. Ramón Cabanillas.

Perante os compañeiros que contraerán a obriga «entre os hirmáns de falare a lingua galega empregándoa a cotío nos usos caseiros e nas rúas»,

Porteiro insiste en rexeitar calquera vitimismo autocompracente: «Naide máis que nós ten a culpa do que pasa; naide máis qu'ó noso traballo nos ha salvar». Porteiro predica que hai que ser xustos e non botarlle a outros a culpa dos nosos pecados.

O galeguismo de Porteiro é moi pragmático: defende o galego «como meio de intelixencia con Portugal e a parte de América por el civilizada» e anima os neofalantes a perderen a vergoña. Porteiro apoia as clases traballadoras, defendendo a supresión da «tiranía económica por medio de la socialización gradual de los medios de producción, orientándonos hacia un régimen cooperativo», segundo cita Carlos C. Varela (2016).

En fragmentos do discurso pódese ver a súa forma de entender España, afirmando que hai que amar Galiza e España, aínda que sempre cunha forte convicción federalista, concretada posteriormente no *Manifesto de Lugo* como «Federación de Iberia», con Portugal.

Porteiro tamén fala da xustiza e da necesidade de galeguizar os xulgados e que todos (avogados, xuíces, fiscais...) coñezan e utilicen o galego. Así mesmo, fai unha defensa do patrimonio histórico, artístico e literario galego, criticando a crise que vive o país no eido da creación poética. Por último, gaba a figura do poeta referente dos galeguistas naqueles anos, Cabanillas.

Nebra, Catalunya e as eleccións de 1918

En outubro de 1916, a Garda Civil asalta Nebra (Porto do Son) e masacra a veciñanza que desobedecía o pagamento dun imposto inxusto. Porteiro asume a defensa legal e política dos labregos e prodúcese unha enorme vaga de solidariedade. Igualmente

«A experiencia electoral (un pequeno David contra varios xigantes Goliat) radicalizará o irmandiño, quen di a Peña Novo que se non se respecta a libre vontade democrática terían "que ir por forza a un levantamento popular"»

defenderá os sindicatos obreiros de Compostela, dirixidos polo seu amigo Pasín Romero, especialmente durante a folga xeral de 1917. Este exercicio popular da avogacía convencerá de que, sen recoñecemento do galego na xustiza, o dereito á lexítima defensa non existe.

En novembro de 1917, unha delegación galeguista encabezada por Porteiro, Aurelio Ribalta e Peña Novo é convidada a Barcelona para a Semana Galeguista que organizaba a Lliga. Porteiro defende a alianza con Catalunya, porque as dúas nacións padecen o mesmo centralismo, mais fronte ás críticas desta alianza, recalca que os galegos non están subordinados aos cataláns.

Nas eleccións lexislativas estatais de 1918, consideradas estratéxicas polas Irmandades, Porteiro vaise presentar polo distrito de Celanova, feudo do candidato oficial Senén Canido. A campaña foi tremenda e Porteiro é derrotado con todo tipo de métodos sucios. Porteiro comproba ao vivo a forza do caciquismo local e provincial, pero tamén o cruel autosometemento das clases populares. Concorde con Ricardo Flores (revolucionario mexicano) na súa proclama de que nada é tan desalentador como un escravo satisfeito, lema cuxo significado non perdeu vixencia un século despois.

A experiencia electoral (un pequeno David contra varios xigantes Goliat) radicalizará o irmandiño, quen di a Peña Novo que se non se respecta a libre vontade democrática terían «que ir por forza a un levantamento popular».

O programa co que se presenta incluía medidas de radicalización democrática, como o sometemento do seu cargo a asembleas abertas, a repartición do imposto de consumos en concello aberto, e o

recoñecemento das parroquias como donas de montes comúns alí onde vén sendo costume.

Morte prematura debido á pandemia de gripe

A estas alturas do ano 1918, Porteiro estaba a escribir regularmente n' *A Nosa Terra* (especialmente importante a sección *Verbas d'un loitador*) e reforzando a alianza co catalanismo de Francesc Cambó cando, en vésperas da Asemblea de Lugo, a pandemia de gripe remata con el poucos días antes de cumprir os 29 anos, o 27 de outubro de 1918.

Luís Porteiro non pode acudir á histórica e decisiva Asemblea de Lugo onde se asina o manifesto fundacional do nacionalismo galego.

O pesar entre os seus camaradas de loita galeguista é enorme. A perda tan temperá do intelectual e ideólogo do nacionalismo deixou un grande oco entre os achegados. Coma homenaxe, os seus compañeiros dedícanlle unha edición especial de *El Noroeste*, con poemas de Gonzalo López Abente e de Ramón Cabanillas.

Luís Porteiro, como destaca Carlos C. Varela (2016) foi un home práctico e con talento organizativo, calidades tan imprescindíbeis como pouco habituais no movemento político galego. De non ser pola morte prematura, Porteiro estaba destinado a ser unha das grandes referencias da política e da cultura galega e, posibelmente, a liderar o Partido Galeguista, xunto con Castelao e Bóveda, durante a Segunda República.

«Se tomamos a nación como unidade espiritual, somos galegos e Galiza é a nosa Patria». [Luís PORTEIRO GAREA. *A los gallegos emigrados*, 1918.] ●

Bibliografía

- BELLO VÁZQUEZ, R. (1998): *Luís Porteiro Garea*. Ordes: A. C. Obradoiro da História.
- BERAMENDI, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- CORES TRASMONTE, B. (2005): *Luís Porteiro Garea*. Santa Comba: TresCtres.
- PORTEIRO GAREA, L. *Discurso do Dr. Porteiro ao fundarse a Irmandade da Fala en Santiago no ano 1917*. Santiago de Compostela: Nós, 1932. Disponible en: www.terraetempo.gal/media/documentos/Documento%20de%20Porteiro%20Garea.pdf.
- VARELA, C. C. (2016): *Luís Porteiro Garea (1889-1918). O irmandiño de Gafoi, Frades*. Ordes: A. C. Obradoiro da História.
- VÁZQUEZ SOUZA, E. (2009): *Luís Porteiro Garea, o ideólogo do nacionalismo irmandinho*. Ordes: A. C. Foucelhas.
- «A los gallegos emigrados. Lois Porteiro Garea» [en liña]. Disponible en: academia.gal/documents/10157/706008/A+los+gallegos+emigrados.pdf.
- «Luís Porteiro Garea. O ideólogo do nacionalismo irmandinho» [en liña]. Disponible en: www.pglingua.org/images/stories/pdfs/2009/031109_luis_porteiro_garea.pdf.
- «Porteiro Garea, un discurso para un país» [en liña]. Disponible en: (www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=3178&seccion=13).
- «Luís Porteiro Garea, a historia esquencida das Irmandades da Fala» [en liña]. Disponible en: (novashistoria.blogspot.com.es/2009/11/luis-porteiro-garea-historia-esquencida.html).
- «Exposición Luís Porteiro Garea. Verbas dun loitador» [en liña]. Disponible en: carenal.word-press.com/2016/10/27/exposicion-luis-porteiro-garea-verbas-dun-loitador/.
- «A RAC difunde a carta que o irmandiño Lois Porteiro dirixira en 1918 aos galegos emigrados» [en liña]. Disponible en: ollaparo.gal/2016/09/08/a-rag-difunde-a-carta-que-o-irmandino-lois-porteiro-dirixira-en-1918-aos-galegos-emigrados/.
- «No centenario das Irmandades da Fala: lembranza de Lois Porteiro Garea» [en liña]. Disponible en: desfacendooscadullos.blogspot.com.es/2016/02/no-centenario-das-irmandades-da-fala.html.
- «Porteiro Garea, o irmandiño que non quería ter a ver cos españois» [en liña]. Disponible en: www.sermsgaliza.gal/articulo/memoria/porteiro-garea-irmandino-non-queria-ter-ver-cos-espanois/20140912114001030519.html.
- «Unha ducia de ideas para poñer en marcha as Irmandades da Fala» [en liña]. Disponible en: (praza.gal/ducia/205/ideas-para-poner-en-marcha-as-irmandades-da-fala/#flexslider-o).
- «A morte de Luís Porteiro Garea (xxi)» [en liña]. Disponible en: www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/morte-luis-porteiro-garea-xx.
- «Lois Porteiro Garea en dúas elexías do poeta Gonzalo López Abente» [en liña]. Disponible en: crebas.blogaliza.org/2015/10/28/lois-porteiro-garea-en-duas-elexias-do-poeta-gonzalo-lopez-abente/.
- «Proposta para lle adicar unha rúa a Lois Porteiro Garea na capital galega» [en liña]. Disponible en: www.revistamurguia.com/?p=1758.



JUSTO BERAMENDI

Universidade de Santiago de Compostela

As Irmandades da Fala e o Partido Galeguista

Resumo

Entre as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista hai continuidades fundamentais nos planos da teoría, da ideoloxía, dos programas e mesmo dos cadros dirixentes. Porén, hai tamén discontinuidades moi relevantes, sobre todo no que atinxe ao plano organizativo, de forza política e de implantación social. Ao contrario que as Irmandades, o Partido Galeguista e quen de medrar con rapidez ate ser un actor influente na Galicia republicana, sobre todo no proceso autonómico, así como de captar bases amplas entre o campesiñado e certos sectores dos asalariados. En resumo, foi capaz de realizar o que as Irmandades só puideron proxectar.

Palabras chave: Galiza, Irmandades da Fala, Partido Galeguista, ideario político, implantación social, actuación política, labregos, operarios.

Abstract

Basic continuities exist between the Language Brotherhoods and the Galizianist Party at the theoretical, ideological and programmatic levels, as well as their leading figures. However, several important differences also exist, especially at the organisational level, as a political force and social presence. Unlike the Brotherhoods, the Galizianist Party underwent rapid growth, becoming an influential player in Galiza during the Republic, especially during the process of Autonomy, attracting large numbers of farmers and certain sectors of the workers. In a word, it was actually able to do everything that the Brotherhoods before it had sought to do.

Key words: Galiza, Language Brotherhoods, Galizianist Party, political ideology, presence in society, political action, farmers, workers.



© alanzada.wordpress.com

Tanto as Irmandades da Fala (1916-1931) como o Partido Galeguista (PG) no breve tempo en que puido actuar na legalidade en Galicia (1931-1936) encádranse no mesmo ciclo de desenvolvemento do galeguismo político, que podemos chamar primeira fase do nacionalismo galego. En metáfora xenealóxica, cabe afirmar que as Irmandades son a nai e o Partido Galeguista o fillo. Como imos ver, entre as primeiras e o segundo hai unha continuidade case total nos planos ideolóxico, programático e de acción cultural e unha descontinuidade moi acusada nos planos organizativo e sociopolítico.

As continuidades

Empecemos polos aspectos comúns. No ideolóxico o salto cualitativo na traxectoria do galeguismo vén dado, como ben sabemos, polo nacemento das Irmandades da Fala e á súa autodefinición como nacionalistas na I Asemblea Nacionalista (Lugo, 17-18 novembro 1918), remate da transición do rexionalismo ao nacionalismo iniciada coa fundación das primeiras agrupacións en maio

▲ Daniel Castelao e o seu curmán Manolo Castelao (*Insua*) nunha xuntanza do Seminario de Estudos Galegos. Anos 30

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: Sebastián González Paz, (...), Silva Ferreiro, Manuel Rodríguez Castelao, (...), Constantino Candeira, Xosé Ramón e Fernández Oxea (*Ben-Cho-Shey*), Alberto Vidán Freiría, Daniel Castelao, Xosé Filgueira Martínez, Fermín Bouza Brei, Vicente Risco, Xoán Pérez Millán, (...), Xosé Filgueira Valverde, Robustiano Sánchez Otero, Heladio Rodríguez González, (...), Vázquez Monxardín, Florentino López Cuevillas, Ramón Martínez López, Pedro Boo Pita, Salvador Cabeza de León, Cruz Gallastegui Unamuno, Ramón Sobrino Rodríguez, (...), Xosé María Castroviejo Blanco-Cicerón, Ramón Otero Pedraio, Xosé Gómez Martínez (*Zenitram*), Luis Iglesias Iglesias



«As Irmandades da Fala e o Partido Galeguista comparten a idea de que para construción sociopolítica da nación non abonda coa descentralización do poder no Estado, por radical que esta sexa»

de 1916¹. O manifesto-programa aprobado nesa asemblea², xunto cos numerosos artigos, pronunciamentos, folletos e libros que os irmandiños producen neses anos configuran un ideosistema complexo e un conxunto de reivindicacións dos que salientamos aquí os que consideramos elementos e caracteres principais³:

1. O concepto de Galicia-nación. Partindo da definición de Galicia que elaborara Murguía no século XIX, pero sen darlle a categoría de nación plena, agás nalgunhas pasaxes dos seus escritos rexionalistas⁴, os irmandiños proclaman colectivamente por primeira vez que Galicia é unha nación por ter unha lingua, unha etnicidade, unha historia e un *Volksggeist* singulares e irreducibles ás de calquera outro pobo. Particular importancia na formulación canónica desta idea ten a obra de Vicente Risco, nomeadamente a *Teoría do nacionalismo galego* (1920)⁵. Este concepto é asumido por todas as variantes ideolóxicas do nacionalismo e actúa como núcleo articulador de todo o movemento e alicerce maior dos seus pro-

gramas. Pasa sen cambio algún das Irmandades ao Partido Galeguista.

2. A composición ideolóxica básica. Dentro das Irmandades conviven dúas tendencias ideolóxicas, froito da evolución das análogas da fase rexionalista, a liberal-demócrata e a católico-tradicionista, que seguen a ser as principais no Partido Galeguista. Porén, son apreciables algúns cambios menores nos anos trinta, como son o retroceso da segunda a favor da primeira e o agromar, con pouca forza, dunha terceira tendencia filosocialista.

3. Non hai cambio algún, nin cualitativo nin cuantitativo, na loita pola normalización social da lingua galega nin nos esforzos pola creación dunha alta cultura galega e en galego en todos os ámbitos das letras, as artes, as ciencias sociais e o ensaio.

4. É común tamén o modelo de Estado español plurinacional que se propón, un modelo radicalmente descentralizado que, no que atinxe a distribución vertical da soberanía entre os Estados federados e a Federación, se inspira no do federalismo pimargalliano español do século XIX, se ben difire del en algo fundamental: para o nacionalismo galego, como para o catalán ou o vasco, os suxeitos federables non son entes territoriais a definir pola vontade da cidadanía que acaban configurando unha nación española predeterminada, senón que veñen dados como nacións orgánico-históricas preexistentes (Castela, Cataluña, Euskadi, Galicia) que simplemente acordan libremente a nova estrutura común que en ningún caso é unha nación. Nisto, o programa do Partido Galeguista amosa leves variacións respecto do de Lugo. Xunto a unha radicalización discursiva (fálase da autodeterminación de Galicia no canto de «autonomía integral», que era a

1 Sobre esa transición véx. BERAMENDI (2007: 428-468) e ÍNSUA (2016: 63-298).

2 *Ao Pobo Galego. Manifesto da Asambleia Nazionalista de Lugo*, Lugo, 18 de novembro de 1918, s.i.

3 Unha análise pormenorizada da natureza e evolución deste ideosistema entre 1916 e 1936/1950 en BERAMENDI (2007: 469-644).

4 Sobre o pensamento de Manuel Murguía véx. BERAMENDI, J. (2000): «Un ideólogo singular: Manuel Murguía e as bases da nacionalidade de Galicia», *Boletín da Real Academia Galega* núm. 361, páxs. 73-118.

5 A dependencia de Risco de Murguía na concepción nacional de Galicia resulta explícita nos seus artigos «O sentimento da Terra na raza galega». *Nós* núm. 1, (30/X/1920), páxs. 4-9; e «Galizia Céltiga. A Don Manuel Murguía respetosamente». *Nós* núm. 3, (30/XI/1920), páxs. 5-14; e núm. 5, (24/VII/1921), páxs. 6-12.



Asistentes á Asemblea
Nacionalista de Lugo. 1918

expresión utilizada polas Irmandades da Fala) hai unha moderación táctica, que non estratéxica, pois a realidade do Estado Integral forza a aceptación transitoria dunha autonomía limitada.

5. Tampouco hai alteración na aposta por unha democracia representativa auténtica, incluída a igualdade política das mulleres, e pola conseguinte erradicación do caciquismo. Neste eido, hai dúas diferenzas que non alteran o substancial da postura do nacionalismo galego. A primeira é que, mentres as Irmandades actúan nun marco en que esa democracia non existe, polo que a súa reivindicación é central, o Partido Galeguista desenvólvese nunha democracia nacente e ameazada que cómpre consolidar e defender. A segunda diferenza afecta a forma do réxime político. As Irmandades declaráronse accidentalistas até 1930, isto é, tanto lles daba que houberse monarquía como república en España, sempre que Galicia conseguise o autogoberno. O Partido Galeguista, como as propias Irmandades no seu último ano de existencia, é inequivocamente republicano.

6. A galeguización política do país. As Irmandades da Fala e o Partido Galeguista comparten a idea de que para a construción sociopolítica da nación non abonda coa descentralización do poder no Estado, por radical que esta sexa. Son necesarias ademais outras dúas transformacións. A primeira é que o sistema de partidos en Galicia estea monopolizado ou dominado por organizacións exclusivamente galegas, que tomen as súas decisións dun modo totalmente independente e en función só das características e dos problemas específicos do país, sen depender para nada de cumios organizativos alleos. Na formulación e xustificación desta reivindicación,

que décadas despois se chamarán «forzas políticas propias», salientan algúns escritos de Vicente Risco⁶. A segunda transformación afectaría as administracións públicas, e nomeadamente a da xustiza, que deberían estar a cargo de naturais do país ou de foráneos (poucos) cun fondo coñecemento da lingua e da idiosincrasia galegas, algo que xa reclamaba Manuel Murguía a finais do século XIX⁷.

7. O modelo de desenvolvemento económico e de reforma social é igualmente o mesmo no fundamental. Centrado no sector primario, procura a modernización, o crecemento e a mellora socioeconómica do campesiñado e dos mariñeiros mediante a liberación de cargas sobre a pequena propiedade, a introdución masiva de adiantos técnicos de todo tipo, o cooperativismo, a apertura de novos canles de comercialización, o fomento da agroindustria, o librecambismo que abarate os insumos importados e a eliminación dos atrancos seculares en materia de vías de comunicación terrestre e marítima. A cidades e industria reserváselles o papel de motor auxiliar deste desenvolvemento. O Partido Galeguista intensifica o reformismo socioeconómico até situalo na fronteira da socialdemocracia máis moderada: moderno sistema tributario progresivo deseñado por Alexandre Bóveda, insistencia nesa banca pública que xa reclamara Lois Peña Novo nos anos vinte para financiar a transformación

6 Concretamente «Galiza e os partidos políticos hespañoles». *Rexurdimento* núm. 3 (febreiro de 1923), páxs. 6-7; «A Galiza e o voto en Cortes. A arela mínima do nacionalismo galego». *Rexurdimento* núm. 7 (xuño de 1923), páx. 1. Tamén en *El problema político de Galicia*, Madrid: Compañía Iberoamericana de Publicaciones, 1930.

7 Por exemplo en «Donde estábamos, estamos». *La Patria Gallega* núm. 1, (1/1/1892), páxs. 1-3.



Carné de afiliada ás Irmandades da Fala de Antonia Pardo, nai de Isaac Díaz Pardo. A Coruña, 1918

positiva de cooperativas e pequenas explotacións agrarias, e incorporación ao programa da problemática dos asalariados urbanos: protección social, participación en beneficios, etc.⁸

As diferenzas

Se nos planos ideolóxico e programático predominan claramente as continuidades, nos da organización, acción política e incidencia na sociedade acontece xusto o contrario. As Irmandades teñen o mérito de ser as parteiras do nacionalismo galego, pero adoececeron de graves eivas organizativas e dunha fonda e continua división arredor da táctica (que agochaba as diferenzas ideolóxicas entre demócratas e a dereita católica) que desembocaron

na escisión acaecida na IV Asemblea de 1922 e que lastraron a súa acción política e as levaron a un neto fracaso sociopolítico dende o seu nacemento en maio de 1916 até que a súa actividade normal foi interrompida polo comezo da Ditadura de Miguel Primo de Rivera en setembro de 1923. O número de afiliados non superou a cota dos 700 nos seus mellores momentos, distribuídos desigualmente en menos de 20 grupos locais, dos que só a metade se mantivo permanentemente organizado neses anos: A Coruña (que concentraba máis irmandiños que todos os demais xuntos), Santiago, Ourense, Ferrol, Betanzos, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Monforte, Vilalba, Viveiro e Madrid. E o único resultado electoral que obtiveron foi a elección de Lois Peña Novo como concelleiro da Coruña en 1920. Por outra parte, a súa base social continuaba circunscrita, como no século XIX, a grupos minoritarios das clases medias (85 % do total) con predominio das profesións liberais, os funcionarios medios e os profesores e só un pequeno continxente de comerciantes e pequenos empresarios (15 %). A representación das clases altas era

8 Véx. BERAMENDI, J. e ROCA CENDÁN, M. (eds.) (1994): *Lois Peña Novo, Obra Completa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols.; *Partido Galeguista. Declaración de principios. Programa de acción 1931-1932*. Galicia, Nadal, 1931, s.i. 4 pp.; e BÓVEDA, A., «Proieto de transformación do sistema fiscal galego». *A Nosa Terra* núm. 370, (15/vi/1935), páxs. 2-3 e tamén en «A servidume tributaria de Galicia». *A Nosa Terra* núm. 381, (7/ix/1935), pág. 1.



Asemblea constituinte do Partido Galeguista. Pontevedra, 1931

marxinal (5 %), a dos sectores populares urbanas moi escasa (10 %) e a do campesiñado nula.

Logo da reactivación do nacionalismo, como das demais opcións políticas, durante a chamada *Dictablanda* de Dámaso Berenguer (1930-1931), a superación das eivas anteriores comeza nos primeiros meses da II República. Aínda que moi fragmentado organizativamente e coa maioría dos irmandiños das provincias da Coruña e Lugo enrolados momentaneamente no proxecto republicano-autonomista da ORGA, o nacionalismo é agora quen de levar por primeira vez ao Congreso de Madrid dous deputados elixidos como nacionalistas (Castelao por Pontevedra e Otero Pedrayo por Ourense) e outros dous dentro da candidatura orguista da Coruña (Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo).

Esta transición culmina en decembro de 1931 coa fundación do Partido Galeguista en Pontevedra na que foi asemade a VII (e derradeira) Asemblea Nacionalista das Irmandades e a I Asemblea do PG. A creación deste partido foi un decisivo salto cualitativo no devir do nacionalismo galego. O deseño organizativo, que combinaba axeitadamente unha radical democracia interna coa necesaria disciplina e unidade de acción, xunto cun espírito de concordia e irmandade que aparcou de momento as diferenzas ideolóxicas en aras do obxectivo común e superior do autogoberno de Galicia, permitiron superar con gran rapidez as limitacións organizativas e sociopolíticas dos anos vinte e aproveitar as posibilidades de expansión que ofrecía ao nacionalismo a nacente democracia republicana. Uns poucos datos permiten calibrar a dimensión dese salto. Nos catro anos e medio que median entre decembro de 1931 e xullo de 1936, o número

de afiliados medrou duns 750 a uns 4 600/5 000, pasouse de 22 agrupacións locais a 151, e de conseguir que nas eleccións xerais o número de electores que incluía algún candidato nacionalista nas súa papeleta fose de 55 000 en xuño de 1931, a 119 500 en novembro de 1933 e a 286 000 en febreiro de 1936⁹. Tamén foi espectacular o cambio na procedencia social dos seus militantes. A vella matriz das clases medias, que se reduce a un 25 %, é claramente superada en termos porcentuais polas clases populares urbanas e rurais, que suman agora máis de dous terzos do total (cun 29 % de labregos), mentres que propietarios e grandes empresarios seguen case ausentes (só un 2 %). A natureza social claramente popular que adquiriu o PG tivo algo que ver coa ruptura do equilibrio esquerdas-dereitas que se dera no seo das Irmandades e que tanto contribuíra a paralizalas. Agora son as primeiras as que dominan a organización que vai derivando cara á esquerda na súa política de alianzas cos partidos españois, como única vía para conseguir a autonomía, aínda que iso lle custe dúas pequenas escisións pola dereita.

Este notable crecemento cuantitativo e cualitativo fixo posible que, por primeira vez, o nacionalismo galego, sen chegar aínda a forza maioritaria, si fose un actor político con capacidade de influír na

⁹ O sistema electoral da II República era de listas abertas. O elector podía mesturar nomes das diferentes candidaturas até un 70 % dos deputados a elixir na súa provincia. Para valorar esas cifras na súa medida, cómpre termos en conta que o censo electoral se duplicou en 1933 pola incorporación do voto feminino e que en 1936 o PG concorreu dentro da coalición da Fronte Popular. Con todo, en 1933, cando se presentou en solitario xa obtivo máis votos que o PSOE nas provincias da Coruña e Pontevedra. E en 1936 Castelao foi o máis votado nesta última circunscrición.



Militancia da Irmandade da Fala de Betanzos. Atópanse, entre outros, Manuel Crestar, Lois Ares Miramontes, Salvador Mosteiro, Xosé Ares, Anxo Ramos e Via Golpe. Betanzos, 1918

dinámica política do país. Como ben sabemos, o PG foi o motor do proceso autonómico dos anos trinta. Sen a súa presión permanente, non se chegaría ao triunfo do referendo do Estatuto de Autonomía do 28 de xuño de 1936. E é moi probable que, se houbera tempo para que se establecese e consolidase a autonomía en democracia, a curva de crecemento do nacionalismo galego continuaría até convertelo nunha forza maioritaria. Pero a rebelión militar do 18 de xullo e a Guerra Civil arrasaron brutalmente estes progresos e por moito tempo. ●

Bibliografía

- Ao Pobo Galego. Manifesto da Asambleia Nazionalista de Lugo*. Lugo, 1918.
- BERAMENDI, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- ÍNSUA, E. (2016): *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía.
- RISCO, V. (1920): *Teoría do nacionalismo galego*. Ourense: La Región.



XOSÉ RAMÓN ERMIDA MEILÁN

Investigador

► Visita de Cambó a Compostela. 1917

De esquerda a dereita:
Rodrigo Sanz, Luís Porteiro Garea,
Francesc Cambó e Xesús Culebras

Nacionalismo e sindicalismo na Compostela das Irmandades da Fala

Resumo

As Irmandades da Fala van dedicar esforzos e cadros á actuación política no movemento agrario e operario. Neste traballo achegámonos á participación dos irmandiños de Santiago de Compostela na loita sindical, estudando a súa presenza nas diversas sociedades, explicando as súas propostas tácticas e estratéxicas, examinando as súas liñas de intervención e analizando os obxectivos do seu proceder. A aproximación que propoñemos tenta introducir elementos de análise que permitan explicar as dificultades da actuación do nacionalismo nestes dous movementos, a falta de correspondencia entre o traballo desenvolto e os éxitos obtidos e a influencia que a intervención sindical das Irmandades da Fala vai ter na posición adoptada noutras etapas da historia do nacionalismo.

Palabras chave: Nacionalismo, Sindicalismo, loita de clases, agrarismo, Folga Xeral Revolucionaria, Mártires de Nebra, Santiago de Compostela.

Abstract

The Irmandades da Fala ('The Galician language Brotherhoods') devoted efforts and cadres to political activity within the agricultural and industrial workers' movement. This paper examines the involvement of the members of the Santiago de Compostela Brotherhood in the trade union struggle, studying its presence in different workers' associations, explaining their tactical and strategic proposals and analysing their lines of action and their aims. The approach adopted proposes a series of aspects designed to explain the problems faced by the nationalist movement when acting in these movements, its relative lack of success and the influence that the participation of the Brotherhoods in the trade union movement was to have on other phases of nationalism throughout its history.

Key words: Nationalism, Trade Union movement, Class struggle, Agrarian reform movement, Revolutionary General Strike, The Nebra martyrs.



© Arquivo da familia Culebras

A participación da afiliación da Irmandade da Fala de Compostela no movemento agrario e operario non é un feito orixinal, na medida en que existía unha reflexión partillada no nacionalismo ao respecto, nin tampouco é un suposto excepcional, xa que a participación sindical dos irmandiños se estendía ao longo da nación galega, e aínda menos unha realidade específica. Xa que logo, a vontade de intervir organizadamente na loita agraria e obreira sitúase na batalla do nacionalismo pola hexemonía social, partindo de que ningunha posición política pode acadar a maioría en Galiza sen ser quen de influír e dirixir os dous grandes movementos de masas do momento.

Os irmandiños, moitos dos cales procedían dunha militancia anterior no sindicalismo operario, pero particularmente no agrario, definiron a un tempo unha alternativa táctica e organizativa para incidir no sector, así como unha proposta estratéxica, resultado de toda unha elaboración doutrinal colectiva, de que son mostra as resolucións das diversas asembleas nacionalista, e tamén as análises dos seus máis importantes

cadros.¹ Porén, os esforzos dedicados á loita agraria e operaria non foron acompañados dos éxitos agardados, explicándose estes resultados polas propias debilidades organizativas das Irmandades da Fala, pola súa composición social e pola complexidade e contradicións do movemento agrario e operario. Aínda así, a súa influencia merece relevo no sindicalismo dalgunhas zonas de Galiza.²

1 Destacan para o agrarismo as achegas de Vicente Rico, Lois Peña Novo, Antón Lousada Diéguez ou os irmáns Vilar Ponte. E para o movemento obreiro as de Arturo Noguerol, Xoán Vicente Viqueira ou Ramón Vilar Ponte.

2 A influencia das Irmandades no movemento agrarista é importante en Ortegá, arredor de Pita Romero, Vitoriano Taibo ou Federico Maciñeira; Bergantiños, con San Luis Romero; A Mariña e Meira, arredor de Díaz Villamil, Armando Suárez Couto ou Avelino López Otero; A Estrada e O Deza, arredor de García Barros ou Xosé Vázquez Ulloa; O Salnés, arredor dos Núñez do Couto e logo de Xosé Núñez Bua. No sindicalismo operario, destacan os Irmandiños en Viveiro, onde Ramón Vilar Ponte foi secretario do primeiro sindicato da UXT; Ribadeo, outra vez con Avelino López Otero; Ferrol con Xoán García Niebla, Xaime Quintanilla e Morgado del Valle, e na emigración en Arxentina con Suárez Picallo ou Arturo Baril, ou en Cuba, con Blanco Pascual, Adonis Morón ou Antón Crestar.

«O Estado, após o asasinato en Nebra de cinco persoas, inicia unha campaña de represión contra os labregos que participaron na protesta, aos que tentan embargar os seus bens, e contra as sociedades agrarias e obreiras organizadoras da protesta»

Non é casual que tres dos catro asinantes do chamado para a fundación da Irmandade da Fala de Compostela publicado o 26 de maio de 1916 foran persoas de compromiso previo nas filas do agrarismo ou que destacaran ao pouco pola súa militancia neste movemento. Un deles, Luís Porteiro Garea³, participou no proceso de posta en marcha da Federación de Sociedades Obreras y Agrícolas de Santiago y Pueblos Comarcanos, e na constitución das sociedades do Viso, Villestro ou San Lázaro. Outro, Vitoriano Taibo⁴, promoveu a fundación da Xuntanza Labrega da Ponte de Mera, e participou na promoción e orientación agrarismo en Ortegal. Un terceiro, Xesús Culebras Vázquez⁵ significarase pola súa alongada práctica agrarista.

3 Luís Porteiro Garea (Lugo, 1889-Frades, 1918). Profesor da Facultade de Dereito da USC, avogado dos sindicatos composteláns e concelleiro da cidade, foi un dos principais dirixentes das Irmandades a onde chegou procedente do republicanismo. Porteiro foi determinante para a definición teórica e práctica do nacionalismo galego.

4 Vitoriano Taibo García (Compostela, 1885-Vigo, 1966). Mestre, xornalista e poeta, un dos escritores destacados da Xeración do 16. Foi organizador do movemento agrarista de filiación laica en Compostela e Ortigueira e fundador das Irmandades da Fala, a onde chega procedente do rexionalismo. En 1936 será desterrado de Galiza, manténdose até a súa morte fiel aos principios patrióticos.

5 Xesús Culebras Rodríguez (San Sadurniño, 1876-Madrid, 1941). Veterinario municipal do Carballiño (onde sufriu unha forte persecución), Padrón e Compostela e docente na Escola de Veterinaria desta cidade e na de Madrid. Dirixente da Irmandade de Santiago, recibiu canda Porteiro a Cambó, asinou o Manifesto Nacionalista de Lugo, participou nas tres primeiras Asembleas Nacionalistas e foi delegado da ING en Compostela. Estivo na dirección da Federación Agraria de Padrón e foi un dos referentes do agrarismo. As súa formulacións doutrinarias recóllese en *O agrarismo e o panceltismo*, resumo dunha palestra que pronunciou en Vigo en 1923.

As Irmandades da Fala vanse organizar internamente, segundo fixa o seu regulamento aprobado en 1918, en catro seccións, sendo unha destas a agraria, co mandato estatutario da «organización das sociedades agrarias, vigorizando as existentes e creando outras novas, sempre parroquiaes e baixo un plan determinado para federa-las denspois entre si»⁶. Isto, explica en boa medida, a dedicación que a militancia irmandiña vai dedicar á intervención política no ámbito agrario e o seu impulso as diversas sociedades agrarias de Compostela, como as de San Lázaro, Villestro e O Viso, así como a súa pegada noutras que operaban na comarca. Tanto é así, que diversas sociedades delegarán a súa representación na VII Asemblea Agraria, celebrada na Coruña en 1919, en destacados dirixentes irmandiños, como acontece coa de Ons-Brión, representada por Peña Novo, a da Barcala-Negreira, por Antón Vilar Ponte, ou a de Laraño-Compostela, por Salvador García Bodaño. A un tempo, outras entidades vanse adherir á Asemblea de Lugo de 1918, asinando o Manifesto Nacionalista, como sucede coas do Pino e Touro.⁷

Merece unha atención especial a actuación dos nacionalistas composteláns nos círculos agrarios das comarcas de Padrón e A Barcala, pero tamén nas localidades de orixe dalgunha da súa militancia. A Federación Agraria do Partido Xudicial de Padrón, ao tempo que establece vínculos firmes entre os agrarios de Dodro, Padrón e Rianxo, vai pronunciarse en 1919 a favor da autonomía de Galiza e

6 IRMANDADE DA CRUÑA (1918): *Regramento das Irmandades da Fala*. A Coruña: Imprenta de la Papelera Gallega, p. 14.

7 CABO VILLAVERDE, M. (1998): *O agrarismo*. Vigo: A Nosa Terra, páx. 138.



Manuel Mesejo Campos,
no centro de pé, canda
militancia agrarista
de Cuntis. Cuntis, 1920

participar na II Asemblea Nacionalista.⁸ Malia todo, será na Comarca da Barcala, onde o nacionalismo manteña unha presenza máis continuada no tempo, alongándose a súa influencia até antes da Guerra Civil Española. Sociedades como as de Luaña, Liñaio, Ons, Aro, Bastavales, Negreira, Logrosa, Trasmonte e Lañas, tamén a Federación Agrario Rexionalista do Partido de Muros-Negreira, fundada en 1919, baixo a influencia de Salvador García Bodaño⁹, son bo exemplo do dito. A Irmandade da Fala da Compostela, dado o importante peso que vai ter o estudantado entre a súa militancia, operará como unha escola de cadros e nutrirá de dirixentes o movemento agrario de diversas zonas de Galiza.¹⁰

As primeiras novas sobre a axitación nacionalista no eido agrario de Compostela coinciden cos sucesos que seguen ao asasinato de varios labregos que protestaban en Nebra (Porto de Son), en

outubro de 1916. O 28 de outubro morre no Hospital de Compostela Rosa Cárdoniga, unha das labregas tiroteadas pola Garda Civil en Nebra, o enterro, organizado polas sociedades agrarias e obreiras da cidade, remata coas palabras do irmandiño Manuel María González¹¹. O Estado, após o asasinato en Nebra de cinco persoas, inicia unha campaña de represión contra os labregos que participaron na protesta, aos que tentan embargar os seus bens, e contra as sociedades agrarias e obreiras organizadoras da protesta. A defensa xurídica das entidades e persoas caerá en mans de Porteiro Garea, que conseguirá á fin, co apoio da forte mobilización social en toda Galiza, evitar as sancións promovidas desde o Goberno. Malia todo, a propaganda irmandiña entre os labregos e as labregas da comarca vive o seu punto álxido en 1918, concretamente nos meses previos á Asemblea de Lugo.¹²

A actuación da Irmandade da Fala da Compostela continuará na mesma liña até practicamente o golpe de estado de Primo de Rivera, se ben a debilidade da organización vai facer que perda intensidade e efectividade. Aínda así, os irmandiños seguen a cubrir cos seus mítins toda a comarca,

8 Nela, Manuel Antonio (e o seu curmán, o pedagogo Roxelio Pérez, *Roxerius*), actuarán como axitadores agrarios. O poeta dá a coñecer o primeiro poema en *La Redención*, o voceiro dos agraristas do Partido Xudicial de Padrón.

9 Salvador García Bodaño (Negreira, 1896-Compostela, 1956) é chave para entender a influencia dos Irmandiños no agrarismo da Barcala. Foi procurador e xornalista, un dos fundadores da Irmandade de Compostela; en 1921 foi candidato nacionalista á Deputado Provincial polo Partido Xudicial de Negreira. O seu compromiso patriótico e agrarista irán da man até os albores da II República; dirixiu *A Fouce* (1919), voceiro da Federación Agrario Rexionalista do Partido de Muros-Negreira, no que colaboraron Antón Vilar Ponte ou Peña Novo e o uso do galego era maioritario.

10 Sinalamos Ortegá (foron referentes Vitoriano Taibo e particularmente Leandro Pita Romero), Cuntis, o Deza e o sur de Pontevedra. En Cuntis destacou Manuel Mesejo Campos, estudante de maxisterio en Compostela e militante da súa Irmandade, xornalista e dramaturgo. En Silleda Xosé Vázquez Ulloa, estudante de dereito, chave na acción agrarista neste Concello nos anos anteriores á Ditadura de Primo de Rivera. O xornalista e avogado de Cambados Ramón Salgado, fundador da Irmandade de Compostela, será decisivo na loita agraria no Salnés e no Baixo Miño.

11 Manuel M.^a González López Pardo (Lugo, 1890-A Coruña, 1975). Avogado, directivo de Centro Republicano e fundador da Irmandade da Fala de Compostela, abandonará a militancia nacionalista por volta de 1919, para orientarse cara ao republicanismo. Foi gobernador civil na II República, sumárase aos sublevados en 1936 (refúxiase no Alcázar de Toledo) e participa como defensor en varios consellos de guerra durante o franquismo.

12 En xullo, Porteiro Garea intervéñen na inauguración da Semana Agrícola de Santiago, nese mes toma a palabra en Padrón, xunto con Castelao, Culebras, Vilar Ponte, Peña Novo e Ramón Cabanillas. En agosto, en Touro, Peña Nova fala diante de 2 000 labregos, en novembro, en Negreira, interveñen García Bodaño, Culebras e García Barros.



Salvador García Bodaño, á dereita, canda un directivo do Centro Galego e Camilo Díaz Baliño. Bos Aires, 1930

siñificándose a súa presenza en Teo, Rois e Padrón, participando os seus cadros en actos ao longo de toda Galiza. Neste contexto, entre os seus logros, debemos situar a elección como deputado provincial, facendo parte dunha candidatura agrarista, do irmandiño Francisco Vázquez Enríquez. Máis unha vez, a Barcala opera como unha illa dentro do problema organizativo no cal se atopaba a Irmandade de Compostela nos meses previos ao golpe de estado do xeral Primo de Rivera, organizando grandes actos de masas en 1923.¹³

Á diferenza do acontecido no agrarismo, a decisión de intervir organizadamente no sindicalismo operario é serodia. Se ben, como xa indicamos, a participación da militancia irmandiña no movemento obreiro está xa documentada desde as orixes da organización, non será até a V Asemblea Nacionalista, celebrada na Coruña en marzo de 1923, cando as

Irmandades da Fala acordan promover unha alternativa sindical de orientación nacionalista, partindo da consideración de Galiza como un espazo propio para a loita de clases. A resolución desta Asemblea establece a constitución da Confederación do Traballo Galego, así como dunha comisión encargada de elaborar un estudo para a súa posta en marcha no prazo de tres meses, descoñecéndose as razóns polas que non se chegará a facer efectivo o acordo, aínda que algunhas das razóns semellan ser a debilidade da propia organización, fendida após a marcha do sector coruñés, e o golpe de Primo de Rivera. O que coñecemos é a composición da comisión encargada de elaborar o traballo, conformada por catro militantes de recoñecida práctica sindical: Ramón Vilar Ponte, Xaime Quintanilla, Xosé María Calviño, militante da CNT coruñesa, e Cesar Parapar, activista nos círculos obreiros de Viveiro.

A etapa de máis actividade dos irmandiños no movemento obreiro compostelán vai coincidir cos momentos iniciais da organización, como consecuencia de que entre o seu grupo fundacional se atopan persoas vinculadas á loita sindical operaria

13 En febreiro, Xesús Culebras e García Bodaño participan nun mitin en Logrosa-Negreira. En marzo, Culebras, García Bodaño e Dionisio Quintillán dirixense a máis de 1 000 persoas na Baña, e máis outra vez no Concello de Negreira no mes de agosto, onde tamén falan Manuel Ruso, García Barros, García Bodaño e Culebras.



Xosé Pasín Romero, dirixente obreiro e directivo da Irmandade da Fala de Compostela. Anos 50

como Lois Porteiro Garea, Manuel María González, Xaime Quintanilla¹⁴ e particularmente Xosé Pasín Romero¹⁵. Porén, o nacionalismo vai enfrontar moitas dificultades para intervir no movemento obreiro compostelán. Ás debilidades derivadas da falla de afiliación operaria e de circunstancias internas, como a morte prematura de Porteiro, a marcha de Quintanilla para Ferrol ou o abandono de Pasín, súmanse factores alleos, como os que explica nas súas memorias Lois Tobío. O de Viveiro indica que canda unha maioría de obreiros carentes de

14 Xaime Quintanilla González (A Coruña, 1891-Ferrol, 1936). Médico, militante libertario nos seus anos universitarios, fundador da Irmandade da Fala de Compostela, dirixente principal da Irmandade de Ferrol, destacou como dramaturgo. Após abandonar a militancia nacionalista en 1925, incorporárase ao PSOE, organización coa que ocuparía a Alcaldía de Ferrol. Morre fusilado en 1936.

15 Xosé Pasín Romero (Santiago 1876-1960). Ebanista e o dirixente obreiro máis destacado de Compostela de finais do s. XIX e das dúas primeiras décadas do s. XX, foi o coordinador en Galiza da Folga Xeral Revolucionaria de 1917. Foi militante republicano, concelleiro en Compostela na I Restauración e na II República e fixo parte do núcleo fundacional da Irmandade da Fala e da súa primeira xunta directiva. Abandona o nacionalismo por volta de 1918.

«Non será até a V Asemblea Nacionalista, celebrada na Coruña en marzo de 1923, cando as Irmandades da Fala acordan promover unha alternativa sindical de orientación nacionalista, partindo da consideración de Galiza como un espazo propio para a loita de clases.»

preocupacións políticas, atopábase outro grupo de «(...) engaiolados polo universalismo uniformista e igualitario. A estes obreiros máis ou menos intelectualizados non se lles podía falar de galeguismo por coidalo retrógrado: soñaban cun mundo sen fronteiras, a falar todos unha soa lingua (...)» (TOBÍO FERNÁNDEZ, 1994: 168).

Un percorrido polas organizacións obreiras da Compostela das Irmandades da Fala, permítenos seguir a presenza dos nacionalistas nas mesmas, unha presenza que nunca foi moi numerosa e que declina de xeito claro na década dos anos vinte. En Santiago, ao tempo que se constitúe a sección local Irmandade, bota a andar en xullo de 1916, a Federación de Sociedades Obreras y Agrícolas de Santiago y Pueblos Comarcados¹⁶. A súa beira, pero confrontada á anterior pola influencia que exercía na mesma o Partido Socialista, atopamos a Sociedade de Canteiros, a máis antiga da cidade con perto de 300 traballadores, na cal era secretario Xoán Xesús González¹⁷. O declive da federación de Pasín e o peso da ideoloxía libertaria nos sectores operarios da cidade, darán paso á reorganización sindical do Centro Obrero, vinculado á CNT, que, por volta de 1924, supera os 1 000 afiliados, en cuxas filas atopamos a Manuel Antonio, Roxelio Pérez ou Xesús

16 Dirixida por Xosé Pasín, impulsou a Folga Xeral de 1917 e contou nas súas filas arredor de 700 obreiros, destacando os carpinteiros, autentica columna vertebral da entidade e do obreirismo compostelán.

17 Xoán Xesús González Fernández (Cuntis, 1895-Compostela, 1936). Canteiro, mestre, xornalista e avogado. Compaxinou a súa militancia en organizacións nacionalistas como as Irmandades da Fala ou a USC, coa súa participación no movemento obreiro e agrario. Foi promotor de iniciativas culturais como a Librería Niké e fusilado en 1936 por participar na resistencia ao golpe franquista en Compostela.



Esquerda: Xoán Xesús González, militante operario e nacionalista, fusilado en Compostela en 1936. Compostela, 1927

Dereita: Xesús Culebras, activista agrario e fundador da Irmandade da Fala de Compostela. Madrid (España), 1934

Pose¹⁸. Merece consideración particular a participación nacionalista no movemento sindical do ensino, destacándose na constitución, impulso e orientación da Asociación de Maestros de Compostela¹⁹.

A Folga Xeral Revolucionaria de agosto 1917, episodio chave da loita obreira e política no conxunto do Estado, vai contar en Compostela cunha grande participación da militancia nacionalista. A folga convocada para demandar a solución ao problema das subsistencias, alongarase entre o 13 e 22 de agosto, mantendo as xuntanzas o Comité de Folga na fonda La Lucense, propiedade do nacionalista Ramón Morandeira, onde se agocharan parte do armamento e do material de sabotaxe.²⁰ A derrota da Folga supón o encarceramento de arredor de 100 persoas, entre as que se atopan irmandiños como Manuel María González, Ramón Salgado, Xesús San Luís Romero, Ramón Morandeira, Lois Porteiro, que xa ceibo se encargará da defensa xurídica dos detidos, ou Vitoriano Taibo, que partillou calabozo con Pasín e a quen este lembra nas súas memorias recibíndoo no cárcere de Compostela cantando a Internacional (PEREIRA GONZÁLEZ, 2012: 202).

18 Xesús Posé García (nado en Compostela e morto nela en 1940). Carpinteiro e conserxe da Universidade. Estivo afiliado, a un tempo, afiliado a Armonía Libertaria e a Irmandade compostelá, participou no artellamento da Federación Obreira de Santiago, foi peza chave na prensa obreira e progresista até 1936, ano no que é represaliado. Destacou como actor en diversos grupos teatrais de orientación libertaria con un *roll* importante na sociabilidade da cultura proletaria en Compostela.

19 Fundada en 1921, contou como secretario no seu primeiro trienio a Rafael Fernández Casas, asasinado en 1936, a Bernardo Mato Castro, irmandiño da Estrada, como presidente, tamén asasinado en 1936.

20 A Folga Xeral ten o seus prolegómenos en Compostela en xullo, tras un paro xeral de 12 días polo asasinato dun dirixente agrario de Villestro, que rematará coa dimisión do alcalde e o triunfo operario.

A colaboración entre o nacionalismo e sindicalismo operario vivirá outro capítulo no ámbito cultural. A finais de xaneiro de 1918, o grupo de teatro Brisas Futuras, impulsado en 1916 polo colectivo anarquista Armonía Libertaria, estrea no Teatro Principal a peza teatral *O Fidalgo*, escrita polo irmandiño Xesús San Luís Romero, onde sobresaleu como protagonista Xesús Pose.

A loita do nacionalismo no movemento agrario e operario gañará en intensidade e efectividade no período republicano da man do herdeiro político e ideolóxico das Irmandades da Fala, o Partido Galeguista, que sobre a construción doutrinal irmandiña porá en marcha unha ferramenta política máis eficaz e cunha clara vontade de operar como organización de masas²¹. O Golpe de Estado de Franco, a represión e aniquilación do movemento popular e dos seus cadros, farán que o nacionalismo teña que agardar até os anos finais da Ditadura para volver a intervir nos sector labrego e operario, agora si cunha clarificación doutrinal e cunha disposición que lle vai permitir disputar a hexemonía ao españolismo e colocar o sindicalismo labrego e operario como pezas centrais no proceso de liberación nacional. ●

21 A pegada nacionalista, entre 1931 e 1936, sentírase en sociedades agrarias como as do Val do Dubra, dirixidas polo secretario local do Partido Galeguista Ramiro Rodríguez; da Barcala, a medio de Pousa Antelo; de Brión, onde se sinalaba o secretario do PG de Bastavales Ramón Leborín, ou en Ordes, onde o PG se organiza en base aos antigos agrarios. Outro tanto acontece no movemento operario, destacando no sindicalismo do ensino (que presidía Bernardo Mato), nos sindicatos de Teo, onde Xosé Vázquez, alcalde nacionalista logo exiliado en Arxentina, partillaba a dirección cos irmáns Liste, en Ordes ou en Compostela, onde a afiliación nacionalista facía parte da poderosa CNT local.

Bibliografía

- A NOSA TERRA. A Coruña: Ed. Edman. Edición fac-símile. t. I, II, III, IV, V, e VI.
- BERAMENDI, J. G. (2007): *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- CABO VILLAVERDE, M. (1998): *O Agrarismo*. Vigo: A Nosa Terra.
- DIÉGUEZ CEQUIEL, U. (coord.) (2016): *As Irmandades da Fala (1916-1931)*. Santiago: Laivento.
- ERMIDA MEILÁN, X. R. (2016): *Mortos por amor a Terra. A represión sobre o nacionalismo galego (1936-1950)*. Santiago: Sermos Galiza.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, L. (1992): «Obreiros e patronos organizados na Compostela dos anos 20». In PEREIRA GONZÁLEZ, D. (coord.) *Os conquistadores modernos*. Vigo: A Nosa Terra, páxs. 47-63.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. (2016): *A nosa terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía Edicións.
- IRMANDADE DA CRUÑA. (1918): *Regramento das Irmandades da Fala*. A Coruña: Imprenta de la Papelera Gallega.
- LA LUCHA SOCIAL. Santiago de Compostela. Anos revisados 1919/1921.
- LIÑARES GIRAUT, X. A. (1986): *O Val de Barcala. 1900-1936*. Negreira: Feiraco.
- PEREIRA GONZÁLEZ, D. (2012): *José Pasín Romero. Memoria do proletariado militante en Compostela*. Compostela: Fundación 10 de Marzo.
- PEREIRA GONZÁLEZ, D. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, E. (17-19 de novembro de 2016): *Nacionalismo e anarquismo na Galiza: encontros e desencontros entre liberación nacional, internacionalismo e revolución social (1840-1936)*. Relatorio presentado no simposio Repensando Galiza: as Irmandades da Fala (1916-1931). Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego (e. p.).
- PÉREZ SÁNCHEZ, M. A. (2015): *Manuel Antonio. Obra completa III.-Epistolario*. A Coruña: Real Academia Galega/Fundación Barrié.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (2016): *A revolución bolxevique e as Irmandades da Fala*. In MOURE MOURE, T. (coord.) *Bolxeviques*. Vigo: Xerais, páxs. 109-129.
- (17-19 de novembro de 2016): *As Irmandades da Fala e o agrarismo*. Relatorio presentado no simposio «Repensando Galiza: as Irmandades da Fala (1916-1931)». Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego (e. p.).
- TOBÍO FERNÁNDEZ, L. (1994): *As décadas de T. L.* Sada: Edicións do Castro.
- VÁZQUEZ SOUZA, E. (2000): *Ánxel Casal: biografía no seu contexto cultural, político e empresarial*. Tese de doutoramento, Universidade da Coruña.



ROSA ANEIROS

Xornalista

► Inauguración dunha exposición de Cebreiro. A Coruña, 1920

De esquerda a dereita:
Vítor Casas, (...), Álvaro Cebreiro, Antón Vilar Ponte, Evaristo Correa Calderón, Bernardino Varela do Campo, Plácido Castro e Emilio Madariaga

Coñecelo e recoñecelo: A estratexia comunicativa das Irmandades da Fala

Resumo

Os membros das Irmandades da Fala eran ben conscientes da importancia da difusión pública do seu ideario e, nese sentido, o uso da prensa foi fundamental. Deste xeito, estableceron unha estratexia comunicativa ben definida –tanto en cabeceiras propias como afíns– que procuraba que o *coñecido* fose *recoñecido* para así *facer conciencia* e *sentimento* ou, dito doutro xeito, que a palabra se convertese en motor de acción social.

Palabras chave: prensa, *Diario de Galicia*, *Gaceta de Galicia*, *El Compostelano*, *El Noticiero gallego*, *El Correo de Galicia*. *A Nosa Terra*.

Abstract

The members of the Language Brotherhoods were well aware of the need to spread their ideas to the general public, to which end the written press was to be of key importance. With that aim in mind, they set up a clearly defined communication strategy for both their own and allied press in order to make their ideas more widely known, raising awareness and creating feeling. In short, the written word become the driving force behind their social action.

Key words: *written press*, *Diario de Galicia*, *Gaceta de Galicia*, *El Compostelano*, *El Noticiero gallego*, *El Correo de Galicia*, *A Nosa Terra*.



© Nomes e voces

Ós lectores: Decataivos: Non se fai público este discurso porque nél se describa algún mar novo, nin siquiera unha laxa que non esteña en total-as cartas. Ben sei qu' esto é conecido; mais é preciso reconocele, e facer conciencia e sentimento do que cicais non pasou en moitos de idea luminosa, pro fría e tristeira coma lua nunha noite de xiada.

Así iniciaba Luís Porteiro Garea o seu discurso ao fundarse a Hirmandá en Santiago, o 28 de maio de 1916. Estas palabras dan clara idea da importancia que os membros das irmandades outorgaban á difusión do seu ideario e, nese sentido, o uso da prensa foi fundamental. A súa estratexia comunicativa procuraba que o coñecido fose recoñecido para así facer conciencia e sentimento ou, dito doutro xeito, que a palabra se convertese en motor de acción social. Xaora, as Irmandades deron o paso definitivo cara aos medios de comunicación de masas e cara ao establecemento dunha opinión pública proclive aos seus postulados ideolóxicos. Para iso empregaron medios de comunicación propios (cunha gran impotencia por non poder

sostelos economicamente, ademais dos efectos da conxuntura política e censura) e unha presenza pertinaz en medios de comunicación alleos, onde crearon grandes tensións principalmente a través de artigos de opinión. Así, a presenza de irmandiños en diversas cabeceiras da época, tamén nas comarcais, é certamente abraiante e torna aínda máis heroico o seu labor, a construción discursiva a partir do case nada e para chegar a case todos, un case todos que aínda non tiña moita facilidade de o escoitar, e moito menos ler.

Prensa propia e afín

Até o ano 1907, o século XIX segue a arrastrarse preguiceiro nese ámbito intermareal que é a prensa en galego onde a seca se alterna con lagarteiras que agoiran unha fecundidade que nunca dá chegado. Os períodos de silencio morren, de súpeto, co nacemento de cabeceiras que supoñen lóstregos no ermo das letras en molde. Así, foi en 1907 cando nace *A Nosa Terra*, cabeceira bilingüe de Solidaridad Gallega e que dura cinco anos, até 1912. En 1916 as Irmandades da Fala recuperaríano para a



De esquerda a dereita: o xornalista Manuel Lustres Rivas, militante das Irmandades da Fala asasinado polo franquismo en 1936, Fernández Mato e Xulio Sigüenza. Compostela, 1911

diseminación do seu ideario. Contra os localismos e os monolingües en castelán proclámase dende as primeiras liñas un 14 de novembro de 1916 *A Nosa Terra. Boletín decenal. Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'America e Portugal*. Baixo a proclama de «A bandeira ergueita» sinala Antón Villar Ponte as liñas clave do seu argumentario: «A nosa terra precisa un boletín, xa que hastr'a agora hai xornales e revistas de gallegos, mais nin un soyo de Galicia, esquirto en gallego y-en Galicia, pra Galicia.»¹

Con contidos centrados nos postulados dos militantes das Irmandades e centrados en Galicia e os seus problemas, quer economía, política institucional, literatura ou arquitectura, e, por suposto, a cuestión lingüístico-identitaria, ben ancorada na difusión literaria e na aposta monolingüe da cabeceira, *A Nosa Terra* converteuse no voceiro das Irmandades da Fala e altofalante das súas preocupacións. Pero non abundaba con esta cabeceira. Os irmandiños, no seu afán proselitista, querían máis. Antón Villar Ponte insistía, recollendo unha idea exposta por Amador Montenegro Saavedra en *Estudios Gallegos*, en que na prensa galega cumpría aumentar paseniñamente, sequera unha vez por semana, a presenza da lingua galega nas súas páxinas, fomentando sobre todo a aparición de traballos en prosa. Así, en períodos concretos, o protagonismo doutras cabeceiras, ademais de *A Nosa Terra*, foi singular. Falamos de *El Correo Gallego* de Ferrol, *El Noroeste* da Coruña, *La Zarpa*, *El Pueblo Gallego* ou *Galicia*. Diario de Vigo, dos que pola súa importancia cumpriría deternos amplamente. Por outro lado,

ao pé destes medios propios e medios afíns, non debemos esquecer a hostilidade manifesta nalgúns medios, particularmente coa orientación do pensamento irmandiño cara ao nacionalismo. Falamos de *Vida Gallega*, *La Oliva*, pero tamén *La Voz de Galicia* ou o *Faro de Vigo*. Esta masiva presenza de irmandiños na prensa fixo vehicular a opinión cara ao seu ideario e os afectos e desafectos estouraron da man da evolución ideolóxica dos seus líderes. Sendo importante o papel de nomes como Xaime Quintanilla en Ferrol, ou Hixinio V. Ameixeiras en Ourense, cómpre salientar Antón Villar Ponte, unha sinatura case omnipresente na prensa da época con gran peso –variable en distintas épocas– na redacción e dirección de *A Nosa Terra*, *La Zarpa*, *La Voz de Galicia*, *El Noroeste* ou o *Galicia* de Vigo. Tamén en cabeceiras de América, principalmente Arxentina e Cuba. A Asemblea de Lugo aproba un regulamento en outono de 1918 en que fixa na Sección de Cultura e Fala a necesidade da posta en marcha dun «xornal esquirto en galego», enténdese que diario como complemento informativo do decenario *A Nosa Terra*. Non é necesario que engadamos que este sería para toda Galicia e lonxe de criterios localistas, porque non cabe ningunha dúbida do obxectivo irmandiño. Non chegarían a conseguilo.

O xornalismo compostelán

Que atopamos na prensa compostelá? Nacida a Irmandade da Fala coruñesa un 18 de maio de 1916, dez días despois xúntase a de Santiago, quen tivo entre os seus promotores o catedrático Lois Porteiro Garea, o médico Xaime Quintanilla, o catedrático Xesús R. Culebras, o arquitecto Felipe Cimadevila Rey e o estudante Victoriano Taibo,

¹ *A Nosa Terra* núm. 1 (1916) páx. 1.,



A Nosa Terra, boletín das Irmandades da Fala. Exemplar correspondente a agosto de 1925 visado pola censura. A Coruña, 1925

«Con contidos centrados nos postulados dos militantes das Irmandades e centrados en Galicia e os seus problemas (...) A Nosa Terra converteuse no voceiro das Irmandades e altofalante das súas preocupacións. Pero non abundaba con esta cabeceira»

aos que axiña se sumaron nomes como Lois Peña Novo, Gil Casares, Salvador Cabeza de León, Antonio López Carballeira, García Romero, Salustiano Portela, Miguel Ferrer ou Ramón Salgado. A significancia dos seus nomes provocou grande acollida inicial nas cabeceiras da época, nomeadamente no *Diario de Galicia* de onde era director o irmandiño Miguel Ferrer, e na *Gaceta de Galicia*, dirixida por Francisco Vázquez Enríquez. Cómpre sinalar que este apoio efusivo dos primeiros pasos non duraría no tempo. A morte temperá de Porteiro Garea e as leas internas entre a dereita relixiosa e a esquerda máis nova tería moito que ver con isto, ademais do devir ideolóxico do colectivo que acabou provocando iradas columnas de rexeitamento e unha ringleira ruidosa de detractores na propia prensa que con tanto entusiasmo os acollera.

Disposto a «escribir semanalmente en un buen periódico y en gallego, no sobre Contos de San d'Outeiro, sino con toda la seriedad sobre cuestiones de interés internacional o regional» exprésalle Porteiro Garea a Antón Villar Ponte en 1916. E así foi. Os medios composteláns, na liña de gran parte

dos medios galegos abeizoaron a saída de *Nuestra afirmación regional* e o nacemento e espallamento das Irmandades por vilas e cidades. Así, o *Diario de Galicia* adhérese inicialmente con todo o entusiasmo á Irmandade desde Compostela, «ciudad que es corazón de la patria gallega». As albizaras da prensa resultan entusiastas. Unha pequena pescuda nos fondos de *Galiciana* pola prensa compostelá da época déitanos unha significativa estampa. Non é exhaustiva porque os fondos de *Galiciana* non son completos, de feito de *Terra Gallega*, da que só saíron probablemente dous números e de *El Eco de Santiago* (xornal católico-conservador fundado por Celestino Sánchez Rivera en 1896 e desaparecido en 1938) non puidemos consultar nada, pero a panorámica consultada permite asollar a importancia que o nacemento da Irmandade da Fala de Santiago tivo entre as cabeceiras da cidade.

Diario de Galicia. Neste periódico (1908-1930), auspiciado polo cardeal Martín de Herrera de tendencia católico-monárquica e baixo o lema «Religión, Patria, Política católica», atopamos unhas trinta informacións sobre as Irmandades. Entre

**«A prensa capitalina
continuaba a arrastrar os
modelos vellos do século XIX,
con forte peso eclesiástico,
sen ningunha cabeceira que
dera un paso adiante cara
ao que xa era tendencia
clara na prensa europea»**

todas elas, salientamos as informacións en lugar ben visible que no mes de xuño de 1916 anuncian o nacemento da Irmandade². Un ano máis tarde, a chegada de Cambó e da delegación catalá propiciará, como no caso da *Gaceta*, un amplo tratamento informativo que ocupará mesmo portadas enteiras (18/12/1917) «Propaganda regionalista: Personalidades del regionalismo catalán: Discursos del señor Cambó en Santiago». No referente a medios, damos conta da noticia do 31 de xaneiro de 1918 en que se fala da compra de *El Noroeste* por 160 000 pesetas por parte dos catalanistas para servir, ou iso coidaban, á causa irmandiña. Banquetes, homenaxe a Rosalía, conferencia de Porteiro na Coruña, a estrea de *O Fidalgo* tamén teñen o seu oco xunto ás vicisitudes internas como a convocatoria da assemblea de Lugo en novembro de 1918 e unha carta de Vitoriano Taibo en que nega o rumor de que dimitira o Consello da Irmandade compostelá e esixe a publicación da rectificación.

El Compostelano (1920-1946). Atopamos aquí unhas 38 referencias, basicamente centradas na actividade cultural da Irmandade. Entre elas, a publicación dun anaco do *Conto de guerra* de Camilo Díaz Baliño (23/06/1928), publicación editada en beneficio da Escola das Irmandades e, significativamente unha noticia do 22 de xullo de 1935 en que lembran o nacemento temperá en 1916 da Irmandade da Fala santiaguesa.

² O 02/06 o anuncio da reunión da Irmandade na Sociedad Económica; o 07/06 reproducen un artigo de Miguel Gil Casares co «llamamiento a los buenos gallegos» saído en *El Eco de Santiago*, unha arenga para secundar a causa irmandiña; o 08/07 o regramento a aprobar o domingo (en galego) e o 11 de xullo a aprobación do regulamento (en galego tamén).

El Correo de Galicia. Aparecen unhas 20 citas. Esta cabeceira publica en portada o 30 de maio de 1916 a primeira parte do famoso discurso de Porteiro na xunta da Irmandade. Conferencias, xuntas directivas, nacemento das Irmandades da Fala en diferentes cidades e mitins son outras das noticias aparecidas. Destacamos o agradecemento da cabeceira (14/12/17), ao convite feito pola Irmandade da Fala para asistiren á Asemblea Rexionalista do día 17 no Teatro Principal, o eco pola morte de Luis Porteiro Garea e a publicidade da velada necrolóxica na Coruña no inverno de 1918.

Como o Diario de Galicia, a *Gaceta de Galicia*, diario decano da prensa de Compostela, abre as súas páxinas xenerosamente á causa irmandiña e podemos consideralo mesmo o seu voceiro oficioso na cidade. Esta cabeceira, vixente entre 1879 e 1918, foi propiedade de Manuel Bibiano Fernández e logo de Antonio Fernández Tafall. Chegou a ter en 1913 unha tiraxe de 1 200 exemplares. A súa liña era de criterio liberal, afecta a Montero Ríos, e abriu as súas páxinas ás xuventudes estudantís. Demos cunhas sesenta referencias ás Irmandades ou Hirmandades. Baixo o título «O rexurdir da terra», asinado por XEREAL, atopamos a convocatoria de «...catro rapaces, d' acceso entusiasmo galego quens puxeron nas nosas mans esta convocatoria: a fundación da Hirmandade en Santiago, nunha xuntanza no salón baixo do Círculo Católico de Obreiros o prósimo domingo». A nova publicouse o 27 de maio de 1916 e os catro mozos eran Luis Porteiro Garea, Jesús Culebras, Felipe Cimadevila e Vitoriano Taibo.

Dous días despois aparece outro artigo en galego cun elocuente título «Os amigos da fala vai para diante» que remata «O lume esta acceso, agora



Homenaxe a Francisco Vázquez Enríquez, Director da *Gaceta de Galicia*, con motivo da súa elección como deputado nacionalista polo Partido Xudicial de Compostela. Compostela, 1921

avivalo». A composición do Consello (02/06), un poema á Hirmandade de Fr. Alfonso Rey (19/06) e a publicación do regulamento que será debatido na xuntanza do domingo (asinado o 1 de xullo e publicado o 8 de xullo) e o nomeamento do Consello serán outras das novas publicadas. Esta aparición recorrente das novas da Irmandade da Fala compostelán é froito da liña do xornal. Non esquezamos que o seu director Francisco Vázquez Enríquez foi un activo irmandiño e primeiro conselleiro durante unha época. A visita de Cambó e a delegación catalá xunta, como vimos no caso do Diario de Galicia, os esforzos da cabeceira na información de «propaganda regionalista». Á saúda de Porteiro Garea á visita de Cambó (13/12/1917) debemos sumar as informacións da propia chegada da delegación a Santiago. Así, o 17 de decembro toda a portada aparece dedicada a «La semana catalana. Propaganda regionalista». A este tema dedican a portada e unha páxina interior.

O director Francisco Vázquez Enríquez asina unha elocuente saúda en galego que remata dicindo «*Gaceta de Galicia*, respondendo o símbolo que o seu nome encerra, saúdavos un forte abrazo de irmáns». Dous días despois dan conta en portada novamente do banquete co que a delegación foi agasallada e na que interveu o propio Francisco Vázquez Enríquez. Medio ano despois, toda a portada volve ser ocupada por A Irmandade da Fala e a Semana Regionalista en que fan público o seu programa nun artigo asinado por Porteiro Garea. A súa morte e velada necrolóxica serán tamén amplamente recollidos. Ademais das causas políticas, aparecen tamén numerosas informacións de banquetes, actos literarios e a inauguración do busto de Rosalía.

El Noticiero Gallego. É o continuador da desaparecida *Gaceta de Galicia*, pero pouco ha durar. Editado en Xelmírez 23, ofrécenos cinco noticias, entre elas o 26/12/1918, a constitución da Irmandade da Fala feminina na Coruña con máis de 200 socias. As outras son referidas á publicidade de xuntanzas e a concursos culturais de diversa índole.

Así pois, e no que atinxe directamente á prensa compostelá, os irmandiños non abriron unha cabeceira propia xeralista estable, talvez por incapacidade económica e material ou quizais porque a prensa santiaguesa, nomeadamente *Gaceta de Galicia* e *Diario de Galicia*, estaban totalmente entregados á causa irmandiña nun primeiro momento e a presenza dos seus membros nos cadros de dirección e colaboradores tiña moito peso. Tampouco xurdiu no seu tempo ningunha cabeceira significativa con deseño moderno e contidos xornalísticos interpretativos. A prensa capitalina continuaba a arrastrar os modelos vellos do século XIX, con forte peso eclesiástico, sen ningunha cabeceira que dera un paso adiante cara ao que xa era tendencia clara na prensa europea.

Conclusiones: O lume esta acceso agora avivalo: coñecelo e recoñecelo

Margarita Ledo, ao fío de *A Nosa Terra* e do *Galicia. Diario de Vigo*, falaba da dualidade prensa e galeguismo, ese par de dous, que conflúen e diverxen na aparición de diversas iniciativas que desaparecen, ou ben por conxunturas históricas ou, na máis dos casos, por fraqueza económica, unha mágoa da que se laieron ao longo das décadas os seus entusiastas –pero pobres– promotores. E cando digo ‘pobres’ referímonos á ausencia de grupos fortes

«A prensa mudaba e sobraba talento profesional para contar, para facer coñecer e recoñecer (...) Antón Villar Ponte, Roberto Blanco Torres, Lustres Rivas, Castelao, Losada Diéguez... Pero faltaron apoios económicos para unha cabeceira monolingüe diaria que apostara directamente pola acción social»

empresariais propios e propicios coa causa. Así, e fago miñas as palabras de Margarita:

(...) todo me leva a pensar que a prensa foi un nó de dilemas e de preocupacións para o galeguismo e que o fracaso de non contarmos con diarios ordinarios en galego non se deberá tanto á febleza do seu proxecto como ó cativo apoio de sectores económicos fundamentais para tal intervención (...).³

Xaora. Na altura dos vinte sobran profesionais capacitados, articulistas de pluma fértil e afiada para contar unha realidade mudante que pasaba do autoconsumo ligado ben ao arado romano ben ao tramallo, ás ringleiras de obreiras a entrar nas fábricas de conservas nas cidades do eixo atlántico e, tamén, aquelas ringleiras retratadas por José Suárez e Alberto Martí nos peiraos de Vigo e A Coruña e que marchaban camiño de América. De volta trasoceánica, as moedas dos comercios e as ideas que reavivaron os contidos, xa na corrente do xornalismo informativo interpretativo, plataformas divulgadoras que contaban para provocaren a acción social. A prensa mudaba e sobraba talento profesional para contar, para facer coñecer e recoñecer. Boa mostra disto son as sinaturas que aparecen prolíficamente nas letras de molde: Antón Villar Ponte, Roberto Blanco Torres, Lustres Rivas, Castelao, Losada Diéguez... Pero faltaron apoios económicos para unha cabeceira monolingüe diaria que apostara directamente pola acción social. A frase de

³ LEDO, M. (2004): «Prensa e galeguismo» en *O xornal Galicia (1922-1926). O alento da modernidade*. Vigo: Edicións A Nosa Terra e Consello da Cultura Galega

- *Galicia*, xornal vinculado ás Irmandades da Fala e dirixido por Valentín Paz Andrade. O exemplar correspondese co primeiro número. Vigo, 1922

Risco sobre a primeira fase do boletín *Nós* é acaída: «o éxito era redondo: o malo eran os cartos». Pois iso. En canto a modelo xornalístico, o *Galicia. Diario de Vigo*, puido ser esta esperanza frustrada. De auténtica vocación galeguista, con clara intención de mediadora social, asinante de campañas políticas, voceiro das máis ilustres voces progresistas do país e divulgadora da cultura de noso, o *Galicia* de Paz Andrade foi un faro naquel país dos anos vinte fronte aos diarios caducos herdados do século XIX.

As Irmandades da Fala souberon ver o potencial da prensa como difusora e motora das súas ideas e a súa estreira non rematou no ámbito mediático, nin tampouco coa súa supervivencia histórica. Particularmente fértil foi o campo da radio e das revistas culturais dos anos trinta. Entre elas, cómpre salientar o caso de *Nós*, a revista nacida en 1920 en Ourense baixo a dirección de Vicente Risco e Castelao, na parte artística.

Este foi tamén o legado das Irmandades da Fala. «O lume está acceso agora avívalo» deixáronnos dito. Pois iso. ●

Bibliografía básica

- COCHÓN, L. (coord.) (2016): *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Xerais.
- INSUA, E. X. (2016): *A nosa terra é nosa. A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía Edicións.
- LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.) (2004): *O xornal Galicia (1922-1926). O alento da modernidade*. Santiago de Compostela; Vigo: Consello da Cultura Galega e Edicións A Nosa Terra.

DIARIO DE VIGO

INDICE DE INFORMACIONES

Las fiestas del Apostol, en Santiago.
Una novillada trágica, en Madrid.
El viejo del presidente Alvear. Pasará por Vigo.
Conferencia de Fernando de los Rios, en la Casa del Pueblo de Vigo.
Interesante información deportiva.
La estrella de Abd-el-Krim se eclipsa.

Año 1922 : Núm. 1 : Martes 25 de Julio

CARICATURAS DE CASTELAO



Do que morreu D. Andrés, ficha de "macerología", que no día milia ano, que a lea no predo.

NUESTROS ARTICULISTAS

J. FRANCOS RODRIGUEZ.

GALICIA Y AMERICA

Uno de los aspectos más interesantes del hispano-americanismo, es el que no refiere a las actividades de los hispano-americanos en América, sino a las que se desarrollan en España, en el momento que nosotros, en el extranjero, estamos interesados en conocer a fondo a los hispano-americanos de España. En este sentido, las actividades de los hispano-americanos en España, son de gran importancia. En el momento que nosotros, en el extranjero, estamos interesados en conocer a fondo a los hispano-americanos de España, son de gran importancia. En el momento que nosotros, en el extranjero, estamos interesados en conocer a fondo a los hispano-americanos de España, son de gran importancia.

Viejas prácticas del arte periodístico imponen, casi con fuerza imperativa, el deber de trazar unas previas líneas editoriales, a guisa de promesa, cada vez que un nuevo órgano impreso inicia su publicación. Mas como nuestra transigencia, ante el imperio de las fórmulas rutinarias no puede llegar a humillar los dictados del propio pensamiento, cuanto ahora dignamos en torno a nosotros, no ha de ser ni uno de esos entosos programas al uso, ni una solemne colección de principios. GALICIA se cree relevada de semejante tarea, porque no viene a ser un periódico encajado en los moldes tradicionales, cortado con servil fidelidad a los antiguos patrones de la especie; sino, llana y sencillamente, un razonador claro, imparcial y sereno del heterogéneo vivir, en la tierra y en el mundo, aquellas otras unidas a la nuestra, por solidaridades de Naturaleza y Civilización. España, Europa—o por viciosos de signo y alma—Portugal, América—. Queremos ofrecer al público un nuevo tipo de publicación diaria, que venga a ser como una viva síntesis informativa de cuanto deba ponerse al alcance del conocimiento popular y, a la par, una tribuna abierta a todas las nobles pugnas ideales, donde los mantenedores solventes de pensamientos y opiniones, han de ser acogidos con igual trato de libertad y cortesía. Plumas ilustres, las más valiosas de nuestra intelectualidad contemporánea, han de asociarse asiduamente a otras más modestas, pero llenas de bastos mestizajes, en la obra de crear y potenciar la vida espiritual de las páginas que hoy se abren a la luz. Aboga, bajo nuestras columnas, prestas siempre a asumir la defensa de legítimos intereses públicos, siempre orientadas hacia concepciones libertadoras y progresivas, jamás se prestarán a utilidades políticas, ni ayudarán estos o aquellos partidismos. Vivirán ajenas a las doctrinarias y demandas de mercedades, para estar y closamente atentas a la prosperidad de su pueblo nativo y de aquellos otros a los que ha de extenderse la radiación de la "lectura Vigo, la futura super-ciudad atlántica, la forja poética donde la de templarse el nervio de una raza renaciente, florecerá, desde GALICIA, sus ansias justas e insaciables de acaudalar y cultura, y contrará de hoy con digna desusada vida por el canal de las ideas. Los demás pueblos de la provincia, que pugnan por acrecentar su vitalidad y por abrir rutas nuevas a su porvenir, tendrán en este periódico un desinteresado valedor. Y toda la tierra gallega, cuyo nombre orientamos por coturno y por leña, encontrará en nosotros nueva luz para sus problemas y alto generoso para sus empresas reivindicadoras. Hoy más que nunca, en estos tiempos de general desparatamiento, de reversión y de infatigado, es cuando la voz de las colectividades conscientes debe encontrar órganos libres que la recojan y la eleven eficazmente a las esferas oficiales, donde no siempre es fácil ser escuchado.

El escrito quedará esbozados los perfiles cardinales de nuestra personalidad periodística. No pretendemos hacer al presente una auto-definición de propósitos, ni un balance de posibilidades morales para la obra que iniciamos. Mas nos place omitir anhelos, para que el lector, repitiéndose a la realidad de nuestra actuación, compruebe prácticamente si respondimos o no a las esperanzas que le habíamos hecho concubir.

Y ahora, sean nuestras últimas palabras previas, de salutación cumplida y cordial a la prensa hermana, y a cuantos lo presente leyeren.

REVISTA DE SOCIEDAD

A LA MUCHACHA DESCONOCIDA

de **JUAN DE ALFARACIA**

Para esta muchacha que nadie conoce, para la pobre muchacha que vive en un mundo de dolor y de pena, para la muchacha que vive en un mundo de dolor y de pena, para la muchacha que vive en un mundo de dolor y de pena...

OCIOS DE LA PLUMA

Los ocios de la pluma. Lectores que lean la novela de las acciones municipales. De algún local se dice que el Sr. Rodríguez Linares, con un presupuesto de 40 millones, decreta una serie de reformas, que son apócrifas.

En las fiestas de Concejo vigésimo se limitan a algunas distancias y acciones. Abandona también algunas reformas.

Expresamos que pronto aprobará las reformas. Inmediatamente de haber llegado, comienza con el ministro una extensa conferencia, tratando del mal estado de las cosas que pueden hacerse a los efectos, a fin de basar una nueva forma de concejo, que sostenga la huelga existente en la carrera minera asturiana.

Otro colega local escribe:

"Los señores Rodríguez Vique y Sirena, han visitado al Sr. Bugallal para que se ponga en vigor la ley que se ha votado ayer, contra la dictadura."

Como la ley votada es precisamente la ley de distancias y acciones, los señores Rodríguez Vique y Sirena, al visitar al Sr. Bugallal, para que se ponga en vigor la ley que se ha votado ayer, contra la dictadura, están actuando en contra de la ley que se ha votado ayer, contra la dictadura.

Y como Navarrete está enterado, y venimos a ver a Navarrete, pues no queda nada que hacer en esta parte de los señores Navarrete de la prensa.

La huelga de los mineros de Asturias

La huelga de los mineros de Asturias. Llamado, telefónicamente por el ministro del Trabajo, han llegado esta mañana a Madrid, los señores Rodríguez Vique y Sirena, representantes de los mineros asturianos.

El ministro puso a la consideración de los comisionados los nuevos planes de vista respecto a la forma de resolver el conflicto de modo que se eviten los intereses de ambos filiales.

Esta tarde, a las siete, se celebró una reunión en el Ministerio de Trabajo, para que el ministro del Trabajo les diera cuenta del resultado de su intervención que ha de mediar entre con la representación patronal.

Se espera que esta posición dará lugar a la solución de la huelga.

Parque del Casino

Parque del Casino. El domingo se celebró el momento de la inauguración del Parque del Casino. En la inauguración participó el Sr. Bugallal, ministro del Trabajo, y el Sr. Rodríguez Vique, ministro de Hacienda.

El Sr. Bugallal, ministro del Trabajo, dijo en su discurso que el Parque del Casino era un ejemplo de lo que se podía hacer en materia de recreación y de bienestar social.

El Sr. Rodríguez Vique, ministro de Hacienda, dijo que el Parque del Casino era un ejemplo de lo que se podía hacer en materia de recreación y de bienestar social.

El príncipe heredero de Italia

El príncipe heredero de Italia. Su llegada a Vigo. Se anunció para mañana 26 la llegada a nuestro puerto de dos navios de guerra italianos.

Son estos el crucero-escuadra F. P. y el crucero-escuadra S. Martín.

Viaja en el F. P. el príncipe heredero de Italia, con su esposa y sus hijos.

El príncipe heredero de Italia, es el príncipe Víctor Emmanuel, tercer hijo del rey Víctor Emmanuel III.

Los barcos italianos estarán en nuestro puerto del 26 al 29.

Los que viajan

Los que viajan. Salieron para Londres y Biarritz, la marquésa de Zúñiga y su familia.

Salieron para Londres y Biarritz, la marquésa de Zúñiga y su familia.

Salieron para Londres y Biarritz, la marquésa de Zúñiga y su familia.

Los trabajos firmados que aparecen en forma de apéndice en el número 1 de la revista "GALICIA Y AMERICA".

El servicio hispanoamericano de prensa de GALICIA Y AMERICA.

El servicio hispanoamericano de prensa de GALICIA Y AMERICA.

Colonia Escolar

Colonia Escolar. Suma anterior Pesetas 1.631.20

Suma anterior Pesetas 1.631.20

Suma anterior Pesetas 1.631.20

MILLAN ASTRAY

MILLAN ASTRAY. Una conferencia en Vigo. Pasado mañana, jueves, dará una conferencia en el Hotel O'Donnell, el Sr. Millan Astray, autor de la novela "El Caballero de las Botas Azules".

Una conferencia en Vigo. Pasado mañana, jueves, dará una conferencia en el Hotel O'Donnell, el Sr. Millan Astray, autor de la novela "El Caballero de las Botas Azules".

Colonia Escolar

Colonia Escolar. Suma anterior Pesetas 1.631.20

Suma anterior Pesetas 1.631.20

Suma anterior Pesetas 1.631.20



FEDERICO L. SILVESTRE

Universidade de Santiago de Compostela

► Coral de Ruada, conxunto do que foi escenógrafo Camilo Díaz Baliño. Anos 20

As moitas paisaxes das Irmandades

Resumo

Se o ideario das Irmandades da Fala é o que se atopa na *Nosa Terra*, a estética das Irmandades non se resume unicamente no lema «paisaxe e saudade». De feito, colaboradores desta publicación como Manuel Antonio ou Plácido Castro descreían da importancia do saudoso en franca polémica coas teimas dos irmáns Villar Ponte. O conflito ten que ver co problema máis antigo, o problema de conceder ou non conceder autonomía á arte en relación co ideario político. Por un lado, e en relación coa lectura convencional da estética das Irmandades, cabe preguntarse cales son os elementos que se artellaron para configurar o chamado «estilo galego». Pero, fronte á mesma, cabe tamén recordar o que reclamaron as firmas máis apegadas aos movementos de vangarda.

Palabras chave: Estética da Paisaxe, Irmandades, Galeguismo, Nacionalismo etnográfico, Vangarda.

Abstract

While the political ideas of the Language Brotherhoods can be found in the pages of Nosa Terra, their aesthetics cannot be quite so easily reduced to 'landscape and yearning'. In fact, writers who worked with this publication such as Manuel Antonio and Plácido Castro were wary of attaching too much importance to yearning for the homeland, in clear opposition to the key concerns of the Villar Ponte brothers. This conflict stems from a much older problem involving whether or not art should be seen as separate from politics. On the one hand, regarding the conventional reading of the aesthetics of the Language Brotherhoods, one should ask which are the elements used to create the so called 'Galizan style'. On the other hand, however, one should bear in mind the concerns of those artists most closely associated with the avant-garde.

Key words: Landscape, Brotherhoods, Galizanism, Ethnographic nationalism, Avant-garde.



© Fondo Díaz Baliño. Biblioteca de Galiza

Podemos seguir limitando as paisaxes das Irmandades á idea do enxebre? E, por outra banda, podemos seguir tratando o tema coma algo alleo aos debates políticos que tiveron lugar naqueles anos? Como veremos, a estética que finalmente se impuxo, a estética do nacionalismo etnográfico, non só non foi a única que se manexou neses momentos, senón que tivo que ver cunha filosofía e cun pensamento non sempre secundados por todos os irmandiños. Fronte ás paisaxes eminentemente rurais e tradicionais que, a todas luces, se privilexiaron, algúns integrantes e

«Podemos seguir limitando as paisaxes das Irmandades á idea do enxebre? Podemos seguir tratando o tema coma algo alleo aos debates políticos que tiveron lugar naqueles anos?»

colaboradores da *Nosa Terra* como Xohán Vicente Viqueira ou Manuel Antonio descrián dos excesos enxebristas, mostrando interese por outras paisaxes. Por desgraza, a forte polarización entre sectores acabará derivando cara ao maniqueísmo, de xeito que, mentres uns rexeitarán anacronicamente case que toda paisaxe cosmopolita, os outros renegarán de toda tradición e de toda realidade enxebre.

1. As paisaxes do nacionalismo etnográfico

Non teño espazo suficiente para resumir aquí o atopado durante os meus anos de tese¹. Só podo remitir a algúns exemplos para comezar lembrando o que todos sabemos: que as paisaxes máis divulgadas desde as páxinas d'*A Nosa Terra* ou *Nós* e preferidas pola maioría dos irmandiños foron as paisaxes do rural e da tradición, unhas paisaxes fermosas pero abertamente idealizadas e repetidas en detrimento das novas realidades que estaban a asomar.

¹ Véx. SILVESTRE, F. L. *El discurso del paisaje. Historia de una idea estética en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2005.

Camilo Díaz Baliño no
seu estudo das Hortas.
Compostela, 1930



© Fondo Díaz Baliño. Biblioteca de Galiza

Por se houbera dúbida ao respecto, convén recordar que os propios membros de *Nós* falaban de mitos², mitos que Villar Ponte, Risco ou Otero Pedrayo espallaron de forma consciente para combater, como veremos, os outros mitos da época; os errados mitos, non xa do centralismo, senón do modernismo cosmopolita que se estilaba en cidades como París ou Berlín.

Aínda que logo se radicalizase, as preferencias de Risco xa afloran na primeira época das Irmandades, é dicir, na súa *Teoría do Nacionalismo Galego*, teoría en que, despois de rexeitar tanto mediterraneísmo coma o atlantismo americano, se decanta por un atlantismo celta, de terras verdes e augas bravas, así coma por unha soberanía estética galega que se exercería mediante «unha lei que obrigue ós propietarios a axeitare o estilo das suas construcións ó estilo xeneral de cada vila galega» e mediante a

2 Todos eles incorporan, rexuvenecidos, os mitos relixiosos da terra prometida ou do Paraíso. Risco defende que é en Galicia onde a Natureza se fai «superior a sí mesma... divinizándose n-él, realizando n-él o Paraíso». E, non só atopa en toda a poesía galega un sentimento especial e único de amor á Terra, senón que tamén o localiza entre os pintores: «Ollai a emoción relixiosa coa que están pintados ises piñeiros do Castelao, ises seus toxos frolecidos, ises seus lonxes húmedos de ría ou de val, ises seus ceos nevoentos. O mesmo amore nas casañas aldeanas e mariñeiras que tenrantes pinta Carlos Sobrino, e nos anacos de paisaxe do impresionista Imeldo Corral» (véx. «O sentimento da Terra na raza galega» en *Nós* núm. 1, Ourense, 1920). Antón Villar Ponte no seu *Da paisaxe e a pintura en Galicia* insiste no mesmo fundindo paisaxe galega e Paraíso: «Sobráballe razón ó que escribiu que a paisaxe é o noso destino, e que o mesmo Dios, cando quiso facer alianza c'ó home, ofrecéculle a Terra Prometida: unha paisaxe» (véx. *Escolma*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1977, páx. 77. A 1.ª ed. en *Nós* núm. 4, 1921. Pola súa banda Otero Pedrayo preferirá falar da terra de promisión: «Hai unha terra prometida para os galegos: Galiza» (véx. «A terra prometida», en *A Nosa Terra* núm. 259, 1929).

«espropiación de moimentos e paisaxes» para preservalos nese estilo³. Non dubidamos de que, en moitos casos, iso tería sido mellor que o que ao longo do século xx finalmente aconteceu nas nosas vilas e na nosa terra (penso agora nas desfeitas de parte de Vigo ou Malpica). Pero tamén convén lembrar todo o que de esencialismo se agochou tras esta proposta de lei vinculante e «obrigatoria».

Co paso dos anos, a proposta do nacionalismo etnográfico condensouse nunha serie de temáticas repetidas ata a saciedade, tanto na literatura, como na pintura e ata na arquitectura. Propostas que implicaban tanto as paisaxes rurais como as urbanas. Os cruceiros, os hórreos, as leiras con valados de pedra, os palleiros, as carballeiras, os rumorosos, as costas bravas, as ermidas, os pazos, a Catedral de Santiago... Por suposto que eses motivos atopaban unha base na tradición arquitectónica e agraria. Pero o que nun principio naceu para preservar costumes que estaban a desaparecer e que, como

3 Véx. VICENTE RISCO (1920): *Teoría do Nacionalismo Galego*, Ourense, páx. 39.

«Xa a II Asamblea das Irmandades celebrada en Santiago en 1919 pregou ós habitantes desa cidade que defendesen "por todol-os meios axeitados os moimentos de carácter artístico que posén, considerando tod'a vila coma un verdadeiro moimento"»

mostraron Pedro de Llano Cabado ou Lourenzo Fernández Prieto, as veces implicaban unha racionalidade..., o que naceu por estes motivos, finalmente derivou cara a un integristo paisaxístico que se resume no aberto rexeitamento de Risco ás vangardas arquitectónicas, e no aplauso de *A Nosa Terra* á aposta neopacega, neobarroca e neorrománica de arquitectos como Manuel Gómez Román, autor, entre moitas outras cousas, do proxecto de casa para Castelao publicado na mesma revista⁴.

A correlación escultórica perfecta desta arquitectura galega encontrarémola na obra dun Asorey louvado, de novo, polo órgano das Irmandades, e herdeiro da tradición dos canteiros dos pazos, as ermidas e os cruceiros⁵. Non en van, xa antes de que Gómez Román promocionase a recuperación das paisaxes graníticas, en Santiago, tanto el coma Camilo Díaz Baliño converteranse nos defensores das mesmas entre os irmandiños e as asembleas nacionais. Pénsese que, xa a II Asemblea das Irmandades celebrada nesa cidade en 1919, pregou

os habitantes de Santiago que defendesen «por todol-os meios axeitados os moimentos de carácter artístico que posén, considerando tod'a vila coma un verdadeiro moimento...»⁶. Partindo dese movemento –certamente pioneiro no que ao apoio ao noso patrimonio se refire– e deixando a un lado o moi estudado Asorey, a ninguén lle pode estrañar que Díaz Baliño dedicase os seus esforzos a representar a catedral engalanada coas cores do atardecer, ou trocase ese motivo, así como os cruceiros, as ermidas e os dolmens, nos fitos fundamentais das súas escenografías e as súas artes gráficas.

De feito, as súas propostas, sementadas de historia pero desertas con frecuencia de presenzas humanas, responderán aos intentos das Irmandades máis enxebres de representar esa orixe incontaminada da esencia galega. Para empezar, Camilo será un dos grandes impulsores da paisaxe celta por excelencia: a imaxe do megálito no bosque. A utilización deses dolmens por parte deste deseñador chegará a ser tan frecuente que, por veces, debeu semellar que gozaba da patente. Entre 1922 e 1936 non houbo ano en que non incluíse algunha paisaxe con megálito milenario nos seus proxectos. A portada d'*A Nosa Terra* dos anos vinte xa contaba co dolmen entre árbores. E as portadas dos libros de Céltiga (por exemplo, a do drama *Almas mortas*, 1922, de Villar Ponte), as dos libriños da editorial Lar feitas a partir dos esbozos de Leandro Carré desde 1924, o debuxo para o I Congreso Teosófico de Risco na Coruña de 1926, ou a escenografía para as actuacións da Coral *De Ruada* xa en 1931... todo iso só será outra mostra da obsesión da época

4 Para a crítica de Risco ás vangardas arquitectónicas, véxase: *Mitteleuropa*, Santiago de Compostela: Nós, 1934, páxs. 347-357, onde non dúbida en mostrar todas as súas fobias contra a *Neue Kunst*, a modernidade aséptica ou de estilo *Krakenhaus*, e o chamado «romantismo industrial». Fobias que convierten a paisaxe de cidades coma Berlín nun monstro que remite a todas as terras de pecado: Babel, América e a Rusia leninista. Segundo Risco, só cabe volver a unha arquitectura que recolla os símbolos históricos, así como opoñerse, tanto aos «rañaceos babélico, megalómano, industrial», como ás liñas horizontais depresivas, de ladrillo, esmagadoras do espírito, propias, ao seu xuízo, da idea marxista da arte. O proxecto da casa de Castelao de Manuel Gómez Román aparece en «A casa de Castelao», en *A Nosa Terra* núm. 375, 1935.

5 Xa o 30 de novembro de 1917 *A Nosa Terra* (núm. 38), coloca en portada un poema dedicado a Asorey do escritor nacionalista Eladio Rodríguez, o titulado «Pintores d'almas».

6 Véx. VICENTE RISCO (1920): op. cit., pág. 43.

**«De qué modo esa
insistencia en certas
paisaxes enxebres tiña
que ver con cuestións
políticas, salta á vista
lendo *O Fidalgo*»**

- Homenaxe a Díaz Baliño con motivo da súa marcha a Alemaña. Compostela, 1922

Atópanse, entre outros, os militantes Irmandiños Camilo Díaz Baliño, Ramón Fernández Mato, Xesús Culebras, Vitoriano Taibo, Xesús San Luís Romero, Indalecio Díaz Baliño, Francisco Vázquez Enríquez, Salvador Cabeza de León, Roxelio Pérez (*Roxerius*), Ánxel Casal e Salvador García Bodaño

e do autor por unha arqueoloxía considerada proba das raíces celtas da nación⁷.

Neste senso, resulta ata previsible que fose un dos grandes promotores dese nacionalismo etnográfico, Otero Pedrayo, o encargado un ano máis tarde de subliñar con fermosas palabras a importancia simbólica do emblema:

Solidez cósmica, equilibrio perfecto, xeometría de nenos. Desde o dolmen a pedra galega tivo significanza humana e unha presenza de conciencia organizou a paisaxe galega. Ruina xunguida ao decorrer das sazóns. Por iso, na nosa Galicia os debuxos e fotos ilustradores dos libros de Arqueoloxía prehistóricos non son para nós nin para ningún espírito intelixente esa cousa estraña e erudita⁸.

Por outra banda, atopámonos co *leitmotiv* do cruceiro. Xa en 1918, tanto Díaz Baliño coma Asorey, firman o deseño das portadas da primeira e a segunda edición do drama anticaciquil de Xesús San Luis Romero titulado *O Fidalgo* e estreado en Santiago o 17 de xaneiro. Nelas e na escenografía da obra, a protagonista absoluta será a paisaxe, pero encarnada neste caso en tres elementos case

que tan ancestrais coma o dolmen: a lúa, o lobo e o cruceiro. Logo, a ermida no val ou a Santa Compañía tamén converteranse noutras presenzas habituais, como acontece na acuarela *Morte* de 1919, ou na portada do poemario de Posse Rodríguez *Paisaxe. Versos galegos*, de 1925⁹.

De que modo esa insistencia en certas paisaxes enxebres tiña que ver con cuestións políticas xa salta á vista ao ler *O Fidalgo*. Do mesmo xeito, desde comezos dos anos vinte, Losada Diéguez ou Risco non só promocionaron unha postura culturalista e abstencionista para as Irmandades, senón que intentaron achegarse e ata hexemonizar ese movemento agrarista¹⁰. A causa desa última decisión era sinxela. A pesar de que ambos asumisen con Villar Ponte os datos estatísticos da progresiva urbanización da nosa terra, o modelo económico que tiñan en mente era o que encaixaba coa súa idea da esencia de Galicia, o propio dunha sociedade de pequenos labregos e mariñeiros. Non cabe dúbida de que buscaban o mellor para ela, pero baseándose na idealización dun librecambismo que só no sector primario e na distancia corta –na súa competencia co cereal e o gando de Castelá– tiña posibilidades de gañar¹¹.

7 Sobre a escenografía de *De Ruada* nos anos trinta, véxase CARBALLO-CALERO, M.^a V. (1992): «Camilo Díaz Baliño y la Coral 'De Ruada'». En *Arte y Ciudad en Galicia. Siglo XX*. Vigo: Fundación Caixa Galicia, páxs. 9-33. Sobre Camilo Díaz véx. DURÁN, J. A. (1990): *Camilo Díaz Baliño: crónica de otro olvido inexplicable*, Sada: Edicións do Castro; Tamén SUÁREZ RODRÍGUEZ, E. (1999): «Camilo Díaz Baliño», en *Artistas Galegos. Pintores. Rexionalismo II*. Vigo: Nova Galicia, páxs. 84-121.

8 Véx. OTERO PEDRAYO, R. (1988): 'As catro falas da pedra', en «Morte e resurrección», en *Escolma*. A Coruña: Xunta de Galicia, páx. 100. A primeira edición foi en Ourense na editorial Aláuda, 1932.

9 «La Muerte», acuarela sobre papel, 23 x 37 cm. Col. Temes, Ourense. Véxase ademais POSSE RODRÍGUEZ, M. (1925): *Paisaxe. Versos Galegos*. Santiago: Tip. de El Eco Franciscano.

10 Véx. LOSADA DIÉGUEZ, A. (1919): «Os camiños d'o agrarismo galego», en *A Nosa Terra* núm. 96. Risco (1930) defende as mesmas ideas. Así «El nacionalismo», en *El Problema Político de Galicia*, Madrid, Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, páx. 213.

11 Véx. RISCO, V. *El Problema Político de Galicia*, Madrid: CIAP, 1930, páxs. 67-68 (para o librecambismo e a apertura aos produtos foráneos sen aranceis), e páxs. 222-223 (para a sociedade familiar de pequenos labregos e pequenos cultivos intensivos como esencia do agro galego). Aínda que conscientes do



Tal modelo económico definido a partir da riqueza natural e dunha estrutura rural minifundista, será tamén o que os leve a valorar só as vistas rurais e o progreso das pequenas explotacións campesiñas, deixando de lado, non a técnica en xeral, pois falan dabondo dos ferrocarrís e as súas vantaxes, pero si os pasos a dar para acadar aumentos na produción industrial, e demonizando as paisaxes urbanas asociadas coa súa expansión e o seu posible éxito internacional.

Por exemplo, antes de que Risco ridiculizase en *Mitteleuropa* as mostras berlinesas deses desenvolvementos e no contexto da III Asemblea do Nacionalismo celebrada en Vigo en 1921, Antón Villar Ponte usará as páxinas do órgano das Irmandades, *A Nosa Terra*, para arremeter contra todo aquilo. E, fronte aos ideais de progreso cosmopolitas que emanaban das grandes cidades

industriais, apostará claramente por unha teoría contraria, non xa ao industrialismo capitalista, senón ao marxismo internacional. Ao seu xuízo, vilas como Oxford ou Heidelberg eran menos cosmopolitas, pero máis importantes que outras cidades máis grandes porque conservaban o espírito da súa terra e mandaban máis con ideas que moitas urbes máis grandes. Por iso, Vigo non debía aspirar a ser cidade industrial cosmopolita, senón cidade galega universal, tomando como modelo ese Santiago de Compostela medieval conectado co mundo polo Camiño¹².

Non cabe dúbida de que, neses mesmos anos, a revista *Nós* dialogou dabondo coa literatura de vangarda. Non cabe dúbida de que, nas páxinas da mesma, Villar Ponte, Risco ou Otero Pedrayo foron quen de traducir Joyce e Yeats cando poucos sabían deles. Pero a cuestión é que, por moito que

cortopracismo do seu proxecto, ningún deles explicou como resolvería esa estrutura rural familiar minifundista o problema do progresivo desembarco en Galicia dos moito máis competitivos produtos das grandes industrias e explotacións do capitalismo e do socialismo global.

12 Véx. VILLAR PONTE, A. (1977): «Do cosmopolitismo, do universalismo e da mansedume galega», en *Escolma*, op. cit., páx. 77. A primeira edición *A Nosa Terra* núm. 139, 1921; Véx. tamén VILLAR PONTE, A. (1927): «A fontenla viva da nosa cultura», en *Nós* núm. 38.



Taller de Díaz Baliño na rúa das Hortas. Ao fondo o artista co seu fillo Isaac

se achegasen aos novos literatos, partían dunha lóxica estraña ás artes de vangarda¹³. Ao respecto, cumpriría saber se a pirueta ecuménico-hegeliana baseada na ‘superación’ estética do enxebrismo polo atlantismo grazas á fusión do enxebrismo coas vangardas, realmente podería superar algo, toda vez que seguía presa desa lóxica da identidade que sempre coloca nunha esencia anterior –e non nun desenvolvemento novo– o referente en torno ao que todo xira¹⁴. Desde logo, dá a impresión de que foi por quedaren presos desa lóxica da representación que, cos anos, os partidarios

13 Estou a pensar naquela cita de Risco (tomada do artigo de SALVADOR LORENZANA «A Xeneración Nós na cultura galega». *Grial* núm. 7, 1965, páx. 80) que dicía: «Eu quíxera que a intelixibilidade galega se fixera polo menos europea. Temos que reintegrar o noso espírito ó espírito da humanidade. Temos que poner a cultura europea en galego. Europeísmo i *enxebrismo* conxugados dan o *atlantismo* (super-occidentalismo-supereuropeísmo). Europa é unha ponte e un camino. Queremos asimilármonos os *instrumentos de superación*. Por riba de todo, erguemos o atlantismo como unha bandeira de *avant garde*».

14 En que se distinguía esa estética da proposta mediterraneísta dese D’Ors que acabou sentenciando que «todo o que non é tradición é plaxio», é algo difícil de responder.

do nacionalismo etnográfico acabaron criticando as vangardas plásticas e as novas paisaxes arquitectónicas en beneficio das formas e as temáticas herdadas. Significativo resulta que a renovación de artistas como Camilo Díaz nunca fose máis alá do modernismo de Beardsley, Clarke ou Mucha, e se pechase ás linguaxes dese cubismo ou ese construtivismo que si interesarán ao seu fillo Isaac e a algúns irmandiños dos que agora cómpre falar.

2. As paisaxes do galeguismo de vangarda

Ata 1916, os rexionalistas políticos inimigos do centralismo xamais rebateron as imaxes costumistas e tópicas da arte galega, así como o nivel de docilidade que levaban implícito. Tiveron que aparecer o nacionalismo e o novo socialismo para que todo iso comezase a ser cuestionado¹⁵. De feito, aínda que as Irmandades da Fala tendesen a privilexiar as paisaxes máis enxebres, tamén contaron con elementos máis abertos aos cambios.

15 Véx. CASTRO, X. A.; *Arte y nacionalismo. La vanguardia histórica gallega (1925-1936)*, A Coruña: Castro, 1992, páx. 50.



Xa antes de que, cara a 1924, *El Pueblo Gallego* se convertera en Vigo no verdadeiro catalizador dese outro galeguismo de esquerdas pendente do que acontecía nas vilas, aberto ao cooperativismo e ao cosmopolitismo, e interesado pola renovación plástica das paisaxes..., xa antes de todo iso, atopamos algúns irmandiños que dan pasos cara a uns modelos paisaxísticos diferentes dos defendidos polo nacionalismo etnográfico.

Aínda que as paisaxes literarias preferidas por Luís Porteiro seguían a ser as exaltadas por devanceiros coma Curros ou por ese Cabanillas, poeta do agrarismo, no seu *Discurso o fundarse a Irmandade da Fala en Santiago* do ano 1917 tamén insistirá na industria e na posición xeográfica de Galicia no mundo, chegando a exclamar: «¡Vigo está chamado a ser o porto cosmopolita máis importante do mundo!».

Coma el, Xohán V. Viqueira apostará claramente por un nacionalismo situado entre o urbano e o campo, entre os campesiños e o proletariado. E, aínda que nas súas míticas *Divagacións engebristas* de 1920 fose dos primeiros en desenvolver unha

estética da saudade, tamén nesas páxinas será quen de defender unha arte materialista e en avance que «sendo evolución é polo tanto de produción», é dicir, «fonte de produtividade estética». Tendo en conta a súa defensa dun nacionalismo do proletariado, a súa aposta paisaxística estará clara. Na Galicia do futuro non só se trataría do rural. Ao respecto, o fermoso canto a *O campo e a cidade* (1919):

Vede aquí os dous momentos da vida galega, dous momentos esenciaes: unha campía, unha aldea inmensa, cuase descoñecida, e unha cidade que emprincipia a coñecerse a si mesma, a ser si mesma e a penetrar o segredo da existencia n'os lares campesíos¹⁶.

Por outra banda, sendo lectores e colaboradores de *A Nosa Terra*, non parece casual que Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro redacten o manifesto *¡Máis Alá!* un mes despois de que Viqueira firme o seu famoso *Diálogo trascendental*, diálogo de 1922 escrito en defensa, non só do campo galego, senón da creación de navieiras e da inversión en ciencia. Como é sabido, o primeiro, Manuel Antonio, xa era un nacionalista declarado desde había anos, comezando a publicar poemas n'*A Nosa Terra* en 1920 e participando tamén nas Asembleas Nacionalistas. Mentres, Cebreiro, desde pouco antes e con só dezaseis contados, colabora como caricaturista na mesma publicación, tendo lugar a súa primeira exposición individual, precisamente, na sala das Irmandades en 1920. O caso é que o seu manifesto

«Xa antes de que *El Pueblo Gallego* se convertera en Vigo no catalizador dese outro galeguismo interesado pola renovación plástica das paisaxes, atopamos algúns irmandiños que dan pasos cara a uns modelos paisaxísticos diferentes dos defendidos polo nacionalismo etnográfico»

16 Véx. Xohán V. VIQUEIRA (1974): «O campo e a cidade» en *Ensaio e poesías*, Vigo: Galaxia, páxs. 94-96. (1.ª ed.) *A Nosa Terra* núm. 84, 1919.

Máis alá forma parte desa primeira rolda de réplicas vangardistas e galeguistas ao hiperenxebrismo que se perfilaba no horizonte. E, ao ter implicado un escritor mozo e un artista novísimo, tivo consecuencias en todas as artes.

Concretamente, ademais de insistir na necesaria modernización da arte, ambos critican as decadentes derivas da estética rexionalista e, entre outras cousas, dedican unhas liñas á paisaxe:

A literatura paisaxista ó xeito de fotografía iluminada con notas de turista burgués, é a mayor carniza da nosa paisaxe, que aínda agarda a sensibilidade complexa do noso tempo para ser interpretada (...).

Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir. Se queredes liberarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adornarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándoa nun altar de Mitos e Fracasos. Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha pelexinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agárdanos unha voz que nos berra: ¡*Máis alá!*¹⁷.

Catro anos despois, Otero Pedrayo repetirá a crítica contra a estética da paisaxe de turista. Pero, independentemente da tutela inicial de Risco e do apoio que Castelao e Villar Ponte dean ao manifesto en privado, podemos estar seguros de que



© Fondo Díaz Baliño. Biblioteca de Galicia

o modelo teórico e de paisaxe de Otero non tiña absolutamente nada que ver co destes rapaces¹⁸.

Pénsese que eses mozos non falaban da «sensibilidade complexa do noso recuncho», senón da «sensibilidade complexa do noso tempo». Así mesmo, tampouco falaban de subsumir a nova vangarda ao enxebre mediante manobras atlántico-hegelianas, senón dunha Novidade arredada do pasado e sen «definición do seu resultado». Tratábase dunha crítica directa e explícita á lóxica da identidade estática e á estética dos «devanceiros», fosen estes, Losada, Curros e Pondal, ou Murguía e Rosalía. Pero tamén, dunha crítica implícita aos altares e ás místicas duns etnógrafos sempre pendentos de ermidas e menhires, crítica que se

17 Véx. MANUEL ANTONIO; Álvaro Cebreiro: (1922): «¡Máis alá!» en *As Mariñas de Sada*, A Coruña (Sada). O texto tamén se publicou noutros lugares porque Manuel Antonio o enviou as moitas editoriais. Xa logo foi publicada outra vez por *Nós* en 1928. Nós agora manexamos a edición incluída en *De catro a catro e outros textos*, Vigo: Xerais, 1992, páxs. 165-166.

18 Véx. OTERO PEDRAYO, R. (1980): «La estética del paisaje» en *Guía de Galicia* (1926), Vigo: Galaxia, páx. 188 e ss. Aquí e no prólogo da mesma obra tamén fai esa crítica á visión «turística» da paisaxe galega. O apoio de Castelao e Villar Ponte a Manuel Antonio chega a través de cartas que lle envían. Véx. MEJÍA RUIZ, C. (1992-1993): «Manuel Antonio y la vanguardia literaria gallega» en *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca* núm. 3, páxs. 151-158.



Torre de Hércules
de Díaz Baliño

xustificaba «pola acefalia que supón o desexo de definir co pasado a hora de hoxe».

Dalgún modo, todo caía e era cuestionado. Por iso, cando a partir de 1924, as ilustracións das páxinas de *El Pueblo Gallego* fagan o mesmo no relativo á imaxe, Manuel Antonio decantárase xa abertamente por unha vangarda allea a todo sentimentalismo, mentres Risco a pase a atacar abertamente¹⁹.

Agora ben, volvendo aos primeiros anos, contaban os máis mozos con outras razóns para preferiren esas paisaxes do seu tempo? Contaban tamén con argumentos políticos? No caso de Manuel Antonio, só cabe facer suposicións, aínda que antes de comezar a militar nas filas do nacionalismo, tentou participar na Revolución Rusa, estivo inscrito no Centro Republicano de Santiago e publicou

19 A aposta de Antonioponse de manifesto no poemario creacionista *De catro a catro* (1928), xa escrito na liña de Vicente Huidobro e da Xeración do 27. Véx. MANUEL ANTONIO (1992): «Ao reverso da noite» en *De catro a catro e outros textos*, op. cit., páxs. 120-121. Primeira edición. Nós, 1928. Mentres, a decantación antivanguardista risquiana xa foi comentada en relación a súa viaxe publicada como *Mitteleuropa*.

poemas coma *O sol da Libertade*. Pero, no caso de Viqueira, a postura será máis clara porque, ademais do seu institucionalismo e de coñecer ben as correntes de pensamento europeas dese período, defenderá unha visión materialista, científica e de progreso menos pendente da tradición herdada.

A este respecto, sitúase a súa énfase no papel do movemento industrial e do proletariado na renovación da sociedade galega, así aposta por superar os fortes antagonismos entre a cidade e o agro. Como el mesmo dirá:

Queremos convertir a Galicia d'un arrabal nun centro [...] ¿Cómo facel-o? [...] ¿Cómo servir à vosa causa? –Sirve a Galicia o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo, o que crea unha compañía de navegación, o que escribe un poema, pinta un cadro, abre unha escola, fai ciencia.²⁰

Certo que, xa ao tempo que Porteiro e Viqueira critiquen o centralismo e denunciaren a defensa dos cerealistas casteláns por parte do goberno, Villar Ponte ou Risco farán o mesmo e no mesmo senso. En todo caso, alí onde, cos anos, o nacionalismo etnográfico formule tal discurso para denunciar a inxusta situación do campesiñado minifundista galego, os coruñeses o formularán para mostrar tamén que esa situación e tales impostos impedían a recapitalización e a industrialización de Galicia.

Nin que dicir ten que as paisaxes e as teimas deses galeguistas máis urbanos respondían a

20 Véx. Xohán V. VIQUEIRA (1974): «Diálogo trascendental» en *Ensaio e poesías*, op. cit., páx. 94. Primeira edición. *A Nosa Terra* núm. 164, 1922.

«Tanto no bando do nacionalismo dos pazos vencellados á terra, coma no bando das vangardas galeguistas urbanas máis afíns ó socialismo, cometéronse inxustizas con certas paisaxes»

uns modelos económicos pensados desde a cidade e que, tanto na versión cosmopolita socialdemócrata, como na versión máis abertamente socialista²¹, estes implicaban investir máis, non só no campo, senón na creación de laboratorios de investigación, fábricas e estaleiros. Á inversa, como xa vimos, os pazos de Trasalba e de Losada, así como a Catedral de Santiago, representan ben o lugar dende onde se pensou o mundo no nacionalismo etnográfico.

3. Coda

Que nos seus primeiros anos Risco milita no futurismo e que pouco despois o nacionalismo que defende ten en conta un desenvolvemento para Galicia, é algo do que non cabe dubidar porque publicou moito ao respecto; como xa avanzamos, na *Teoría do Nacionalismo Galego*, Risco incluso

demanda máis carros de ferro para Galicia. Agora ben, o que parece claro é que, xa máis tarde, tanto no bando do seu nacionalismo dos pazos vencellados á terra, coma no bando das vangardas galeguistas urbanas máis afíns ao socialismo, cometéronse inxustizas con certas paisaxes.

Será entón cando a infravaloración dos primeiros das novas paisaxes urbanas sexa tan clamorosa como a intransixencia das vangardas antienxerbristas cara ao patrimonio e á paisaxe herdada²². Ambos extremismos son, en certo modo, os que, cen anos despois, nos resultan máis alleos pois, así coma no psicolóxico temos aprendido que cabe tentar un equilibrio entre as razóns conscientes e o noso corpo cativo, tamén no político tendemos a crer que non se pode avanzar sen deixar que a memoria do que fomos conviva coa libre imaxinación do que queremos ser. ●

21 Pénsese que, nos comezos (especialmente antes do fin da Revolución Rusa e da creación do Partido Comunista Español), moitos nacionalistas das Irmandades se preguntaban con leducia pola relación entre nacionalismo e socialismo. JULIÁN BESTEIRO e Xohán V. VIQUEIRA non só serán amigos desde a súa xuventude na escola de Giner de los Ríos, senón que gustaban de falar sobre estes temas. Do primeiro, véxase «O socialismo é nazionalismo», *A Nosa Terra* núm. 77, 1919. E, de Viqueira, «Nacionalismo e socialismo», texto no que podemos ler: «I. Eis dous tērmos que non se poden contrapôr: nacionalismo, socialismo. E máis: o segundo é probablemente un aspecto do primeiro. Nacionalismo é irmandade na patria, é sentimento de comunidade ideal, é vontade de vida unánime traballando nun momento da humanidade./II. O fondo de todos os socialismos di: que a ninguén lle falte pan dabondo, que todos teñan un fogar sob a garimosa teitume, que a escola sexa igual para todos [...] ¡O nacionalismo é o santo calor, pai do socialismo!» (véx. *Ensaíos e poesías*, op. cit., 1974, páxs. 135-137). Fronte a iso, os textos de Losada Diéguez ou de Risco chegarán a ser abertamente antisocialistas, insistindo na idea dunha Galicia que se fundamenta na pequena propiedade privada campesiña, e criticando as paisaxes do leninismo e do marxismo que, segundo eles, se poden contemplar, non xa en Rusia, senón en Alemaña.

Bibliografía

- MANUEL ANTONIO e CEBREIRO MARTÍNEZ, A. (1922): «¡Máis alá!», en *As Mariñas de Sada*. Sada: Edicións do Castro.
- MANUEL ANTONIO (1979): *Correspondencia*. Vigo: Galaxia.
- (1992): *De catro a catro e outros textos*. Vigo: Xerais.
- JULIÁN BESTEIRO (1919): «O socialismo é nazionalismo», en *A Nosa Terra* núm. 77.

22 Ao respecto, véxase por exemplo, o texto de Ángel FERRANT (setembro de 1923): «El Regionalismo en el arte», en *Alfar* núm. 2, A Coruña, páx. 19: texto radicalmente contrario as imaxes das paisaxes herdadas escrito nunha publicación allea ao nacionalismo en que, no entanto, colaboraban tanto Villar Ponte coma Xohán V. Viqueira.

- CARBALLO-CALERO, M.^a V. (1992): «Camilo Díaz Baliño y la Coral 'De Ruada'», en *Arte y Ciudad en Galicia. Siglo XX*, Vigo: Fundación Caixa Galicia, páxs. 9-33.
- CASTRO FERNÁNDEZ, X. A. (1992): *Arte y nacionalismo. La vanguardia histórica gallega (1925-1936)*. Sada: Edicións do Castro.
- DURÁN IGLESIAS, J. A. (1990): *Camilo Díaz Baliño: crónica de otro olvido inexplicable*. Sada: Edicións do Castro.
- FERRANT, A. (1923): «El Regionalismo en el arte» en *Alfar* núm. 2.
- GÓMEZ ROMÁN, M. (1935): «A casa de Castelao» en *A Nosa Terra* núm. 375.
- LORENZANA, S. (1965): «A Xeneración Nós na cultura galega», en *Grial* núm. 7.
- LOSADA DIÉGUEZ, A. (1919): «Os camiños d'o agrarismo galego», en *A Nosa Terra* núm. 96.
- MEJÍA RUIZ, C. (1992-1993): «Manuel Antonio y la vanguardia literaria gallega», en *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca* núm. 3.
- OTERO PEDRAYO, R. (1980): «La estética del paisaje», en *Guía de Galicia (1926)*. Vigo: Galaxia.
- (1929): «A terra prometida», en *A Nosa Terra* núm. 259.
- (1988): «As catro falas da pedra», en «Morte e resurrección», en *Escolma*. A Coruña: Xunta de Galicia (1.^a ed. Ourense: Aláuda, 1932).
- PORTEIRO GAREA, L. (1932): *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Irmandade da Fala en Santiago no ano 1917*. Santiago de Compostela: Nós (2.^a ed.).
- POSSE RODRÍGUEZ, M. (1925): *Paisaxe. Versos Galegos*. Santiago de Compostela: Tip. de *El Eco Franciscano*.
- VICENTE RISCO. «O sentimento da Terra na raza galega», en *Nós. Boletín mensual da cultura galega* núm. 1, 1920.
- (1920): *Teoría do Nacionalismo Galego*. Ourense: La Región.
- (1930): *El Problema Político de Galicia*. Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.
- (1934): *Mitteleuropa*. Santiago de Compostela: Nós.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1917): «Pintores d'almas», en *A Nosa Terra* núm. 38.
- LÓPEZ SILVESTRE, F. (2005): *El discurso del paisaje. Historia de una idea estética en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SUÁREZ RODRÍGUEZ, E. (1999): «Camilo Díaz Baliño», en *Artistas Galegos. Pintores. Rexionalismo II*. Vigo: Nova Galicia, páxs. 84-121.
- TORRES REGUEIRO, X. (1987): *Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*. Sada: Edicións do Castro.
- VILLAR PONTE, A. (1920): «Da paisaxe e a pintura en Galicia», en *Nós. Boletín mensual da cultura galega* núm. 4.
- (1921): «Do cosmopolitismo, do universalismo e da mansedume galega», en *A Nosa Terra* núm. 139.
- (1927): «A fontenla viva da nosa cultura», en *Nós* núm. 38.
- VIQUEIRA CORTÓN, X. V. (1919): «O campo e a cidade», en *A Nosa Terra* núm. 84.
- (1930): «Divagacións engebristas (1920)», en *Nós* núm. 24.
- (1922): «Diálogo trascendental» en *A Nosa Terra* núm. 164.
- (1974): *Da Galicia de mañá*. Vigo: Galaxia.
- (1974): *Ensaíos e Poesías*. Vigo: Galaxia.



CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN

Universidade da Coruña. Grupo ILLA

Santiago de Compostela na narrativa de Ramón Otero Pedrayo

Resumo

A presenza de Santiago de Compostela como espazo ficcional é frecuente na narrativa de Otero Pedrayo, especialmente na obra publicada antes de 1936. Ao tempo, conséctase como, en moitos casos, ese espazo aparece dotado dun alto valor simbólico e identitario. Esta utilización reiterada de Santiago como símbolo nacionalitario constitúe un bo exemplo á hora de explicar algunhas das estratexias que Otero Pedrayo utilizou na súa narrativa para trasladar ao discurso literario as teses defendidas polo discurso galeguista. Tamén se analiza como, a través das representacións ficcionais de Santiago, Otero desenvolve un dos temas centrais do discurso nacionalista: a conceptualización de Galiza como referente identitario e a súa definición como nación.

Palabras chave: Ramón Otero Pedrayo, Santiago, nacionalismo galego, discurso identitario, literatura galega, Irmandades da Fala.

Abstract

The fictionalised city of Santiago de Compostela is a frequent presence in the narrative writing of Otero Pedrayo, particularly in his work prior to 1936. The recurrence of the fictional setting of the city, and the often strongly national symbolism with which it is imbued, illustrates well the kind of strategies used in Otero's prose fiction to transpose the discourse of political Galicianism into literature. This article analyses how Otero uses the city of Santiago as a fictional framework on which to weave one of the key concerns of Galician nationalism: the conceptualisation of Galicia as a locus of national identity and its definition as a nation.

Key words: Ramón Otero Pedrayo, Santiago, Galician nationalism, identity, Galician literature, Irmandades da Fala.



© Fundación Otero Pedraio

Ramón Otero Pedrayo é un paradigmático representante daquela elite intelectual que, no período que vai desde a fundación das Irmandades da Fala até o estourido da Guerra Civil, dedicou os seus esforzos creativos a codificar literariamente un discurso ideolóxico dirixido á creación de conciencia identitaria; un discurso, por súa vez, caracterizado por estar orientado á ideación e/ou consolidación dos referentes culturais e simbólicos que aquel grupo consideraba imprescindíbeis para asentar a idea da nación.

Así, como xa foi subliñado no seu día¹, moitas das estratexias do discurso literario de Otero Pedrayo preséntanse como translacións á literatura do discurso ideolóxico galeguista. Este movemento, a partir da I Asemblea Nazionalista de Lugo de 1918, sinala como principio definitorio que Galiza é unha nación, pasando as e os seus integrantes, en consecuencia, a se caracterizaren a si propios como nacionalistas. Xa que logo, a conceptualización desta idea vai ser un tema central nos textos, de todo tipo, deste tempo.

¹ Sobre este tema, véxase FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, 2003.

▲ Xuntanza do Seminario de Estudos Galegos. Compostela, 1928

De esquerda a dereita de arriba a abaixo: Ramón Otero Pedraio, Antón Lousada Diéguez, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Ricardo Carvalho Calero, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián González, Pintos Fonseca, Antón Fraguas, Osorio Tafall, Isidro Parga Pondal, Moralejo Laso, Calvo, Cabeza de León, Arias Sanjurjo, Xerardo Álvarez Limeses e Novás

Para analizarmos a utilización de Santiago de Compostela como tema literario na obra de Otero Pedrayo cómpre situármonos no marco do proceso de configuración do proxecto ideolóxico que este autor desenvolve a través da súa narrativa e, moi especialmente, achegarnos ás estratexias que utiliza para definir a idea de comunidade nacional. En concreto, interesa revisar como, á hora de representar o concepto de Galiza como referente de identidade, van ser varias as imaxes e/ou fórmulas utilizadas polo de Trasalba na súa obra narrativa. Nun primeiro estadio, para ilustrar a idea apenas

«(...) Compostela (...) é o lugar naturalmente chamado para simbolizar o Rexurdimento da cultura galega e o comezo do traballo colectivo a prol da nación, agora, xa perfilada»

albiscada e sen concreción clara, utiliza a imaxe da néboa (pois a nación é, aínda, un concepto vago e pouco preciso). Nun segundo nivel, aparece a definición por contraposición, isto é, o autor utiliza un referente de negación (o que Galiza non é) para, a través del, ir configurando a definición do propio. En terceiro lugar, Galiza é presentada como unha realidade existente e recoñecida que recibe, mesmo, o nome de patria. Por último, nalgúns textos Otero conceptualiza a Galiza explicitamente como unha nación.

O valor de Santiago como símbolo nacionalista resulta evidente ao longo da narrativa oteriana. De facermos un breve repaso da utilización deste motivo, cómpre lembrar o importantísimo valor funcional que a cidade desempeña n'*A romeiría de Gelmírez*. Compostela, retratada nun momento en que tivo un singular esplendor artístico ademais dun especial protagonismo histórico, é presentada nesta obra como metonimia de Galiza, do mesmo xeito que Toledo representa a idea de Castela ou, mellor dito, do poder centralizador castelán.

Así, se ben é certo que Otero, na novela máis claramente histórica de todas cantas compuxo, concentra a maior parte da súa atención no relato dos feitos históricos transcorridos durante o tempo do prelado (cómpre indicar que cun enfoque ahistórico que leva a Otero a falar constantemente de Galiza nun sentido moderno), tamén o é que o relato sérvelle a Otero como escusa para a presentación doutros temas.


N'*A romeiría de Gelmírez* pódese achar un completo retrato da vida dunha cidade medieval como Santiago, coa descrición da súa estrutura social, das

actividades que nela se desenvolvían (comercio, estudos, culto e celebracións eclesiásticas, conspiracións políticas, peregrinacións...) e dos costumes (poesía, festas, supersticións, etc.). Ese panorama social permítelle ao público lector visualizar a composición social da sociedade galega no século XII e tamén, e isto non é o menos relevante, o peso económico e político que a cidade (tamén como imaxe metonímica da Galiza) tiña. A isto habería que engadir as relacións co mundo exterior, a través das viaxes das personaxes galegas ou das peregrinacións á Galiza, que serven para remarcar a mensaxe europeísta que subxace no texto (OTERO PEDRAYO, 1934: 48-52 e 103-104).

Este intento de reproducir de maneira fidedigna o ambiente social dunha época pasada é un dos elementos que máis claramente entroncan a esta novela co modelo canónico de novela histórica definida por Walter Scott, ao igual que a presentación do que Luckács denomina «heroe medio» como protagonista da historia, o trovador Johán de Isorna, e, sobre todo, os obvios contidos identitarios que nela se presentan intimamente relacionados cos procesos de erguemento do sentimento nacional.

Santiago, aínda que con menor centralidade, posúe un valor semellante en *Os camiños da vida*², onde a cidade detenta un simbolismo claro que sobarda a función de banzo no proceso de formación de Paio Soutelo. Certamente a estadia na cidade compostelá resulta fundamental para o mozo

2 Unha interpretación do valor de Santiago como espazo cultural e simbólico nesta novela pódese ver en ROMERO, 1992: 93-94 e 98-100.



protagonista pois representa o punto final do seu desenvolvemento persoal, tanto no plano académico, como no persoal (o seu primeiro amor) mais, moi especialmente, no ideolóxico (grazas ás informacións, consellos e referencias que lle fornece o seu tío Adrián). Lémbrese, por exemplo, a relevancia funcional de determinados acontecementos que suceden en Santiago: a lembranza (a través dos relatos do tío e tamén da propia visita ao cemiterio do Sar, onde está soterrado o pai do protagonista) dos combates que durante a revolución de 1846 se desenvolveron na cidade, a evocación do banquete de Conxo e dos seus protagonistas ou, mesmo, a explicitación das ideas provincialistas por medio do discurso de Adrián Soutelo.

Deste xeito, na última parte da novela, Compostela, co seu brillante pasado histórico, co seu valor de centro relixioso e cultural e, incluso, cun certo papel relevante no nacemento do movemento político e cultural que ten a Galiza como centro do seu discurso, é o lugar naturalmente chamado para simbolizar o Rexurdimento da cultura galega e o comezo do traballo colectivo a prol da nación,

agora, xa perfilada. Xa case no final da novela, Paio Soutelo, convertido en médico de Trasouto, pensa así:

(...) agora (...) sinto rexurdir en mín moitas ideas do meu pobre tío Adrián. Seu Sant-Iago non era somentes a cidade das eirexas e dos estudantes. Tiña un dobre ser: romántico e ô tempo dôno n'un pôrvir. *Alí se criará a xeneración que salvará o nome de Galiza* (OTERO PEDRAYO, 1928, III, 133) [A cursiva é nosa].

Esta función simbólica de Santiago é a que con maior claridade apreciamos en *Arredor de si*. Na parte final desta obra podemos ver en Adrián Solovio un proceso de reflexión parcialmente semellante ao exposto a través das figuras de Xelmírez e Paio Soutelo. Tamén Adrián, en pleno proceso de retorno cara á súa terra, cre ter unha clara conciencia dos elementos que configuran a identidade colectiva do pobo galego e, polo tanto, do país. Hai xa unha percepción definida da existencia dunha entidade chamada Galiza, dotada



Daniel Castelao e Ramón Otero
Pedraio en Bos Aires. 1947

de personalidade propia³, até aquí ignorada por el mesmo: «Comezo a percatarme do qu'hai de diferente en min e nos galegos (...). Por primeira vegada referíase á personalidade da Galiza» (OTERO PEDRAYO 1930: 136-137).

E cando xa, finalmente, o protagonista de *Arredor de si* teña culminado o seu proceso de procura identitaria vai dar un paso máis na liña de consolidar o seu pensamento. Tórnase necesario conceptualizar esa entidade colectiva e Adrián Solovio vai designala co nome de nación, reflexionando, aliás, sobre a confusión que provoca o uso dese termo:

A novidade de Europa, a que ela agarda, a que xustificará pra sempre no mundo non é nin a fórmula política apricada en grande senso a mesma do XIX, nin a técnica, sinón o descubrimento e maioría d'idade de todo'os pobos que a compoñen, o xurdimento de total'as yalmas colectivas, nacionais. ¡Que uso crónico e cruel se fai da palabra fermosa entre todas, de nación! Pol'o transitorio fatum histórico ven a significare un imperialismo por ser pequeno mais noxente e matador (OTERO PEDRAYO 1930: 151).

Ao tempo, para Adrián, esa entidade nacional que é Galiza resulta máis doada de imaxinar e de

3 Esta mesma idea é a que se expón en *Os camiños da vida*, sobre todo, a través da figura de Adrián Soutelo, verdadeiro conformador da consciencia do seu sobriño Paio. Nunha das últimas conversas que os dous sosteñen en Santiago, pouco antes da viaxe a Carral, o vello fidalgo recrimina ao mozo: «Mais non coidei que t'esqueceras hastra tal termo do ideal do noso pobo, porque has saber, meu fillo que somos un pobo» (OTERO PEDRAYO, 1928: III, 98) e aínda: «Mais a mín que me importan os homes? Despáchome millor c'as pedras, as lembranzas, os mortos, e os futuros que aduviño, ben lonxanos, pra a nosa Galiza.» (OTERO PEDRAYO, 1928: III, 97).

aprender a través do que el considera o seu centro simbólico: Santiago⁴.

En Sant-Iago Adrián sempre se coidaba na Europa e mais galego que nunca. A sensación do Estado Español estaba pra il ausente da cidade. (...) Compostela non merece o seu ditado de apostólica, soilo pol'a reliquia do Apóstol sinón pol'o apostolado universal de cidade franca. Adrián soñaba que nas cátedras e nos púlpitos volverán a soar a vos de todo'os mestres do mundo, e dinantes que outra as voces galegas que xermolaban escuramente na Galiza. Eles ceibarían o espírito da Terra (OTERO PEDRAYO 1930: 152).

Esta mesma utilización nacionalitaria é a que se pode percibir en *Devalar*. Nesta novela a cidade de Santiago funciona como centro articulador de moitos dos camiños que percorren a novela, sendo tamén o lugar onde se concentra a maior parte das personaxes que por ela circulan. Ao mesmo tempo, Compostela constitúese, sobre todo, en espazo simbólico referencial que serve para que os dous personaxes galeguistas definan o seu compromiso. Por exemplo, describindo o proceso de reflexión de Martiño Dumbría, o autor afirma: «En tres noites de Compostela fixaba Martiño os seus tres estadios do sentimento do coñecemento amoroso de Galiza.» (OTERO PEDRAYO 1935: 74).

Aparece aquí estabelecida unha clara interrelación entre o proceso de conceptualización da

4 Sobre o valor simbólico da cidade de Santiago para o movemento galeguista como razón da súa escolla como sede de diversas iniciativas culturais e políticas (*Seminario de Estudos Galegos*, Editorial Nós, 25 de xullo, sinatura do pacto *Galeusca*, etc.). Véxase CARRO, 1985: 231-233.



Ramón Otero Pedrayo.
Ourense, anos 40

**«En tres noites de Compostela
fixaba Martiño os seus tres
estadios do sentimento
do coñecemento amoroso
de Galiza» (Otero Pedrayo, 1935: 74)**

idea de Galiza e a cidade de Santiago, de maneira moi semellante á que o autor expuña en *Arredor de si*. Nesta novela áchase a descrición da forte impresión que a primeira visita a Santiago exerce sobre o espírito do protagonista que, recentemente chegado do seu periplo europeo, cruza a cidade de noite:

Adrián endexamais sentira un asoballamento igoal. As grandes laxes, as disformes arquitecturas na noite, un cantigar de fontes, a fuga das rúas embozadas en têbras, todo lle prodocía un deslumeamento, un vértigo grave, de grandeza infinda e o mesmo tempo familiar. Adrián decatábase de que xeito se enchía no seu ser un oco hastra entón angustioso, agora cheo de seguridade i-espranza (OTERO PEDRAYO, 1930: 139-140).

Para alén do fascinación ante a beleza daquelas arquitecturas contempladas na noite, o paso por Santiago desencadea en Solovio un proceso moi similar ao de Martiño Dumbría. En concreto, e volvendo a *Devalar*, a cidade é quen permite á

personaxe de Martiño articular as claves para a descuberta da cultura e da identidade galega e, así, ao longo das tres noites citadas, a súa reflexión céntrase na relación de Compostela coa Terra, co Camiño de Santiago e na da Galiza coa Europa: «(...) a Galiza xurdía cinguida ás outras pátrias irmás no arelare. (...) O esenzal pende do anxeio de cada terra. Todas teñen o seu, calado ou brillante, alagado ou aparente, conseqüente ou non co destino.» (OTERO PEDRAYO, 1935: 76).

Pouco despois a voz narradora explicita un pensamento do protagonista que ten moito a ver coa súa integración no Seminario de Estudos Galegos e no proxecto colectivo dos galeguistas que, unhas páxinas antes, confesara admirar (OTERO PEDRAYO 1935: 70-72); unha reflexión que non é moi diferente da que xa vimos posta en boca de Paio Soutelo n'Os camiños da vida. Así, en *Devalar* lemos: «Sentía Dumbría que unha xenerazón, soio unha xenerazón que tivera a heroica concenza da trascendentalidade do intre seu, soio unha, a súa, a dos mocíños, faría do lirismo, historia» (OTERO PEDRAYO 1935: 76).

«(...) a Galiza xurdía cinguida âs outras pátrias irmás no arelare. (...) O esenzal pende do aneiro de cada terra. Todas teñen o seu, calado ou brillante, alagado ou aparente, conseqüente ou non co destino» (Otero Pedrayo, 1935: 76)

Por último, e volvendo por un momento á relación de Compostela con Europa, cómpre lembrar aquí outra personaxe de interese que aparece tamén nesta novela e que non é outra que lady Woolf, unha escritora inglesa que visita Santiago⁵ e que, logo, decide escribir un libro a partir da profunda impresión que a cidade e a Galiza deixan nela. Esta noveliña, titulada *Os amantes de Santiago*, vai aparecer intercalada máis adiante, un procedemento non estraño na narrativa de Otero (lémbrese, por exemplo, o texto de «Nosa Señora das Laverças» de Adrián Solovio en *Arredor de si* ou «As Palmas de Herbón», esquema-resumo do libro de Pauliños Fontenla tamén inserido en *Devalar*).

Do portal do Hotel sae un fato de turistas (...). No centro do grupo Lady Woolf, branca e rexa dona: vrans nas Hébridias, mañáns anxiosas na India agardando que no azul alapeado dos montes cabalque a nuben da moxón. Da torre do Reló baixan as nove badeladas, e van pousando, unha tras outra, deica compretar o número simbólico, nos treitos orballados (...). A hora baixa lavada como unha concenza, imperiosa, carregada de deberes. Lady Woolf, camiña embarcada na nau da hora. Na sua ialma resoa longamente chamándoa para as intensas avenidas do xardín interior. Sinte a gravidade do outono, e non perde

5 «Orballeira na rúa», o terceiro capítulo de *Devalar*, apareceu publicado en forma de relato independente no número 115 da revista *Nós*, xa en 1933, dándose por sentado, desde sempre, que é o mesmo texto. Cómpre subliñar que, para alén de certas mudanzas gráficas ou lexicais mínimas (*dino* por *digno*, *pergunta* por *pregunta*, *inieuciós* por *inyeuciós*, *fortecere* por *fortalecere*...), nesta primeira versión hai unha diferenza digna de mención e é o diferente nome do estudante protagonista: Xenaro Vilar (que, lembremos, logo se chamará Martiños Dumbría no libro).

o tempo prezoso mirando a rua, nin petando con aas maxinadoiras nos muros da Quintana. Non hai pra ela un ventíño levían no alcipreste, nin un salaio elexíaco na viola de David: a dramaturxia das Prateirías non pode trubar a chamada meditativa, o ron-sel seguro e lucente da hora (OTERO PEDRAYO, 1935: 34-35). (Os subliñados son nosos).

E Lady Woolf, vai escribindo n-unha libretiña notas encol da Galiza. (...) Vai escribindo: «Un sentido de eternidade foi medrando nesta terra, (...). Teño a chave da historia de ista terra. Pouca falla me fai a investigación erudita». E soñaba ca fermosa tipografía do libro, de historia intuitiva, que ela comporía no retiro da sua casa quente e pechada, seréa lus, na néboa de millóns de vidas e fumes, do Londres enorme (OTERO PEDRAYO, 1935: 36-37).

Non semella moi desencamiñado pensar que nesta alusión ás avenidas do xardín interior, xunto co nome da escritora citada, hai unha clara referencia ao estilo e á personalidade intelectual de Virginia Woolf⁶, na liña do xogo intertextual que Vicente Risco desenvolve en «Dedalus en Compostela» (1929), en relación cos textos de James Joyce. Na nosa opinión, este é un bo exemplo da vontade de autonomización do sistema cultural galego

6 Neste sentido, resulta pertinente lembrar outra das referencias a esta personaxe, en concreto no final capítulo VII. Xa en Londres, Lady Woolf lembra o seu outono en Santiago e os seus apuntamentos esquecidos, o que dá o pé para xustificar diexeticamente o inicio da redacción do texto da novela intercalada: «Para Miss Woolf chegou a Primadeira con máns de fada shakesperiana arrincandolle das máns as follas da novela psicoanalista, de tres centas páxinas. (...) ¡Todo o inverno gastado en botar sondas no estanque das novelas psicoanalíticas! (...) Na tensión criadora e calcolista do escritor voltaba pr'a casa (...). Xa tiña o tído e a nebulosa do tema: «Os amantes de Sant-Iago». (OTERO PEDRAYO, 1935: 95-96)



Otero Pedraio con membros do Brais Pinto. Madrid, 1958

De esquerda a dereita: Ben Cho Shey, Xosé Fernández Ferreiro, Ramón Otero Pedraio, Bernardino Graña, Cesar Arias, (...), Leonardo Fernández Souto, Bautista Álvarez, Xosé Luis Méndez Ferrín e Raimundo Patiño

que practica Otero Pedrayo, aquí expresada a través dun diálogo con outro sistema literario, neste caso normalizado e considerado de referencia, un diálogo que rompe o teito do sistema cultural español e resulta, de seu, unha demostración práctica da máxima «Galiza, célula de universalidade», utilizada polo grupo Nós e despois recollida polo Partido Galeguista.

En conclusión, a cidade de Santiago que, en principio, parecía dotada dun valor simbólico ligado unicamente ao seu significado como capital espiritual da Galiza e centro de atracción do mundo occidental durante séculos, asume ao longo da obra narrativa de Otero unha clara dimensión identitaria que sobarda o estritamente relixioso. Santiago convértese no espazo metonímico que compendia os valores que para Otero definen a identidade da Galiza: relixión e espiritualidade, importancia histórica na Idade Media, síntese do espírito europeo, papel relevante da cultura e da arte, relación co mundo rural e, ao tempo, espazo aberto a outras culturas. Do seu discurso dedúcese que a confluencia de todos estes factores dotou a

cidade de Santiago dunha dimensión ideolóxica e deu lugar á consolidación de Compostela como símbolo (cun certo carácter implícito de capital da nación) do mesmo tipo que a bandeira, o escudo, o himno ou o día de Galiza.

Na nosa opinión, a construción que Otero fai do tema de Santiago como símbolo nacionalitario da Galiza constitúe un paradigmático exemplo á hora de explicar algunhas das estratexias que Otero Pedrayo utilizou na súa narrativa para trasladar ao discurso literario as teses defendidas polo discurso ideolóxico galeguista. Neste caso, a utilización reiterada dese espazo ficcional compostelán serve como didáctica exemplificación dun dos elementos centrais do discurso nacionalista: a conceptualización, primeiro, e a definición, despois, de Galiza como nación. ●

Bibliografía

- CASTRO, X. (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Deputación de Ourense.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2003): *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: A Nosa Terra.
- OTERO PEDRAYO, R. (1928): «Os señores da terra» (I); «A maorazga» (II); «O estudante» (III), en *Os camiños da vida*. Santiago de Compostela: Nós.
- (1930): *Arredor de si*. Santiago de Compostela: Nós.
- (1934): *A romeiría de Gelmírez*. Santiago de Compostela: Nós.
- (1935): *Devalar*. Santiago de Compostela: Nós.
- ROMERO, M. (1992): *Guía de lectura de Os camiños da vida de Ramón Otero Pedrayo*. Pontevedra: Edicións do Cumio.



LAURA TATO FONTAÍÑA

Universidade da Coruña. Grupo ILLA

► A Escola Dramática Galega.
A Coruña, 1922

Atópanse presentes, entre outros, Manuel Lemus, Fernando Osorio, Vitor Casas, Leandro Carré, Fernando Blanco Sellarés, Leandriño Carré «Fausto Brand», Luísa Castelo, Carne Melendrez, Xosé López, Pilar Lemus, Alfredo Somoza

Os coros e o teatro en Santiago de Compostela coas Irmandades

Resumo

O artigo repasa as actividades dramáticas e musicais durante a etapa central das Irmandades da Fala na cidade de Santiago de Compostela, agrupándoos segundo a orixe social dos seus integrantes. Comeza polos coros populares, Follas Novas e Cántigas e Agarimos. A seguir, describe as actividades teatrais das Tunas universitarias dos cursos 1915-1916 e 1916-1917; continúa coas dos grupos obreiros Brisas Futuras e A Terriña; as do Cadro da Universidade e as de outros grupos como a Agrupación Compostelana, Cativezas ou o Cadro Escolar. Cérrese o traballo cos grupos vinculados á igrexa católica: Escolas Dominicais, Escolas nocturnas de adultos, Antonianos, Colexio das «Huérfanos» ou o Círculo Católico de Obreiros.

Palabras chave: Teatro, coros populares, Irmandades da Fala, Santiago de Compostela, Historia do teatro.

Abstract

The article examines the musical and theatrical activities of the Irmandades da Fala ('Galician Language Brotherhoods') in Santiago de Compostela. The survey chronicles the activities of a series of grassroots music and drama groups, beginning with two folk choirs, Follas Novas and Cantigas e Agarimos. The analysis continues with a description of the period-costumed university student tuna groups (1915-1916 and 1916-1917) and the working-class theatre groups, Brisas Futuras and A Terriña, together with other performance groups such as Cadro Universitario, Agrupación Compostelana, Cativezas and Cadro Escolar. The study concludes with the activities of groups and organisations associated with the Catholic Church.

Keywords: drama, folk choirs, Galician Language Brotherhoods, Santiago de Compostela, theatre history.



© Fundación Terra e Tempo

Os estatutos das Irmandades da Fala recollían entre os seus obxectivos «Fomentar o coñecemento da música galaica y o amore ós bailes e costumes enxebres», así que pronto apareceron os primeiros coros dependentes das diversas delegacións locais. En Santiago crearon Follas Novas no mesmo ano de 1916 e, como moitos outros, non contemplaba na súa programación o teatro. Isto pode deberse a que na cidade, na altura, había xa outra entidade musical que si o realizaba, a Unión Artística Compostelana que representara, en 1915, *Recordos dun vello gaitero*, de Nan de Allariz. Sexa como for, Follas Novas non durou demasiado e ignoramos se os seus integrantes serían os mesmos que conformaron o Orfeón Gallego, que interpretou as pezas *Amor de Terra*, (1918), de Juan M. López, e *A fonte do xuramento* (1919), de Francisco M.^a de la Iglesia.

Non volvería a haber coro popular en Compostela até xuño de 1922, cando se presentou ao público Cantigas e Agarimos con *O Alalá*, de Francisco Porto Rey, e o monólogo *No Quinteiro*, de Xesús San Luís Romero. Ao ano seguinte, Cantigas e Agarimos incorporouse ao grupo de coros que prescindían

do teatro, e non o recuperou até 1924, que levou ao escenario do Salón Teatro *Vaites... vaites!*, de Ricardo Frade Giráldez. Mais este era o ano en que corrían ventos de renovación entre os coros, e o coro compostelán preparou a súa primeira e única zarzuela, *A lenda de Monte Longo*, con libreto de Manuel Rey Pose e José Buhigas Olavarrieta e música de Bernardo del Río, estreada no Salón Teatro. En 1925 levárona a Vigo, Ferrol e A Coruña. A pesar de que as críticas foron boas polo riso que provocaba no público, predominaron os comentarios que insistían na falta de consistencia literaria da peza. De todas as formas, non debía resultar doado para os coros montar obras deste tipo, porque na temporada seguinte, Cantigas e Agarimos volveu ao teatro e levou a Noia a peza *Antón de Freixide*, de Manuel María González. Esta foi a última vez que actuou o cadro de declamación; a partir deste momento, o coro prescindiu definitivamente das representacións teatrais e intentou montar o tipo de espectáculo que para eles propugnaban as Irmandades da Fala, as coñecidas como 'estampas'. Esta escaseza de actividades dramática vinculadas



Grupo teatral da Universidade que representou Trebón. Compostela, 1922

Atópanse presentes, entre outros, Xermán Prieto, Fermín Bouza Brei, Xosé Posada Curros, Xoán Xesús González, Xosé Mosquera «O Vello dos Contos», Armando Cotarelo Valledor, Olimpia Valencia, Margarita Denlofén, Mercedes Aller, Nieves Vilar e Pilar Cotarelo.

aos coros populares poden atribuírse a que na cidade do Apóstolo xurdiron varios cadros de declamación que cubrían ese aspecto da cultura e estaban dirixidos a todos os tipos de público, posto que tiñan unha base social diversa, que abranguía desde os sectores traballadores aos universitarios.

En 1915, a Tuna Escolar Gallega recollera as preocupacións rexionalistas e agraristas da época e recadara fondos para o monumento a Rosalía de Castro. No programa das súas actuacións incluía a representación dunha obra galega, *Antón de Freixide*, de Manuel María González quen, ao ano seguinte, ingresaría nas Irmandades da Fala. O discurso de Manuel María tivo grande repercusión na prensa porque, en presenza do Claustro da Universidade e das autoridades de Santiago, fixo un canto de exaltación do Mariscal Pardo de Cela e acabou cun chamamento a quebrar as cadeas da escravitude en que se achaba Galiza. Ademais da difusión do espírito galeguista, o éxito de *Antón de Freixide* foi enorme e significou a consagración de Xermán Prieto como actor enxebre. *Antón de Freixide* subiu aos escenarios da Coruña, Betanzos, Viveiro, Ribadeo, Lugo, Monforte, Pontevedra, Vigo, Tui e Noia, precedido das ardentes palabras do seu autor e incluído nun espectáculo dirixido a un público urbano de clase media. Moitos amadores dos lugares visitados pola Tuna comezaron a representar teatro galego. A Tuna do curso seguinte formouse, outra volta, baixo a dirección de Manuel María González, neses momentos bibliotecario da Irmandade da Fala local. Dirixindo o cadro de declamación estaba Xermán Prieto, protagonista de *Antón de Freixide*, que alcanzara xa certa sona como actor cómico enxebre e que interpretou

tamén outro diálogo titulado *A Consulta*, de R. S. Nas crónicas xornalísticas loaron a súa interpretación das pezas galegas.

Ao par deste teatro feito por universitarios, o grupo Brisas Futuras, cadro de declamación da Federación Obreira de Compostela, que adoitaba representar teatro español de tese para celebrar o 1 de maio, en 1918 estreou o drama *O Fidalgo*, de Xesús San Luís Romero. O éxito alcanzado pola obra resultou tan impresionante que, ademais de catro funcións en Santiago, visitaron A Coruña, Ferrol, Ourense e Vilagarcía. Integraban o cadro Conchita Nogueira Pereira, R. Silva, Carmen Sande, S. Menéndez, J. S. Calvelo, Valentín Canedo Vázquez, Manuel Dopico, Jesús Pose, Cordal Pérez, Cobas, José Iglesias, Alejo Yáñez, Salgado, Sande e mais Caulonga. As repercusións na prensa d'*O Fidalgo* foron considerábeis, para uns polo feito de ser o autor un zapateiro iletrado e para outros porque significaba a continuación do teatro de tese que iniciara Manuel Lugrís Freire.

Brisas Futuras, seguindo a liña do teatro social, levou tamén a escena *A Ponte*, de Manuel Lugrís

«Na cidade do Apóstolo xurdiron varios cadros de declamación dirixidos a todos os tipos de público, posto que tiñan unha base social diversa, que abranguía desde os sectores traballadores aos universitarios»



Cartaz anunciador de Rosiña.
Compostela, 1921

Freire. Fose por cuestións lingüísticas, ideolóxicas ou persoais, o caso é que, a finais de 1918, se produciu unha escisión que deu lugar a dous grupos: Brisas Futuras e A Terriña. O primeiro permaneceu como o cadro de declamación da Federación Obreira representando teatro en español, e o segundo quedou constituído como grupo exclusivamente galego. A Terriña presentouse de novo en Compostela, en 1919, con *O Fidalgo*; levouna a Vilagarcía, Pontevedra, Redondela e Vigo e, nos anos seguintes, á Estrada, Padrón, Marín, Noia, Carballo, Cangas... O enorme éxito desta obra e a súa grande repercusión na prensa foi un dos aspectos máis estudados na historiografía teatral galega. *A Terriña* estivo dirixido por Manuel González Lanchas e no elenco figuraron Carmaña Sande, Ofelia González, Rosalía e Ramona Silva, Inocencio Rodríguez, Manuel Míguez, Luís Roucar, Antonio López, Manuel Dopico, Eugenio San Luís, Jesús Pose e José San Luís. Desapareceu durante a ditadura de Primo de Rivera, mais en 1930, cando xa se albiscaba a II República, Xesús San Luís Romero volveu formar compañía, a Agrupación Compostelana, para representar a

súa obra. Os actores eran os que estrearan, en 1918, *O Fidalgo*, J. S. Calvelo, Valentín Canedo e Manuel Dopico; as actrices, nesta volta, foron as fillas do autor, Elena e Lola.

Entre o teatro dos universitarios e o dos obreiros, en 1922, creouse o Cadro Escolar, dirixido por Xermán Prieto e integrado por escolares de ensino secundario, que levou á escena a comedia de Francisco Alcayde, *Aínda vive!* e *De quen é a vaca?*, de Manuel Vidal Rodríguez, catedrático do Instituto de Compostela. Na súa actuación da Coruña, o grupo estreou outra peza do mesmo autor, *O «si» de Gabriela*, en que se buscaba o riso do público coas labazadas que un home daba a súa filla por non aceptar un matrimonio de conveniencia. Na primeira actuación, o Cadro Escolar interpretou tamén un drama español de Vidal Rodríguez, que axiña foi substituído por *O meu viaxe á Cruña (do sacristán de Boiro)*, de José Pan Martínez. Integraban este grupo Lola Rodríguez, Carmen Ulla, Inés Barreiro, F. Barreiro Salaño, L. Cebreiro Refojo, P. Romero Lema, X. Bastida Vizoso, L. García Acebal, E. Rodríguez Cebal, M. Cerviño Gesteira e mais X. González Muñoz. Desapareceu, como todos, coa ditadura.

No Círculo Mercantil da cidade tamén funcionou un cadro de amadores que, en 1918, estreou dúas pezas de Ricardo Frade Giráldez, *O Rei da Carballeira* e mais *Rosiña*. O máis probábel é que sexa este mesmo elenco o que, en 1920, se presentou como Agrupación Galicia e estreou o cadro lírico-dramático *O sangue berral*, de José G. Posada Curros, con música do mestre Lozano; completou a función coas pezas *O miñado e mais a pomba* e *Cásome ou non me caso?*, de Avelino Rodríguez Elías. O grupo presentouse en Vigo porque o seu

«Unha simple ollada aos grupos escolares que representaban teatro galego mostra que estaba dirixido ás clases máis desposuídas, a alumnos e, sobre todo, a alumnas que formarían parte das clases traballadoras, non das dirixentes»

director, Posada Curros, era natural desa cidade. Integraban o cadro Concha Nogueira, Mercedes Iglesias, Gonzalo Martín, Valentín Millán, Gonzalo Pando, Manuel Regueiro, Pepe Abraldes, Luís Iglesias e Pablo F. Tafall.

En 1922 apareceu o grupo Cativezas que, polos nomes das actrices e actores, era unha continuación da Agrupación Galicia. As actrices eran Concha Nogueira, Mercedes Iglesias, Felisa Vázquez, Sosía e mais Mospollet; os actores, Espasandín, Romar, M. e I. Varela, Hermida e Pereira. Na primeira representación, celebrada no Salón Teatro, levaron a escena *O rei da Carballeira*, de Ricardo Frade Giráldez. Na seguinte, baixo a dirección de Xosé Mosquera, estrearon *Vaites... vaites!*, do mesmo autor, no Teatro Principal. En 1923 montaron *Minia*, de Manuel Lugrís Freire; *Vaites... vaites!*, de Frade Giráldez, e mais unha outra peza deste último escrita especialmente para eles, *A copla*. Como todos os demais grupos, Cativezas desapareceu coa ditadura.

Co fin de recadar fondos para o Comité Pro-Rusia, que presidía o catedrático Salvador Cabeza de León, formouse na Universidade de Santiago de Compostela un grupo que, baixo a dirección de Mariano Tito Vázquez, estreou, no Teatro Principal, en maio de 1922, dúas obras do catedrático Armando Cotarelo Valledor: o drama *Trebón*, e o monólogo cómico *Paulos*. Foron levadas tamén ao Teatro Linares Rivas da Coruña. En 1923, estrearon as comedias *Sinxebra* e *Pillounos*, ambas as dúas tamén de Cotarelo, ao tempo que anunciaban que tiñan en preparación a traxedia *Negra Sombra*, de Posada Curros. O éxito das obras de Cotarelo foi tan grande que *Sinxebra* e *Pillounos* serían repetidas en Santiago e no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

Co gallo dunha serie de actividades culturais que se ían celebrar en honor dunha embaixada cubana na Coruña, no verán de 1923, o grupo da Universidade aceptou un convite da Reunión de Artesanos da cidade para representar alí *Trebón*, *Sinxebra* e *Lubicán*, de Cotarelo Valledor e mais *Negra Sombra*, de Posada Curros. Porén, o programa debeu parecer excesivamente galego ás outras entidades organizadoras (Concello da Coruña, Sporting Club e Nuevo Club) e, á última hora, o grupo da Universidade foi substituído por unha compañía profesional española que por esas datas actuaba na Coruña. O cadro da Universidade limitouse a celebrar unha función benéfica en que representou *Sinxebra*, compartindo cartel coa antedita compañía profesional. A ditadura de Primo de Rivera aprazou máis dun ano a estrea de *Lubicán*, que tivo que realizarse nun acto reservado ao público universitario. O elenco deste grupo estaba integrado polos nomes máis coñecidos do teatro galego en Compostela: Xermán Prieto, Xosé Mosquera, Juan Jesús González, Posada Curros e mais Fermín Bouza Brei. Porén, non aconteceu o mesmo coas figuras femininas. Entre as actrices do cadro universitario non figuraba ningunha das que formaran parte de Cativezas, nin d'A Terriña, nin da Asociación Galicia; isto probabelmente se deba a que esas mulleres non formaban parte do mundo universitario, ao que só tería acceso unha minoría das fillas das familias máis progresistas e mellor situadas economicamente. Foron Olimpia Valencia, Margarita Denlofén, Mercedes Aller, Nieves e América Villar e Pilar Cotarelo. A ditadura tamén rematou co cadro da Universidade.

Os círculos católicos composteláns, que tan ligados estiveran historicamente ao rexionalismo



O recoñecido actor Xermán Prieto.
Compostela, 1924

e que estreaban obras de autores de seu, despois dun lapso en 1919 (provocado probabelmente pola definición do nacionalismo) recuperaron o costume de representar pezas galegas. O cadro infantil das Escolas Dominicais estreou, en 1920, *A Señá Tiburcia*, de Celestino García Romero. As alumnas do Colexio das «Huérfanas», no festival de fin de curso dese mesmo ano, representaron o diálogo anónimo, *A Pelegrina* e, no de 1923, un outro diálogo tamén anónimo titulado *Na feira*. En 1921, o cadro das Escolas Dominicais realizou a súa festa anual, non na sede no Círculo Católico, como era habitual, senón no Salón Teatro, e representou o drama haxiográfico *Santa Liberata*, de Celestino García Romero e *A festa do Patrón*, da Madre Margarita. Quizás estas obras conformasen un tipo específico de teatro escrito para escolares, en que se incluíría tamén, por exemplo, o *Diálogo en verso*, que Juan Barcia Caballero redixiu en 1921 para a festa de fin de curso da Escola de Bastabales, ou a peza titulada *Boa Festa*, da Madre Margarita, e todos os monólogos e diálogos dos diversos colexios e aulas de ensino nocturno para adultos.

Non podemos deixar de apuntar a posibilidade que se estivese intentando crear un teatro didáctico galego, que coincidiría no tempo coa creación en Madrid do tamén fracasado «Teatro de los Niños». Mais o fin último dese teatro didáctico galego non sería o mesmo que o do teatro infantil español. A educación en Galiza foi sempre unha vía de españolización, e unha simple ollada sobre os grupos escolares que representaban teatro galego (Escolas Dominicais, Colexios de Orfos, escolas nocturnas de adultos, etc.) indica que estaba dirixido ás clases máis desposuídas, a alumnos e, sobre todo, a alumnas que formarían parte das clases traballadoras, non das dirixentes. Por tanto, o máis probábel, na nosa opinión, é que o emprego do galego non se debese á vontade de creación dunha literatura dramática escolar galega, senón a que os rapaces/zas a quen ía dirixido este teatro tiñan como lingua de seu o galego. Por cuestións de eficacia conviría adoutrinalos na súa propia lingua. Nos colexios de elite o que se representaba era teatro español. Intimamente ligado ao teatro das escolas católicas está o que realizaban outras entidades da mesma ideoloxía como a Universidade Pontificia, que en 1922, incluíu nunha festa literaria *Mal de moitos*, de Charlón e Sánchez Hermida; ou a «Asociación de la Visita Domiciliaria de la Medalla Milagrosa», en 1923, representando o monólogo *Caso de Conciencia*, de Juan Barcia Caballero. ●

Bibliografía

TATO FONTAÍÑA, L. (1996): *O teatro galego e os coros populares 1915-1931*, Tese de doutoramento inédita. A Coruña: Universidade da Coruña.



TERESA LÓPEZ FERNÁNDEZ

Universidade da Coruña

Sobre a poesía e os poetas nas Irmandades da Fala¹

Resumo

Este traballo sinala a importancia simbólica da poesía e da definición do poeta nacional nos inicios das Irmandades da Fala, revisa a relación entre produción poética e estética nacional na década de 20 e analiza brevemente algúns aspectos da obra de dous poetas da Irmandade compostelá: Victoriano Taibo e Fermín Bouza-Brey.

Palabras chave: Poesía, Irmandades da Fala, neotrobadorismo, neopopularismo, Fermín Bouza-Brey, Victoriano Taibo.

Abstract

This work provides an overview of the symbolic importance of poetry and creation of the national poet at the beginning of the Language Brotherhoods and the relationship between poetic production and national aesthetics in the 1920s before going on to briefly analyse several aspects of the works of Victoriano Taibo and Fermín Bouza-Brey, two of the most outstanding poets within the Language Brotherhood in Santiago de Compostela.

Keywords: Poetry, Language Brotherhoods, neo-troubadourism, neo-popularism, Fermín Bouza-Brey, Victoriano Taibo.

¹ Estas páxinas son unha síntese da intervención que dediquei á poesía e aos poetas nas xornadas 'As Irmandades da Fala en Compostela', organizadas pola A. C. O Galo en novembro de 2016. En boa medida recollen ideas desenvolvidas en traballos meus publicados ou en curso de publicación.



© Fundación Otero Pedraio

Na procura do poeta nacional

No balance das actividades das Irmandades da Fala (1916-1931) son destacados unanimemente a ampliación dos usos orais e escritos da lingua galega e a diversificación xenérica da produción literaria –co desenvolvemento da prosa (de ficción, mais tamén ensaística e didáctica)– como logros principais do período. Mais nos discursos iniciais dos promotores das Irmandades a atención está focada na poesía como xénero literario por excelencia.

Exemplo disto é o libro fundacional, nos planos teórico e programático, do que logo serán as Irmandades da Fala: *Nacionalismo gallego, nuestra afirmación regional* (1916) de Antón Vilar Ponte. Poesía e poetas son referencias principais nas mencións lexitimadoras a un pasado próximo, o do século XIX, mais tamén van centrar as propostas de acción no presente, con destaque para a insistencia na necesidade de preparar o grande poeta nacional contemporáneo, que dea corpo e simbolice o movemento que estaba comezando a articularse: «Nuestros vates cumbres [...] anuncian el categórico imperativo nacionalista [...] Para nosotros, lo

▲ Homenaxe do Partido Galeguista a Emilia Docet e a Manuel Luís Acuña. Ourense, 1933

De esquerda a dereita de arriba a baixo: Vicente Risco, o reloxeiro de Cronómetro, Ramiro Illa Couto, Leuter González Salgado, Ánxela Otero, Álvaro Cunqueiro, Emilia Docet, Manuel Luís Acuña, Ramón Otero Pedraio, Mari Luz Morales, Ricardo Fernández Morales, Xosefina Bustamante, Eduardo Blanco Amor, Xoán Luís Ramos Colemán, Miguel Valencia, X. Vilagarcía, Roberto Vázquez-Monxardín, Elina Carballo, Esther Peña Bouzas, Alberte Vázquez-Monxardín, Manuel Peña Rei, Emilio Blanco Maneiro, Xosé Goiáns e Daniel Piñeiro

principal estriba en la preparación del gran poeta representativo de la patria nativa».

A segunda edición desta obra recolle, no final, unha sección que pretende mostrar a acollida xeral da publicación a través de citacións de autoría diversa. Entre elas, baixo a rúbrica «De un ilustre apóstol da redención de Galicia, verbe das nosas ideas», figura unha carta de Rodrigo Sanz que mostra a coincidencia coas ideas vilarpontinas sobre a misión do poeta nacional, preludio necesario para a eclosión do movemento nacionalista:



Ramón Cabanillas, en primeiro plano, nunha homenaxe en Vigo. 1927

Ese poeta debe de estar nacido ya, es nacido seguramente... Pero el tiempo aún no es para su evangelio sin duda. Hay, pues, que prepararle advenimiento, hay que ponerse en ansias vivas, en expectación de gentes. [...]

El canto que anuncie y persuada su preñez a un pueblo, y que le prediga el parte y se lo haga amar y trabajar por él... no puede ser antes que las ansias e inquietudes que preludian toda preñez; y esas ansias no son más que el efecto de una tensión espiritual colectiva que sólo en la máxima comunicación interior, posible solamente por la lengua propia, puede producirse.

Por tanto, a vontade de crear o poeta nacional é unha idea central no pensamento dos impulsores primeiros das Irmandades. Vén aquí ao caso lembrar como Lois Porteiro, no discurso que pronuncia con motivo da fundación da Irmandade compostelá, vai insistir nas ideas expresadas por Vilar Ponte e por Sanz, mais dándolles corpo e nome en Ramón Cabanillas, retratado como «o cardíaco que veu á remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal». Un poeta-guía, vate, profeta e rebelde, que Porteiro vai colocar a par de Vilar Ponte, Aurelio Ribalta e Rodrigo Sanz como o cuarteto de «mestres e quixotes» que inspiran o movemento. De forma que Cabanillas é, de facto, o poeta das Irmandades en 1916, mesmo antes do seu bautismo como Poeta da Raza por Antón Vilar Ponte nas páxinas d'*A Nosa Terra*, logo da publicación de *Da terra asoballada* (1917).

O rol principal dos/das poetas para as Irmandades da Fala vai pórse de manifesto en diversas celebracións e conmemoracións que aspiran a dar ao movemento cohesión e visibilidade no espazo

público. Son actos que pretenden alicerzar o papel lexitimador dos/das poetas do Rexurdimento, singularmente de Rosalía de Castro, e reforzar a condición do por fin achado poeta nacional, Ramón Cabanillas.

Exemplo do primeiro témolo nas homenaxes a Rosalía, como a celebrada en abril de 1920 en Compostela. Diante da estatua erixida na Alameda, o Coro ourensán De Ruada rende tributo á autora e, como presidente da *Xuventude Nazionalista de Santiago*, intervén Valentín Paz Andrade para subliñar o papel da poeta, erixida en símbolo nacional: «Rosalía, musa e nai, santa e dona dend'o paradiso da tua groria, alenta c'un soplo do teu numen os azos d'esta mocidade loitadora; tende unha man de bendición santificante ôs que cantan a-os teus pés». No ano seguinte, A Coruña e Ourense acollerán actos de lembranza de Rosalía no seu cabodano, vinculados igualmente ás Irmandades da Fala.

O proclamado como Poeta da Raza, Ramón Cabanillas, vai ser tamén obxecto de homenaxes e recoñecementos. Citemos dous exemplos: o banquete-homenaxe celebrado no Porriño en maio de 1919 logo da estrea de *A man de Santiña –A Nosa Terra* dará conta deste evento dedicado ao «poeta por escelenza»– e os actos en Mondariz con motivo do seu ingreso na Academia Galega en setembro de 1920 –xunto a Antonio Rey Soto– co discurso sobre *A saudade nos poetas gallegos*, un repaso á tradición literaria galega inspirado n'*Os Poetas Lusíadas* (1919) de Teixeira de Pascoaes.

Poesía e teorización nacional

No inicio da década de 20, Vicente Risco, o principal teórico do nacionalismo galego na altura, vai ollar cara á produción poética na procura dos trazos da



De esquerda a dereita, Manuel Antonio, Daniel Castelao, Rafael Dieste, Xosé Losada Castelao e Laureano Oubiña. Anos 20

personalidade nacional de Galiza no ensaio «O sentimento da Terra na Raza galega», publicado no número primeiro da revista *Nós*. Nas súas páxinas sostén que o sentimento relixioso da terra é unha constante na produción espiritual galega e exemplifica o que denomina «patriotismo vexetal» coa obra de poetas do Rexurdimento como Rosalía, Lamas, Pondal e Añón, mais tamén con versos de Cabanillas e Noriega Varela, xunto con mencións ao Castelao teórico de «Arte e galeguismo» e á obra artística dos pintores Castelao, Imeldo Corral, Carlos Sobrino, do escultor Francisco Asorei e do arquitecto Antonio Palacios.

Este ensaio de Risco constitúe un bo exemplo de como a produción artística –principalmente a poética– é utilizada para tirar os trazos esenciais da identidade nacional. Así mesmo encontraremos exemplos do movemento inverso: desde a teorización nacionalista vai ser definida unha estética nacional e van ser sinalados modelos para a arte, para a literatura, para a poesía.

Nas recensións, artigos en revistas, colaboracións xornalísticas, pequenos ensaios, mesmo na

«Esta nova xeración galega é unha xeración plural que engloba grupos e posicións diversas, con nomes destacados como Evaristo Correa Calderón, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio ou Rafael Dieste, un dos principais rivais dialécticos de Risco.»

correspondencia entre particulares, hai unha idea que se repite á hora de reflexionar sobre arte e literatura: a procura dunha arte *enxebre*, a necesidade de colocar o *enxebriemento* como elemento fundamental na produción cultural. O *enxebre* vai ser definido na maior parte das ocasións por oposición ao *alleo*, e vai ter unha relación ás veces conflitiva con outro termo, o novo, oposto ao vello. Este xogo de oposicións vai estar presente na denominada ‘cuestión xeracional’, nos debates de carácter artístico e literario –e en boa medida, ideolóxico– que se producen entre membros da chamada Xeración de 25 (ou os *Novos*), nados co século, e da xeración anterior, con Vicente Risco como contrincante principal na disputa de ideas. Esta nova xeración galega é unha xeración plural que engloba grupos e posicións diversas, con nomes destacados como Evaristo Correa Calderón, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio ou Rafael Dieste, un dos principais rivais dialécticos de Risco.

A procura do elemento diferencial vai marcar as valoracións da produción artística e da literaria e a identificación do que sexa (ou non) *enxebre* vai constituír un dos eixos principais no debate arredor da estética nacional. O *enxebre* vai identificarse cos trazos definitorios do espírito nacional sinalados polos teóricos do nacionalismo, principalmente por Vicente Risco: o lirismo, a saudade, o humorismo van ser algunhas das súas concrecións.

O interese por crear unha literatura e unha arte axeitada ás características nacionais vai levar a determinar na tradición cultural propia os produtos artísticos que se consideran realizacións plenamente *enxebres*: a lírica medieval, a arte popular, a arte románica son talvez os exemplos



Asemblea xeral do Seminario de Estudos Galegos. Compostela, 1926

De esquerda a dereita de arriba a baixo: Francisco Asorei, Roberto Blanco Torres, Camilo Díaz Baliño, (...), (...), Xulio Balboa, (...), Magariños Negreira, (...), Augusto María de las Casas, López Abente, Xaime Quintanilla, Valeriano Villanueva, Ramón Martínez López, Antón Vilar Ponte, (...), Daniel Castelao, Luís Bouza Brei, Xosé Filgueira Martínez, Ánxel Casal, Evaristo Correa Calderón, Catá, Leandro Carré Alvarellos, Manuel Lugrís Freire, Ramón Otero Pedraio, Xosé Filgueira Valverde, Salvador Cabeza de León, Luís Tobío Fernández, Vicente Risco, Vitoriano Taibo, Requeixo, Luís Iglesias, Florentino López Cuevillas, Xosé María Castroviejo, Xavier Pardo Bedía, Feixoo, Urbano Lugrís e Urbano Losada

máis significativos. Por isto promocionárase a produción poética que responda a eses modelos previamente determinados, como son os casos do neotrobadorismo e do que poderíamos denominar neopopularismo(s).

Manuel Rodríguez Lapa, na carta de maio de 1933 en que agradece a Fermín Bouza-Brey o envío de *Nao senlleira* (1933)², definía o neotro-

badorismo como o movemento lírico «que utiliza com perfeição o ritmo das velhas e lindas cantigas de amigo». A cantiga de amigo como xénero de referencia, procedementos formais como o paralelismo ou o leixaprén e certas palabras-chave van caracterizar os poemas neotrobadoristas. As lecturas críticas dos textos neotrobadoristas incidirán non tanto nas cualidades formais dos poemas como en se trataren de obras que se integran nunha tradición propia, autenticamente enxebres, e por iso, novas e orixinais.

² O volume poético fora editado nunha fermosa e moi coidada edición pola editorial Nós.

**«Nas Irmandades da Fala
conflúen poetas de diferente
idade e de moi distinta
orientación estética, unha
confluencia que ás veces
vai derivar en conflito. (...)
Desacordos estéticos mais
tamén diferenzas políticas
e ideolóxicas van acelerar a
saída do manifesto *Máis alá!*»**

Canto ao que podemos denominar neopopularismo(s), o plural obedece a que hai máis de unha liña de aproximación á poesía popular. Por unha parte, o chamado hilozoísmo ou imaxinismo, que estaría representado pola poesía de Luís Amado Carballo: poemas que a través de imaxes con trazos vangardistas antropomorfizan a paisaxe e retoman elementos da poesía popular (ritmo, metros, certos motivos). Por outra, formas de aproximación e de apropiación da poesía popular que prescinden da imaxe e que, en boa medida, están centradas en elementos de carácter formal. E, aínda, poderíamos incluír outras orientacións, sobre todo en autores e autoras de maior idade, que continúan a beber da Rosalía de *Cantares Gallegos*.

Estas aproximacións implican ás veces a reescritura de certos xéneros da poesía popular: o romance ou o alalá, por exemplo, van ser obxecto de atención de moitos poetas, tamén da nova xeración, entre eles Euxenio Montes ou Eduardo Blanco Amor.

Poetas nas Irmandades da Fala

Entre os afiliados ás Irmandades da Fala figura un moi relevante número de poetas. Membros da organización nunha ou noutra altura foron Manuel Lugo Freire, Eugenio Carré Aldao, Xulio Sigüenza, Xoán Vicente Viqueira, Eugenio Carré Alvarellos, Eladio Rodríguez González, Florencio Vaamonde Lores, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Antonio Noriega Varela, Roberto Blanco Torres, Eugenio Montes, Álvaro de las Casas, Augusto M.^a Casas, Ramón Cabanillas, Evaristo Correa Calderón, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio, Roberto Blanco Torres, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo, Fermín Bouza-Brey, etc.

Nesta relación figuran algúns dos poetas maiores da altura e, en xeral, da poesía galega do século xx, xunto con nomes de quen foron autores de escasa e ocasional obra poética –caso de Xoán Vicente Viqueira, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo–. Están moitos dos membros da Xeración de 25 (Roberto Blanco Torres, Manuel Antonio, Amado Carballo, Evaristo Correa Calderón, os irmáns Augusto María Casas e Álvaro de las Casas, Eugenio Montes) e nomes que para estes mozos actúan como un referente negativo –Manuel Lugo Freire, Eugenio Carré ou Eladio Rodríguez– por seren exemplo desa poesía ancorada no pasado que querían superar definitiva, total e radicalmente.

Nas Irmandades da Fala conflúen poetas de diferente idade e de moi distinta orientación estética, unha confluencia que ás veces vai derivar en conflito. Das discrepancias estéticas deixará testemuño, entre outros, Augusto M.^a Casas, con críticas demoledoras a *Ardencias* (1927) de Manuel Lugo Freire e *Oraciós campesiñas* (1927) de Eladio Rodríguez. Desacordos estéticos mais tamén diferenzas políticas e ideolóxicas van acelerar a saída do manifesto *Máis alá!*, asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro en xuño de 1922, que actuará como máis unha peza nas disputas internas da organización, como se pode comprobar na lectura da correspondencia do autor rianxeiro.

Poetas na Irmandade de Compostela: Victoriano Taibo e Fermín Bouza-Brey

Como mostra da poesía e dos poetas nas Irmandades da Fala de Compostela, propomos unha achega a dous autores de dúas xeracións diferentes: Victoriano Taibo, que foi o secretario da agrupación local,



Recibo de socio da Irmandade de Santiago. 1923

e Fermín Bouza-Brey, irmandiño e cofundador do Seminario de Estudos Galegos. A obra de Taibo convida a unha relectura que considere a súa achega á renovación da poesía galega. A de Bouza-Brey representa na altura dos anos 30 a opción considerada máis plenamente enxebre para a poesía galega.

Nos primeiros anos 20, Victoriano Taibo é unha das personalidades máis presentes na correspondencia do poeta novo por excelencia, Manuel Antonio. O poeta de Rianxo, en carta da primavera de 1921 (AXEITOS, 2015: 98), explica as razóns que o levaron a dirixirse a el:

Eu apreseime a escrivirlle por ser vostede unha d'as contadas persoas que n'a nosa literatura poética érguense por riba d'a vulgaridade e pensan en algo mais fino que versos in-espritoaes, groseiros e desprestixiosos [...] estou disposto a abusar de vostede tomando-o como o meu preceptor na fala.

Nas súas respostas a esas cartas primeiras, Taibo (AXEITOS 2015: 376) manifesta unhas inquietudes semellantes ás do mozo rianxeiro por formarse, por coñecer o novo, por definir unha nova poesía: «Eu quixera facer algo novo, ser dos novos en todo, sere dos que tu dis. Pero ja vai para moitos anos que fago versos e teño moitas parvadas: hainas do s. XVIII»³.

O diálogo epistolar vai servir ao autor de *De catro a catro* para elaborar por vez primeira algunhas ideas logo desenvolvidas no manifesto *Máis alá!* e no «Prólogo d'un libro de poemas que ninguén escribeu» (1924):

Conecendo o vello cansaremonos, aba[...] d'il; e logo virá unha reaución que será en todo difrente d'o seu xeito, e será nova. Ista reaución poderá seguir o camiño d'os ultraístas ou de outros calesquera, mais iso non importa. O que importa é que sexa *nosa* enteiramente; que escrevamos versos escoitándonos a nós tan soio, a nós que somos a Terra (ou á Terra que somos nós). Y en consiguenza o Anarquismo é a suprema *Ley* d'Estetica. Ser independente, é ser novo. S-alguén dí que nos asomellamos ós ultraístas, nós dicímoslle que son os ultraístas quen se asemellan a nós.

Como se pode comprobar nestas palabras do verán de 1921, a arela suprema de independencia e de lograr unha arte plenamente nova, mais fiel á Terra, presiden unhas preocupacións estéticas en que ecoa o pensamento de Vicente Risco.

Cando en 1922 Taibo publique *Abrente* –cunha capa fermosamente ilustrada por Cebreiro–, Manuel Antonio insistirá nunha valoración positiva que desbota a súa condición de poesía vella:

Que o *Abrente* me gostou moito non preciso decir-cho porque o supós; unicamente quero

«(...) a arela suprema de independencia e de lograr unha arte plenamente nova, mais fiel á Terra, presiden unhas preocupacións estéticas en que ecoa o pensamento de Vicente Risco.»

³ Carta de maio de 1921 en que responde á idea de Manuel Antonio de crear a Irmandade de Poetas Mozos.



Vitoriano Taibo, primeiro pola dereita, canda a súa compañeira Carme, o seu fillo Fuco e os cuñados. Ortigueira, 1930

engadir que me gostou mais d'o que agardaba. Ti tíñas-me dito na túa modestia (voltamos ó de denantes) que estaba moi influenciado por cousas vellas e vexo que non hai tal, endeben

O volume foi obxecto de recensión en 1923 no primeiro número da revista *Terra* de Bos Aires por Xaime Quintanilla, que destaca o «lirismo trascendente» do autor santiagués. As súas apreciacións lembran a lectura crítica que na Galiza se fai da poesía dos saudosistas portugueses, un dos exemplos que Vicente Risco sinalara na súa célebre carta a Manuel Antonio como posíbeis modelos a seguir. Taibo lera a Teixeira de Pascoaes –na correspondencia co autor de *De catro a catro* menciona *Os Poetas Lusíadas*– e dedicará un poema, «Noivados», ao poeta portugués.

«Rúa do misterio», un dos poemas de *Abrente* máis claramente inseridos na inspiración saudosista, estará dedicado a Manuel Antonio. No poemario está presente tamén un certo neopopularismo –que será moi importante no seu seguinte libro, *Da vella roseira* (1925)–, como mostran estes versos de «Ruada»:

Os mozos van de ruada
por un vieiro de sol;
mozos, levaime convosco
meu corazón.

Envellecín, son saudade,
serena recordazón,
e un desexo aluarado
meu corazón.

Uns trazos neopopularistas que, como vemos, se combinan coa temática saudosista. Poesía popular e saudade, a unión de dous elementos cos cales Taibo contribuía para a renovación do discurso poético desde unha perspectiva nacional. Dous trazos que, por certo, tamén van estar presentes na poesía de Manuel Antonio anterior a *De catro a catro*.

En 1935, a petición de Xosé Filgueira Valverde para a fanada *Antoloxía da poesía galega* que estaba a preparar, Bouza-Brey (1992: 22) definía as intencións da súa obra poética:

Na miña obra poética procurei recobrar a tradición perdida da lírica galega, xunguindo o lirismo dos Cancioneiros galego-portugueses co presente emanado do pobo galego, dentro das normas e do gusto da moderna poesía.

Vinte anos despois, na autopoética que precede os seus poemas na *Escolma* de Fernández del Riego (1955), insiste nas mesmas ideas: «Teño percurado recuperar as tradicións dos nosos clásicos, os cancioneros medievais i o pobo».

A recuperación da tradición fora levada a cabo por Bouza de diversa forma. En «Lelías ao teu



Esquerda: Luís Amado Carballo

Dereita: Fermín Bouza-Brey

ouvido» (1926), procedementos como o paralelismo e unha particular elaboración do dístico con refrán, que remiten ao cancionero de amigo, serán combinados con referencias a tradicións e ritos populares e cunha imaxinaria de estirpe vangardista. En poemas como «Tríadas no mar e na noite» (1927) hai pegadas do trobadorismo medieval, en concreto ecos da famosa cantiga «As frores do meu amigo» (B 817/V 401) de Pai Gomez Charinho, que van ser combinados con trazos do neopopularismo amadocarballiano⁴.

É certo que a poesía de Bouza-Brey foi lida case exclusivamente á luz do elemento neotrobadorista, unha lectura propiciada, entre outras razóns, pola colocación dunha cita de Meendinho abrindo *Nao senlleira*. Coa publicación deste poemario a poesía de Bouza-Brey converteuse en exemplo de poesía nacional, como pón de manifesto a anónima recensión de *Nós*:

[...] eixempramente galega, sen influxo alleo ningún, fundada na tradición medieval e nas fontes populares [...] Representa a tradición nacional e demostra coma con elementos non emprestados pódese criar unha lírica espréndida de côr e de plasticidade. Bouza Brey sintetiza perfectamente as tendencias mais nidias da maioría dos poetas galegos de hoxe, cuia obra caraterízase por un senso de cautela na audacia e unha profunda galeguidade no espírito.

⁴ Ambos os poemas foron incluídos en *Nao senlleira* e publicados previamente na primeira páxina da revista *Nós*. Como é sabido, a primeira páxina da práctica totalidade dos números de *Nós* reproducía un poema, proba da función simbólica que poetas e poesía continuaban a desempeñar.

Estas obras de Victoriano Taibo e de Fermín Bouza Brey son dúas mostras da poesía do tempo das Irmandades da Fala, unha poesía que vía na fidelidade á tradición a mellor forma de renovación. ●

Bibliografía

- AXEITOS, X. L. (ed.) (2015): *Manuel Antonio. Obra completa. Epistolario*. A Coruña: Fundación Barrié/Real Academia Galega.
- BOUZA-BREY, F. (1980): *Obra literaria completa*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.
- (1992): *Autopoética 1935*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1955): *Escolma da poesía galega. Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia.
- PORTEIRO GAREA, L. (1916): *Discurso do Dr. Porteiro ô fundarse a Hirmandá en Santiago*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica.
- QUINTANILLA, X. (1923): «Abrente». *Terra* núm. 1, páx. 10.
- RISCO, V. (1920): «O sentimento da Terra na raza galega». *Nós* núm. 1, páxs. 4-9.
- SANZ, R. (1916): «De un ilustre apóstol da redención de Galicia, verbe das nosas ideas». In VILLAR PONTE, A. *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. A Coruña: Tipografía Obrera.
- TAIBO, V. (1922): *Abrente*. Santiago de Compostela: El Eco de Santiago.
- VILAR PONTE, A. (1916): *Nacionalismo gallego, nuestra afirmación regional*. A Coruña: Tipografía Obrera.



Bautista Álvarez

OBRAS ESCOLLIDAS



Na memoria de
Bautista Álvarez

Volume I

- *Nota inicial*
 - ¿Política de esquerdas ou política sinistra?
 - Galiza, sempre ceibe e sempre popular
 - As chaves do honor
 - Mortos que non son nosos
 - Un nacionalismo vestido polo forro
 - Cando o nacionalismo baixa as calzas
 - Epístola moral a Daniel
 - O fillo pródigo
 - Moncho Reboiras, mártir e mestre
 - O nacionalismo cruzouse de brazos
 - A esquerda fíxose progre. R.I.P.
 - Erótica e política
 - A democracia contaminada
 - A descomposición do Estado
 - *Piove, porco mercado*
 - A España resucitada
 - Os vermellos seareiros da «Vermella»
 - Apertura a estribor
 - ¿De que Europa falan?
 - As patadas na porta pequena
 - Desperta do teu sono, Fogar de Breogán
 - Cus de mal asento
 - Autonomías á rapañota
 - Os tribunais españois bailan o baión
 - Reflexión despois da xornada
 - Xornadas de portas abertas
 - Censuras das censoras
 - Nacionalistas de granxa
 - Os dezaioito magníficos
 - A comedia do xuramento
 - As engrenaxes da nova democracia
 - ¿Anemia ou colesterol?
 - O ano empeza en primavera
 - Árdenos o eixe
 - A esquerda fala en esperanto
 - Nacionalistas de placa verde
 - Desde Brais Pinto á UPG
 - A revolución do mato
 - Os ovos do salmón
-

Volume II

- *Preliminar aclaratorio*
 - Discurso do Día das Letras Galegas de 1964 no Centro Galego de Madrid
 - Discurso do Día das Letras Galega de 1967 no Centro Galego de Madrid
 - Intervención ao remate da manifestación convocada polo BNG denunciando a manipulación política da traída dos restos de Castelao desde a Arxentina
 - Discurso de apertura da II Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego
 - Discurso do Día da Patria Galega de 1987
 - Informe de apertura do VI Congreso da Unión do Povo Galego
 - Discurso de apertura da IV Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego
 - Intervención no debate de política xeral do Parlamento de Galiza
 - Discurso de apertura do VII Congreso da Unión do Povo Galego
 - Discurso de apertura da VI Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego
 - Discurso do Día da Patria Galega de 1994
 - Discurso de apertura do VIII Congreso da Unión do Povo Galego
 - Discurso de apertura da VII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego
 - Discurso inaugural no IX Congreso da Unión do Povo Galego
 - Discurso de apertura da VIII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego
 - Discurso de clausura do X Congreso da Unión do Povo Galego
 - Discurso de apertura da IX Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego
 - Discurso de clausura do XI Congreso da Unión da Mocidade Galega
 - Discurso no acto conmemorativo dos 25 anos da Unión da Mocidade Galega
 - Discurso de clausura do XII Congreso da Unión da Mocidade Galega
 - Intervención no Día da Galiza Mártir
 - Discurso de clausura do XI Congreso da Unión do Povo Galego
 - Discurso de clausura do XIII Congreso da Unión da Mocidade Galega
 - Discurso de apertura do XII Congreso da Unión do Povo Galego
-

Volume III

- *Reflexións ao amencer*
- «Brais Pinto», Nova Colección de Poesía Galega
- Barbeito era un bo rapaz
- Carta circular ao Cardeal, Bispos e Cregos de Galiza
- Autodeterminación de Galiza
- O clero galego e o idioma na liturxia
- Discurso pronunciado no Centro Recreativo de Figueiró (Tomiño)
- A Igrexa galega fala aínda castelán
- Aproximación a Castelao
- Galiza non é España
- Autonomía, novo disface do imperialismo
- A soberanía galega contemplada desde as «Bases Constitucionais»
- Polémica artificial sobre o Estatuto
- Sentando as bases da nova fraude política
- O «nacionalismo» convertido en mercadoría electoral
- A ausencia na Galiza no debate parlamentario
- Intervención como Deputado do Bloque-PSG no Parlamento de Galiza co gallo da proposta de resolución de incumprimento dos deputados do Bloque-PSG de prestar promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galiza
- Unha sentenza amañada
- Intervención na Praza da Quintana o 25 de xullo de 1984
- Discurso de Bautista Álvarez no Día da Patria Galega de 1985
- Un partido comunista, motor e vangarda da loita patriótica
- Valoración do V Congreso da UPG
- Galiza de seu. Lei de Bases: propostas de hoxe para camiñar mañá
- O Parlamento. Institución fundamental da democracia
- Intervención nun acto político en Vigo co gallo da conmemoración do Día da Patria Galega
- Un ollo de vidro
- Garantir o futuro de Galiza
- Autonomía e autodeterminación
- O nacionalismo galego nos anos da transición
- Un acto de represión sobre o nacionalismo
- Intervención no acto de conmemoración do 40 Aniversario da UPG
- Conferencia no centro socio-cultural de Imo, Dodro
- Conferencia sobre a clandestinidade no franquismo
- Intervención no XXV Aniversario do BNG
- Intervención no enterro de Lois Obelleiro
- Intervención en Viveiro sobre o Día da Patria Galega
- A comedia do xuramento
- Un nacionalismo trilingüe
- Epílogo



Bautista Álvarez
Retrato de Xavier Pousa
Tinta/papel, anos 70
60 x 46 cm
Colección privada

A BAUTISTA ÁLVAREZ

Contra a maré, ofrendámoslle á mar grinaldas de romeu.
O sol da propaganda non cegou os nosos ollos,
pois había un home que, desde o negror,
fora proclamando a luz da estrela
para traer a esperanza da espiral desenredando o tempo,
o son musical do martelo a petar no noso sono.
Se a criación agromou das raíces do pasado
foi porque el abriu a rosa no ceu da gaivota
e co arrecendo das suas pétalas suavizou
o cheiro asfixiante da prisión.
Se a historia atempera os seres
coa auga máis pura das fontes e dos ríos
e co ferro que o tempo endureceu
nas entrañas profundas da montaña,
el é obra xenerosa do seu oficio secular,
e nós, procesión de vagalumes acendidos no seu facho.
Con orgullo cortamos hoxe gallas de loureiro
para esconxurar as tempestades
e ofrecémosllas a el para que as purifique.
Guerreiro na prata do amencer
suca a mar como un heroe destemido;
leva na fronte a estrela das victorias
e na man inviolábel o destino.

Lois Diéguez
Maio de 2004



Na memoria de
Bautista Álvarez

